# 4.4 servicios

Á hora de analiza-los servicios hai que partir da consideración de que se trata dun sector que engloba a un conxunto heteroxéneo de actividades, como son, seguindo o índice da memoria, o comercio, o turismo, as comunicacións, o transporte, os servicios a empresas, os servicios financeiros e os servicios da educación e sanidade.

Como punto de partida, atendendo á Contabilidade Trimestral de Galicia**, cadro 1.1.1.** *(VEB de Galicia e España 1999: taxas de variación)*, o sector servicios presenta en 1999 unha **taxa de crecemento** media anual do 3,9%, sendo o segundo sector máis dinámico por detrás da construcción. Observando a evolución trimestral, o sector servicios presenta unha tendencia crecente nos tres primeiros trimestres, acadando no terceiro unha taxa de crecemento do 4,2%, atenuándose o crecemento no cuarto trimestre, cando o crecemento foi do 3,8%.

En relación á **poboación ocupada** no sector servicios de Galicia e a súa distribución por ramas de actividade, o **cadro 4.0.3.** *(Poboación ocupada 1998-99: distribución por ramas de actividade)* amosa cómo a actividade que acolle a porcentaxe máis importante da mesma é o comercio por xunto e polo miúdo, que engloba ó 24,4% do total ocupado no sector servicios (120,8 miles de persoas en 1999), e a menor, as institucións financeiras e de seguros, que acollen ó 4,1% (20,5 miles de persoas).

No que ás taxas de crecemento da poboación acupada se refire, son os subsectores de "comercio por xunto e polo miúdo" e os servicios empresariais ("outros servicios") os que experimentan un maior crecemento (9,4 e 6,9 miles de persoas, respectivamente). Pola contra, os subsectores "hoteis, restaurantes e bares" e o de "educación" ven reducida a súa poboación ocupada en 2,6 miles de persoas cada un.

Atendendo ós **indicadores empresariais** facilitados por Ardán, o 22% das empresas

CADRO 4.4.0.1.

***Sector dos servicios 1998: actividades que comprende o grupo***

*(en millóns de pesetas)*

| | Empresas | Ingresos de explotación | V.E.B. c.f. | *Cash-flow* | Activo total | Emprego medio |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Turismo, viaxes e ocio** | 523 | 113.409,95 | 39.624,06 | 17.361,57 | 110.954,25 | 18 |
| **Transportes e servicios asociados** | 1.001 | 269.566,63 | 68.678,55 | 19.068,85 | 360.524,94 | 15 |
| **Servicios empresariais** | 484 | 102.920,05 | 44.378,44 | 6.814,32 | 121.668,61 | 33 |
| **Comunicacións** | 349 | 110.324,95 | 36.721,07 | 6.290,43 | 86.570,99 | 25 |
| **Servicios relacionados coa saúde** | 82 | 30.372,00 | 16.389,74 | 3.106,97 | 26.505,56 | 47 |
| **Total** | **2.439** | **626.593,58** | **205.791,85** | **52.642,13** | **706.224,35** | **22** |
| **Peso do grupo no conxunto de empresas galegas** | **21,96%** | **11,27%** | **19,15%** | **18,02%** | **17,70%** | |

Fonte: *Ardán*

CADRO 4.4.0.2.

***Sector dos servicios 1997-98: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB***

*(en millóns de pesetas)*

| Núcleos | 1997 | 1998 | 98/97 |
|---|---|---|---|
| **A Coruña** | 50.925,57 | 58.352,90 | 14,6 |
| **Vigo** | 39.688,13 | 44.020,79 | 10,9 |
| **Santiago** | 19.165,28 | 21.228,61 | 10,8 |
| **Lugo** | 8.386,06 | 9.517,10 | 13,5 |
| **Ourense** | 6.509,53 | 7.054,95 | 8,4 |
| **Pontevedra** | 5.384,48 | 6.274,82 | 16,5 |
| **Ferrol** | 4.695,96 | 5.384,04 | 14,7 |
| **Sada** | 2.919,92 | 3.891,51 | 33,3 |

Fonte: *Ardán*

seleccionadas, un total de 2.439, pertencen ó sector servicos. Estas empresas presentaron en 1998 uns ingresos de explotación de 626.593,6 millóns de pesetas e un VEB a custo de factores de 205.791,9 millóns de pesetas, o que significa que os seus pesos relativos na mostra de empresas utilizada para o estudio foi, respectivamente, de 11,3% e de 19,2%.

Desagregando o sector servicios nas diferentes actividades que comprende o grupo, o **cadro 4.4.0.1.** reflicte que as actividades máis importantes son as relacionadas co transporte e servicios asociados, que está composto por 1.001 empresas, cuns ingresos de explotación de 269.566,6 millóns de pesetas (o 43% dos ingresos totais das empresas de servicios seleccionadas) e un VEB de 68.678,6 millóns de pesetas (o 33,4% do VEB total). Séguenlle en importancia as actividades relacionadas co turismo e ocio, onde as 523 empresas consideradas representan o 18,1% e o 19,3% dos ingresos de explotación e do VEB, respectivamente.

Os principais **núcleos de localización** segundo o valor engadido xerado polas propias empresas, **cadro 4.4.0.2.**, foron A Coruña e Vigo, que xeraron un total de 102.373,7 millóns, o que significa o 49,7% do total xerado polo conxunto de empresas que compoñen a mostra do sector servicios en Galicia.

Respecto á **evolución da actividade:** ingresos, custos e resultados, o **cadro 4.4.0.3.** amosa unha mellora do resultado de actividades ordinarias (16,1% respecto ó ano anterior) e do

CADRO 4.4.0.3.

**_Evolución da actividade no sector dos servicios 1997-98: ingresos, custos e resultados_**

| | 1997 (en millóns de pesetas) | 1997 (%) | 1998 (en millóns de pesetas) | 1998 (%) | 98/97 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Ingresos de explotación** | 559.423,38 | 100,00 | 626.593,58 | 100,00 | 12,0 |
| **Consumo e outros gastos de explotación** | 378.233,49 | 67,61 | 420.801,73 | 67,16 | 11,3 |
| **Valor engadido bruto a custo dos factores** | 181.189,89 | 32,39 | 205.791,85 | 32,84 | 13,6 |
| **Gastos de persoal** | 127.600,98 | 22,81 | 143.708,98 | 22,93 | 12,6 |
| **Resultado económico bruto da explotación** | 53.588,91 | 9,58 | 62.082,87 | 9,91 | 15,9 |
| **Amortizacións** | 23.704,45 | 4,24 | 28.699,19 | 4,58 | 21,1 |
| **Resultado económico neto da explotación** | 29.884,46 | 5,34 | 33.383,69 | 5,33 | 11,7 |
| **Resultado financeiro** | - 9.410,96 | -1,68 | - 9.610,15 | -1,53 | -2,1 |
| Ingresos financeiros | 5.226,15 | 0,93 | 5.042,18 | 0,80 | -3,5 |
| Gastos financeiros | 14.637,12 | 2,62 | 14.652,32 | 2,34 | 0,1 |
| **Resultado de actividades ordinarias** | 20.473,50 | 3,66 | 23.773,54 | 3,79 | 16,1 |
| **Resultado de actividades extraordinarias** | 4.884,34 | 0,87 | 10.792,80 | 1,72 | 121,0 |
| **Resultado antes de impostos** | 25.357,84 | 4,53 | 34.566,34 | 5,52 | 36,3 |
| **Impostos** | 7.659,06 | 1,37 | 10.623,40 | 1,70 | 38,7 |
| **Resultado neto do exercicio** | 17.698,79 | 3,16 | 23.942,94 | 3,82 | 35,3 |
| ***Cash-flow*** | 41.403,23 | 7,40 | 52.642,13 | 8,40 | 27,1 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 4.4.0.4.

**_Evolución do investimento e do financiamento no sector dos servicios 1997-98_**

| | 1997 (en millóns de pesetas) | 1997 (%) | 1998 (en millóns de pesetas) | 1998 (%) | 98/97 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Activo total** | 585.825,39 | 100,00 | 706.224,35 | 100,00 | 20,6 |
| **Activo fixo (neto)** | 385.650,77 | 65,83 | 437.361,59 | 61,93 | 13,4 |
| Gastos amortizables | 5.645,88 | 0,96 | 5.781,47 | 0,82 | 2,4 |
| Inmobilizado inmaterial | 30.755,38 | 5,25 | 42.110,63 | 5,96 | 36,9 |
| Inmobilizado material | 301.483,19 | 51,46 | 335.013,20 | 47,44 | 11,1 |
| Outro inmobilizado | 45.695,81 | 7,80 | 53.169,67 | 7,53 | 16,4 |
| Outro activo fixo | 2.070,51 | 0,35 | 1.286,62 | 0,18 | -37,9 |
| **Circulante neto** | 200.174,62 | 34,17 | 268.862,76 | 38,07 | 34,3 |
| Existencias | 28.513,35 | 4,87 | 34.888,91 | 4,94 | 22,4 |
| Debedores | 115.416,92 | 19,70 | 166.689,05 | 23,60 | 44,4 |
| Tesourería | 29.495,22 | 5,03 | 36.951,65 | 5,23 | 25,3 |
| Outro activo circulante | 26.749,13 | 4,57 | 30.333,14 | 4,30 | 13,4 |
| **Fontes de financiamento** | 585.825,39 | 100,00 | 706.224,35 | 100,00 | 20,6 |
| **Financiamento permanente** | 408.689,82 | 69,76 | 479.274,85 | 67,86 | 17,3 |
| Fondos propios | 201.617,69 | 34,42 | 224.636,66 | 31,81 | 11,4 |
| Recursos alleos l/p | 194.588,48 | 33,22 | 241.379,76 | 34,18 | 24,0 |
| Ingresos distribuidos en varios exercicios | 12.483,66 | 2,13 | 13.258,43 | 1,88 | 6,2 |
| **Acreedores a curto plazo** | 177.135,57 | 30,24 | 226.949,51 | 32,14 | 28,1 |
| **Fondo de rotación** | 23.039,06 | 3,93 | 41.913,25 | 5,93 | 81,9 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 4.4.0.5.

***Sector dos servicios 1997-98: estudio económico-financeiro***

***Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación***

| | Crecemento dos ingresos | | V.E.B.c.f. / ingresos | | Gastos persoal / ingresos | | Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos | | Carga financeira / ingresos | | Cash-flow / ingresos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| **1998** | 8,03% | 11,41% | 34,83% | 23,65% | 22,96% | 15,89% | 4,03% | 3,34% | 0,84% | 0,96% | 5,20% | 3,24% |
| **1997** | 9,07% | 10,26% | 34,17% | 24,26% | 22,36% | 16,54% | 3,89% | 3,18% | 0,99% | 1,12% | 5,02% | 3,06% |

***Rendibilidade e magnitudes asociadas***

| | Rendibilidade económica | | Marxe | | Rotación de activos | | Rendibilidade financeira antes de impostos | | Coste neto da débeda | | Coeficente de endebedamento | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| **1998** | 8,26% | 6,80% | 4,31% | 3,55% | 1,87 | 1,89 | 18,61% | 16,90% | 2,84% | 2,74% | 1,84 | 2,46 |
| **1997** | 8,23% | 6,62% | 4,26% | 3,46% | 1,85 | 1,84 | 17,94% | 14,92% | 3,40% | 3,09% | 1,87 | 2,54 |

Fonte: *Ardán*

resultado neto do exercicio (35,3%). Prodúcese no ano 1998 un crecemento do resultado de actividades extraordinarias do 121%, situándose nos 10.792,8 millóns de pesetas. Reflicte, ademais, un crecemento dos ingresos de explotación (12%) e do VEB (13,6%), polo que o peso relativo do VEB medra desde o 32,39% de 1997 ata o 32,84% de 1998.

En relación ó **investimento** e ó **financiamento**, **cadro 4.4.0.4.**, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 15,6% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 41.913,3 millóns de pesetas, un 81,9% superior ó existente o ano anterior. O 84,4% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 67,9% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medran un 11,4% respecto ó ano anterior, supoñen o 31,8% do total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 24%, cun peso relativo do 34,2% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 706.224,4 millóns de pesetas, un 20,6% superior ó valor de 1997, dos que 437.361,6 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 13,4% superior ó existente o ano anterior). Os 268.862,8 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 34,3% en relación a 1997.

Finalmente, o **cadro 4.4.0.5.** reflicte o **estudio económico e financeiro**. Atendendo ós indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos, salienta-la reducción no ritmo de crecemento dos ingresos e da carga financeira e o aumento do peso relativo dos gastos de persoal. No que á rendibilidade e magnitudes asociadas se refire, no período 1997-98 aumenta a rendibilidade económica por mor da evolución positiva da marxe e da rotación de activos, o que implica, xunto coa reducción do custo da débeda, unha mellora da rendibilidade financeira antes de impostos.

## 4.4.1.- Comercio

No subapartado adicado ó comercio analizarase tanto a situación do comercio maiorista como do minorista, así como os principais datos dos expedientes cofinanciables polo Ministerio no caso galego.

• ***Comercio maiorista.-***

Atendendo ós datos do Directorio Central de Empresas (Dirce), os **cadros 4.4.1.1.** e **4.4.1.2.** amosan o número de locais e empresas adicados ó comercio ó por maior e intermediarios de comercio, excepto vehículos de motor e motocicletas (actividade 51 da CNAE-93). Estos cadros reflicten que catro comunidades (Cataluña, Andalucía, Madrid e C. Valenciana) agrupan o 59,2% e 58,5%, respectivamente, do total de locais e empresas maioristas do estado, mentres que Galicia acolle o 6,5% dos locais e empresas de España (un total de 13.713 locais e 12.251 empresas).

En relación ás **empresas** adicadas ó comercio maiorista, o **cadro 4.4.1.1.** reflicte que en 1999 había un total de 12.251 empresas neste subsector, 110 empresas menos que en 1998. No conxunto do estado, o número de empresas medrou un 0,7% ata chegar ás 187.390 empresas, polo que o peso relativo das empresas galegas no total estatal foi do 6,5%.

Desagregando a análise por subsectores, os devanditos cadros reflicten que son o comercio ó por maior de materias primas agrarias e de animais vivos, con 4.721 locais (34,4%) e 4.371 empresas (35,4%), os que constitúen o núcleo principal do comercio ó por maior. Séguelle ós intermediarios de comercio e o comercio ó por maior de productos non agrarios semielaborados, chatarra e productos de

CADRO 4.4.1.1.

*Empresas maioristas nas CC.AA. 1999: distribución por subsectores*

| | Total 1998 | Total 1999 | Intermediarios de comercio | Materias primas agrarias-alimentación | Productos de consumo non alimenticios | Productos non agrarios semielaborados | Maquinaria e equipamento | Outros |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Andalucía** | 25.232 | 25.229 | 6.738 | 8.719 | 3.494 | 2.776 | 2.086 | 1.416 |
| **Aragón** | 6.115 | 6.016 | 1.618 | 1.546 | 907 | 720 | 782 | 443 |
| **Asturias** | 4.489 | 3.438 | 1.091 | 935 | 516 | 445 | 341 | 110 |
| **Baleares** | 3.918 | 3.915 | 1.109 | 1.119 | 800 | 392 | 325 | 170 |
| **C. Valenciana** | 21.945 | 22.192 | 6.211 | 5.455 | 4.626 | 3.012 | 1.977 | 911 |
| **Canarias** | 7.137 | 7.271 | 1.521 | 2.667 | 1.668 | 474 | 629 | 312 |
| **Cantabria** | 1.992 | 1.962 | 578 | 645 | 246 | 246 | 135 | 112 |
| **Castela-A Mancha** | 6.521 | 6.605 | 1.419 | 2.344 | 787 | 950 | 553 | 552 |
| **Castela e León** | 9.701 | 9.671 | 2.066 | 3.557 | 1.056 | 1.281 | 829 | 882 |
| **Cataluña** | 38.838 | 39.475 | 12.220 | 6.853 | 9.157 | 4.433 | 4.987 | 1.825 |
| **Ceuta-Melilla** | 706 | 701 | 109 | 217 | 220 | 80 | 18 | 57 |
| **Estremadura** | 3.824 | 3.484 | 781 | 1.276 | 400 | 508 | 277 | 242 |
| **Galicia** | **12.361** | 12.251 | **2.382** | **4.371** | **1.658** | **2.140** | **1.143** | **557** |
| **Madrid** | 23.291 | 24.058 | 6.080 | 3.845 | 6.851 | 2.553 | 3.643 | 1.086 |
| **Murcia** | 5.651 | 5.799 | 1.554 | 2.128 | 708 | 637 | 501 | 271 |
| **Navarra** | 2.508 | 2.545 | 573 | 883 | 336 | 451 | 246 | 56 |
| **País Vasco** | 10.345 | 11.256 | 4.661 | 2.087 | 1.350 | 1.688 | 1.255 | 215 |
| **A Rioxa** | 1.546 | 1.522 | 495 | 484 | 201 | 168 | 114 | 60 |
| **Total** | 186.120 | 187.390 | 51.206 | 49.131 | 34.981 | 22.954 | 19.841 | 9.277 |

Fonte: *INE* , *Directorio Central de Empresas (DIRCE)*

CADRO 4.4.1.2.

*Locais maioristas nas CC.AA. 1999: distribución por subsectores*

| | Total 1999 | Intermediarios de comercio | Materias primas agrarias-alimentación | Productos de consumo non alimenticios | Productos non agrarios semielaborados | Maquinaria e equipamento | Outros |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Andalucía** | 28.785 | 7.039 | 9.731 | 4.220 | 3.222 | 2.684 | 1.889 |
| **Aragón** | 6.875 | 1.693 | 1.700 | 1.068 | 865 | 935 | 614 |
| **Asturias** | 4.128 | 1.221 | 1.044 | 662 | 569 | 479 | 153 |
| **Baleares** | 4.484 | 1.144 | 1.284 | 963 | 470 | 393 | 230 |
| **C. Valenciana** | 24.528 | 6.339 | 5.955 | 5.218 | 3.401 | 2.389 | 1.226 |
| **Canarias** | 8.917 | 1.588 | 3.209 | 2.138 | 631 | 851 | 500 |
| **Cantabria** | 2.236 | 605 | 718 | 299 | 303 | 165 | 146 |
| **Castela-A Mancha** | 7.560 | 1.471 | 2.604 | 890 | 1.170 | 693 | 732 |
| **Castela e León** | 11.141 | 2.170 | 3.869 | 1.294 | 1.530 | 1.066 | 1.212 |
| **Cataluña** | 43.871 | 12.599 | 7.525 | 10.469 | 5.113 | 5.776 | 2.389 |
| **Ceuta-Melilla** | 897 | 124 | 266 | 288 | 108 | 26 | 85 |
| **Estremadura** | 3.993 | 829 | 1.400 | 474 | 588 | 360 | 342 |
| **Galicia** | 13.713 | **2.478** | **4.721** | **1.912** | **2.436** | **1.411** | **755** |
| **Madrid** | 26.427 | 6.269 | 4.108 | 7.704 | 2.854 | 4.179 | 1.313 |
| **Murcia** | 6.432 | 1.632 | 2.288 | 826 | 735 | 590 | 361 |
| **Navarra** | 2.928 | 629 | 1.015 | 402 | 524 | 286 | 72 |
| **País Vasco** | 12.566 | 4.822 | 2.352 | 1.594 | 2.050 | 1.516 | 232 |
| **A Rioxa** | 1.735 | 516 | 540 | 244 | 194 | 144 | 97 |
| **Total** | 211.216 | 53.168 | 54.329 | 40.665 | 26.763 | 23.943 | 12.348 |

Fonte: *INE* , *Directorio Central de Empresas (DIRCE)*

CADRO 4.4.1.3.

*Macromagnitudes do comercio minorista 1999 en Galicia e España*

| | | Galicia | España |
|---|---|---|---|
| **Nº de establecementos** | | 40.595 | 620.057 |
| **Salas de venda** | | | |
| totais | $m^2$ | 4.203.883 | 56.301.949 |
| media | $m^2$/ establec. | 103,6 | 90,8 |
| **Persoas ocupadas** | | | |
| total | | 97.165 | 1.662.484 |
| media | persoas/establec. | 2,4 | 2,7 |
| **Facturación** | | | |
| total | millóns de pesetas | 1.201.355 | 20.071.591 |
| media | ptas/establec. | 29.593.669 | 32.370.558 |
| **Marxe comercial** | | | |
| bruto | % | 36,8 | 37,6 |
| neto | % | 15,1 | 17,8 |
| **Ratios importantes** | | | |
| establec../1000 habs. | | 14,9 | 15,6 |
| superficie/hab. | $m^2$/hab. | 1,5 | 1,4 |
| facturación/sup. | | 285,8 | 356,5 |
| facturación/ocupados | | 12,4 | 12,1 |

Fonte: *Dirección General de Comercio Interior, Estructura del comercio minorista en España*

desfeito con 2.478 (18,1%) e 2.436 (17,8%) locais, respectivamente, e 2.382 (19,3%) e 2.140 (17,3%) empresas, respectivamente.

• ***Comercio minorista.-***

O **cadro 4.4.1.3.** recolle as principais macromagnitudes do subsector comercio para o ano 1999. O censo de comercios polo miúdo está formado por un total de 40.595 establecementos, cunha superficie total de venda de 4,2 millóns de metros cadrados (103,6 metros cadrados de media por establecemento). O número de ocupados ascende a 97.165 persoas, é dicir, 2,4 empregados por establecemento. A facturación total dos comercios minoristas ascendeu a 1.201.355 millóns de pesetas (29,6 millóns de pesetas por establecemento), sendo a súa marxe comercial bruta do 36,8%.

O número de comercios minoristas para o ano 1999 estimouse en 40.595 (é dicir, o 6,5% dos establecementos minoristas de España), **cadro 4.4.1.4.**, o que significa que en Galicia existen 14,9 establecementos minoristas por cada 1.000 habitantes, fronte ós 15,6 establecementos no conxunto do estado. Como se pode apreciar, ó igual que acontece no caso do comercio maiorista, catro comunidades acollen máis da metade (o 57,3%) do censo de establecementos. Trátase das comunidades autónomas de Cataluña (17,9%), Andalucía (17,0%), a C. Valenciana (11,5%) e Madrid (10,9%).

Atendendo á distribución dos diferentes grupos de actividade en Galicia, o **cadro 4.4.1.5.** reflicte que a actividade minorista segue concentrando boa parte dos seus efectivos en torno á alimentación, que acolle o 26,3% dos establecementos de alimentación, bebidas e tabaco (os de alimentación propiamente dita representan o 24%). No conxunto do estado, estas porcentaxes ascenden ata os 30,5% e 28,0%, respectivamente.

O comercio minorista galego presenta unha **superficie total de venda** de 4,2 millóns de metros cadrados, sendo a quinta comunidade con maior superficie de venda tralas comunidades catalana, andaluza, valenciana e madrileña, co 7,5%. A superficie media de venda ascendeu a 103,6 metros cadrados por establecemento, que é superior á existente en

CADRO 4.4.1.4.

*Establecementos comerciais minoristas nas CC.AA. 1999*

| | Establecementos | | | Superficie total | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | número | % | Ratio de dotación comercial (1) | superficie absoluta (en m2) | % | m2/hab. | Superficie media de venda (en m2) |
| **Andalucía** | 105.263 | 17,0 | 14,5 | 9.468.227 | 16,8 | 1,31 | 89,9 |
| **Aragón** | 19.901 | 3,2 | 16,8 | 2.040.934 | 3,6 | 1,72 | 102,6 |
| **Asturias** | 15.360 | 2,5 | 14,2 | 1.559.566 | 2,8 | 1,44 | 101,5 |
| **Baleares** | 15.120 | 2,4 | 19,0 | 1.452.912 | 2,6 | 1,82 | 96,1 |
| **C. Valenciana** | 71.117 | 11,5 | 17,7 | 6.411.597 | 11,4 | 1,59 | 90,2 |
| **Canarias** | 21.901 | 3,5 | 13,4 | 2.314.489 | 4,1 | 1,42 | 105,7 |
| **Cantabria** | 7.738 | 1,2 | 14,7 | 607.912 | 1,1 | 1,15 | 78,6 |
| **Castela- A Mancha** | 26.859 | 4,3 | 15,7 | 1.718.431 | 3,1 | 1,00 | 64,0 |
| **Castela e León** | 37.723 | 6,1 | 15,2 | 3.191.650 | 5,7 | 1,28 | 84,6 |
| **Cataluña** | 111.007 | 17,9 | 18,1 | 9.568.297 | 17,0 | 1,56 | 86,2 |
| **Ceuta e Melilla** | 3.005 | 0,5 | 22,7 | 227.944 | 0,4 | 1,72 | 75,9 |
| **Estremadura** | 16.060 | 2,6 | 15,0 | 1.679.999 | 3,0 | 1,57 | 104,6 |
| **Galicia** | **40.595** | **6,5** | **14,9** | **4.203.883** | **7,5** | **1,54** | **103,6** |
| **Madrid** | 67.676 | 10,9 | 13,3 | 7.110.506 | 12,6 | 1,40 | 105,1 |
| **Murcia** | 15.905 | 2,6 | 14,3 | 1.399.183 | 2,5 | 1,25 | 88,0 |
| **Navarra** | 9.286 | 1,5 | 17,5 | 603.695 | 1,1 | 1,14 | 65,0 |
| **País Vasco** | 30.820 | 5,0 | 14,7 | 2.349.348 | 4,2 | 1,12 | 76,2 |
| **Rioxa** | 4.721 | 0,8 | 17,9 | 393.376 | 0,7 | 1,49 | 83,3 |
| **Total** | 620.057 | 100,0 | 15,6 | 56.301.949 | 100,0 | 1,41 | 90,8 |

(1)establecementos/1.000habitantes

Fonte: *Dirección General de Comercio Interior, Estructura del comercio minorista en España*

CADRO 4.4.1.5.

*Establecementos de comercio minorista nas CC.AA 1999: distribución segundo actividade*

| | Actividade | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Alimentación, bebidas e tabaco | Farmacia e droguería | Equipamento persoal | Equipamento do fogar | Vehiculos, accesorios e carburantes | Outros especializados | Mixto ou integrado | Total |
| **Andalucía** | 32.382 | 7.157 | 16.563 | 14.887 | 6.832 | 14.765 | 12.677 | 105.263 |
| **Aragón** | 6.405 | 1.387 | 2.724 | 2.536 | 1.618 | 2.818 | 2.413 | 19.901 |
| **Asturias** | 4.121 | 1.102 | 2.780 | 2.123 | 834 | 2.623 | 1.777 | 15.360 |
| **Baleares** | 2.812 | 1.170 | 3.253 | 2.996 | 1.034 | 2.646 | 1.209 | 15.120 |
| **Canarias** | 3.723 | 816 | 4.609 | 4.232 | 1.366 | 3.880 | 3.275 | 21.901 |
| **Cantabria** | 2.338 | 508 | 1.199 | 1.072 | 431 | 1.295 | 895 | 7.738 |
| **Castela- A Mancha** | 7.571 | 1.899 | 3.275 | 4.163 | 2.441 | 3.348 | 4.162 | 26.859 |
| **Castela e León** | 11.219 | 2.662 | 5.044 | 4.962 | 3.223 | 5.234 | 5.379 | 37.723 |
| **Cataluña** | 38.887 | 8.380 | 23.062 | 13.981 | 3.618 | 15.718 | 7.361 | 111.007 |
| **C. Valenciana** | 25.529 | 3.717 | 13.411 | 10.801 | 2.660 | 11.126 | 3.873 | 71.117 |
| **Estremadura** | 4.529 | 1.112 | 1.922 | 1.913 | 1.223 | 1.902 | 3.459 | 16.060 |
| **Galicia** | **10.673** | **2.863** | **7.377** | **5.783** | **3.094** | **6.862** | **3.943** | **40.595** |
| **Madrid** | 18.796 | 5.501 | 11.113 | 10.763 | 4.458 | 13.263 | 3.782 | 67.676 |
| **Murcia** | 4.394 | 1.194 | 2.662 | 2.336 | 1.179 | 2.580 | 1.560 | 15.905 |
| **Navarra** | 3.126 | 670 | 1.374 | 1.144 | 800 | 1.759 | 413 | 9.286 |
| **País Vasco** | 9.896 | 2.068 | 7.167 | 4.075 | 1.091 | 4.796 | 1.727 | 30.820 |
| **Rioxa** | 1.386 | 278 | 953 | 684 | 206 | 790 | 424 | 4.721 |
| **Ceuta e Melilla** | 1.119 | 236 | 485 | 320 | 183 | 291 | 371 | 3.005 |
| **Total** | 188.906 | 42.720 | 108.973 | 88.771 | 36.291 | 95.696 | 58.700 | 620.057 |

Fonte: *Dirección General de Comercio Interior, Estructura del comercio minorista en España*

España (90,8 metros cadrados), tal e como se recolle no **cadro 4.4.1.4.**. Comparada coas outras comunidades, Galicia é a cuarta comunidade con maior superficie media por establecemento minorista.

Atendendo ós distintos grupos de actividade, en Galicia a actividade de "vehículos, accesorios e carburantes" é a que conta cunha maior superficie comercial, con 970.638 metros cadros (o 23,1% da superficie total), seguida do comercio mixto ou integrado, con 806.522 metros cadrados (o 19,2% do total). No conxunto do estado, as actividades que contan cun maior número de metros cadrados son o comercio mixto ou integrado e as de equipamento do fogar, que acollen o 25,9% e 21,4% da superficie total, respectivamente.

En relación ó ratio da dotación de superficie de venda por habitante en Galicia, o promedio é de 1,5 metros cadrados por habitante, fronte ós 1,4 metros cadrados por habitante de España. Comparado coas outras comunidades, Galicia sería a sétima con maior promedio.

A poboación ocupada nas actividades comerciais minoristas desenvolvidas en establecemento e con sistema de venda directa ó público mediante presentación real de mercancías ascendeu en Galicia a 97.165 persoas, que representa o 10,3% da poboación ocupada facilitada pola EPA. En España, esta porcentaxe acada o 12%.

Atendendo á súa desagregación por actividades, tanto en Galicia como no conxunto do estado, o comercio mixto ou integrado acada unha porcentaxe alta respecto ó total de persoas ocupadas (23,2% e 25,7%, respectivamente), seguido do agregado alimentación, bebidas e tabaco, co 20,8% e o 22,0%, respectivamente.

A partir dos datos obtidos do IAE, o **cadro 4.4.1.7.** recolle o número e a tipoloxía das actividades comerciais que compoñen o sector minorista. A diferencia existente entre estos datos e os recollidos no **cadro 4.4.1.6.** explícase polas duplicidades que responden ós casos en que se declara máis dunha actividade.

Segundo os datos do IAE, o número de actividades comerciais minoristas medrou un 2,4% respecto ó ano anterior para situarse en 1999 nas 54.581 actividades comerciais. Desagregando estas actividades por provincias, obsérvase cómo a provincia de A Coruña acolle un maior número de actividades, con 22.726 (o 41,6% do total de actividades de Galicia), seguida de Pontevedra, con 17.188 actividades (31,5%).

A cifra de **facturación total** estimada para o conxunto do comercio minorista en Galicia en 1999 ascendeu a 1,2 billóns de pesetas (o 6% do total español), o que arroxa un promedio global de 29,6 millóns de pesetas por establecemento e 12,4 millóns por persoa ocupada (32,4 millóns por establecemento e 12,1 millóns por ocupado en España). Atendendo á facturación estimada por grupo de actividade, en Galicia, ó igual que no conxunto do estado, as actividades do comercio mixto ou integrado representan a maior porcentaxe da facturación total, co 40,7% e o 42,5%, respectivamente. O grupo de actividade de vehículos, accesorios e carburantes acada o 16,7%, fronte ós 10,7% en España, en tanto que o grupo de actividades relacionadas coa alimentación acada o 14,4% e o 15,7%, respectivamente **(cadro 4.4.1.8.)**.

Dentro do comercio minorista, o **comercio mixto ou integrado**, por mor da súa importancia (supón en torno ó 9,7% dos establecementos e aporta máis do 40% da facturación total do sector) merece unha análise máis detallada. O **cadro 4.4.1.9.** reflicte a situación da súa oferta comercial, que está composta por 3.943 establecementos (o 6,7% do total dos

CADRO 4.4.1.6.

*Superficie de venda do comercio minorista nas CC.AA 1999.: distribución segundo actividade*

*(en metros ²)*

| | Actividade | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Alimentación, bebidas e tabaco | Farmacia e droguería | Equipamento persoal | Equipamento do fogar | Vehiculos, accesorios e carburantes | Outros especializados | Mixto ou integrado | Total |
| **Andalucía** | 927.209 | 405.345 | 1.009.508 | 2.584.257 | 819.097 | 694.654 | 3.028.157 | **9.468.227** |
| **Aragón** | 183.412 | 64.199 | 138.661 | 515.643 | 430.213 | 166.578 | 542.228 | **2.040.934** |
| **Asturias** | 156.349 | 59.132 | 211.902 | 358.984 | 159.793 | 141.968 | 471.438 | **1.559.566** |
| **Baleares** | 98.703 | 58.629 | 152.512 | 243.216 | 357.440 | 110.865 | 431.547 | **1.452.912** |
| **Canarias** | 203.564 | 46.216 | 322.719 | 751.666 | 238.863 | 207.928 | 543.533 | **2.314.489** |
| **Cantabria** | 72.768 | 26.408 | 89.386 | 80.924 | 49.421 | 74.639 | 214.366 | **607.912** |
| **Castela- A Mancha** | 194.422 | 94.698 | 175.609 | 280.082 | 178.169 | 136.498 | 658.953 | **1.718.431** |
| **Castela e León** | 413.704 | 134.435 | 229.688 | 650.945 | 487.269 | 230.974 | 1.044.635 | **3.191.650** |
| **Cataluña** | 2.041.517 | 537.460 | 1.705.715 | 1.905.778 | 467.265 | 933.352 | 1.977.210 | **9.568.297** |
| **C. Valenciana** | 918.618 | 240.377 | 851.105 | 2.145.691 | 446.338 | 569.756 | 1.239.712 | **6.411.597** |
| **Estremadura** | 312.449 | 46.074 | 83.378 | 383.914 | 208.702 | 72.126 | 573.356 | **1.679.999** |
| **Galicia** | **383.674** | **129.763** | **728.560** | **491.604** | **970.638** | **693.092** | **806.552** | **4.203.883** |
| **Madrid** | 563.824 | 215.301 | 1.172.802 | 922.456 | 1.147.471 | 1.294.975 | 1.793.677 | **7.110.506** |
| **Murcia** | 116.950 | 48.084 | 112.945 | 201.898 | 422.259 | 98.315 | 398.732 | **1.399.183** |
| **Navarra** | 115.308 | 36.675 | 57.135 | 104.511 | 84.689 | 92.408 | 112.969 | **603.695** |
| **País Vasco** | 332.857 | 94.529 | 367.439 | 318.476 | 292.079 | 352.462 | 591.506 | **2.349.348** |
| **Rioxa** | 45.976 | 13.047 | 47.898 | 77.148 | 18.154 | 60.008 | 131.145 | **393.376** |
| **Ceuta e Melilla** | 44.314 | 9.160 | 24.203 | 20.636 | 76.539 | 12.818 | 40.274 | **227.944** |
| **Total** | 7.125.618 | 2.259.532 | 7.481.165 | 12.037.829 | 6.854.399 | 5.943.416 | 14.599.990 | **56.301.949** |

Fonte: *Dirección General de Comercio Interior, Estructura del comercio minorista en España*

CADRO 4.4.1.7.

**Equipamento comercial minorista nas CC.AA. 1999: distribución segundo grupos de actividade**

| | Alimentación | | Actividades comerciais non alimentación | | | | | Grandes almacéns | Hiper-mercados | Almacenes populares | Comercio ambulante e mercadillos | Outros | Total grandes superficies e outros | Total gr. sup. e out./ 1000 habs | Total actividades comerciais | Total activ. comerciais/ 1000 habs |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | total/1000 habs. | Vestido e calzado | Fogar | Resto | Total | total/1000 habs. | | | | | | | | | |
| Andalucía | 51.422 | 7,13 | 19.052 | 18.294 | 35.817 | 73.162 | 10,14 | 19 | 67 | 360 | 3.432 | 7.845 | 11.723 | 1,62 | 136.307 | 18,89 |
| Aragón | 11.456 | 9,65 | 3.244 | 2.855 | 7.031 | 13.130 | 11,06 | 12 | 14 | 125 | 336 | 1.999 | 2.486 | 2,09 | 27.072 | 22,80 |
| Asturias | 8.600 | 7,90 | 3.243 | 2.446 | 5.471 | 11.160 | 10,25 | 2 | 6 | 307 | 588 | 1.473 | 2.376 | 2,18 | 22.135 | 20,34 |
| Baleares | 5.845 | 7,69 | 3.686 | 3.255 | 5.854 | 12.795 | 16,83 | 3 | 15 | 23 | 580 | 663 | 1.284 | 1,69 | 19.924 | 26,20 |
| Canarias | 10.835 | 6,74 | 5.554 | 5.474 | 10.267 | 21.295 | 13,26 | 4 | 19 | 22 | 2.471 | 3.166 | 5.682 | 3,54 | 37.812 | 23,54 |
| Cantabria | 5.344 | 10,13 | 1.492 | 1.340 | 2.918 | 5.750 | 10,90 | 4 | 6 | 57 | 394 | 670 | 1.131 | 2,14 | 12.225 | 23,18 |
| Castela e León | 21.649 | 8,63 | 6.249 | 5.981 | 14.008 | 26.238 | 10,46 | 6 | 16 | 116 | 1.078 | 4.154 | 5.370 | 2,14 | 53.257 | 21,23 |
| Castela - A Mancha | 14.339 | 8,37 | 4.177 | 5.238 | 10.001 | 19.416 | 11,34 | 3 | 7 | 119 | 852 | 3.310 | 4.291 | 2,51 | 38.046 | 22,22 |
| Cataluña | 57.070 | 9,37 | 21.663 | 17.370 | 40.675 | 79.708 | 13,09 | 18 | 61 | 352 | 3.006 | 4.940 | 8.377 | 1,38 | 145.155 | 23,83 |
| C. Valenciana | 35.748 | 8,92 | 11.630 | 10.820 | 24.856 | 47.306 | 11,80 | 12 | 48 | 146 | 2.865 | 3.756 | 6.827 | 1,70 | 89.881 | 22,42 |
| Estremadura | 9.790 | 9,15 | 2.619 | 2.549 | 5.629 | 10.796 | 10,09 | 2 | 7 | 58 | 582 | 2.896 | 3.545 | 3,31 | 24.132 | 22,55 |
| **Galicia** | **18.626** | **6,79** | **8.561** | **6.813** | **15.521** | **30.895** | **11,26** | **3** | **19** | **87** | **2.472** | **2.479** | **5.060** | **1,84** | **54.581** | **19,90** |
| A Coruña | **7.725** | **6,96** | **3.703** | **2.845** | **6.678** | **13.226** | **11,91** | **1** | **9** | **27** | **976** | **762** | **1.775** | **1,60** | **22.726** | **20,47** |
| Lugo | **2.355** | **6,36** | **1.255** | **1.055** | **2.294** | **4.604** | **12,43** | **-** | **1** | **6** | **214** | **534** | **755** | **2,04** | **7.714** | **20,83** |
| Ourense | **2.479** | **7,15** | **1.115** | **827** | **1.836** | **3.778** | **10,89** | **-** | **2** | **18** | **268** | **408** | **696** | **2,01** | **6.953** | **20,04** |
| Pontevedra | **6.067** | **6,63** | **2.488** | **2.086** | **4.713** | **9.287** | **10,15** | **2** | **7** | **36** | **1.014** | **775** | **1.834** | **2,00** | **17.188** | **18,78** |
| Madrid | 28.313 | 5,64 | 12.864 | 12.158 | 26.446 | 51.468 | 10,25 | 14 | 50 | 223 | 2.153 | 2.417 | 4.857 | 0,97 | 84.638 | 16,85 |
| Murcia | 8.106 | 7,39 | 2.944 | 2.626 | 6.326 | 11.896 | 10,84 | 4 | 9 | 27 | 755 | 1.073 | 1.868 | 1,70 | 21.870 | 19,93 |
| Navarra | 6.515 | 12,52 | 1.852 | 1.437 | 4.091 | 7.380 | 14,18 | 2 | 4 | 45 | 876 | 874 | 1.801 | 3,46 | 15.696 | 30,15 |
| País Vasco | 17.414 | 8,30 | 7.250 | 5.673 | 11.649 | 24.572 | 11,71 | 8 | 22 | 112 | 1.961 | 595 | 2.698 | 1,29 | 44.684 | 21,30 |
| Rioxa | 2.631 | 9,93 | 988 | 833 | 1.599 | 3.420 | 12,91 | 1 | 3 | 12 | 51 | 337 | 404 | 1,52 | 6.455 | 24,36 |
| Ceuta | 646 | 9,39 | 323 | 219 | 379 | 921 | 13,39 | - | - | 6 | 9 | 162 | 177 | 2,57 | 1.744 | 25,35 |
| Melilla | 703 | 11,80 | 295 | 202 | 431 | 928 | 15,58 | 1 | 1 | 1 | 40 | 163 | 206 | 3,46 | 1.837 | 30,83 |
| Total | 315.052 | 7,95 | 117.686 | 105.581 | 228.969 | 452.236 | 11,40 | 118 | 374 | 2.198 | 24.501 | 42.972 | 70.163 | 1,77 | 837.451 | 21,12 |

Fonte: *La Caixa*, *Anuario Comercial de España*

CADRO 4.4.1.8.

***Facturación do comercio minorista nas CC.AA 1999.: distribución segundo actividade***

*(en millóns de pesetas)*

| | Actividade | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Alimentación, bebidas e tabaco | Farmacia e droguería | Equipamento persoal | Equipamento do fogar | Vehiculos, accesorios e carburantes | Outros especializados | Mixto ou integrado | Total |
| Andalucía | 532.195 | 178.250 | 203.876 | 432.492 | 316.549 | 216.505 | 1.705.085 | **3.584.952** |
| Aragón | 101.437 | 32.957 | 32.646 | 59.606 | 95.312 | 48.769 | 337.600 | **708.327** |
| Asturias | 101.066 | 31.985 | 41.835 | 64.495 | 48.388 | 40.159 | 265.906 | **593.834** |
| Baleares | 52.284 | 30.629 | 38.410 | 63.355 | 72.380 | 42.607 | 335.072 | **634.737** |
| Canarias | 70.211 | 24.220 | 65.575 | 148.915 | 51.299 | 61.256 | 301.765 | **723.241** |
| Cantabria | 33.444 | 12.413 | 15.087 | 56.109 | 18.255 | 20.835 | 163.956 | **320.099** |
| Castela- A Mancha | 84.528 | 40.755 | 43.552 | 74.129 | 73.755 | 48.085 | 357.153 | **721.957** |
| Castela e León | 157.324 | 56.841 | 53.959 | 147.116 | 147.186 | 73.384 | 622.653 | **1.258.463** |
| Cataluña | 711.038 | 217.015 | 367.994 | 307.873 | 173.100 | 263.588 | 1.323.405 | **3.364.013** |
| C. Valenciana | 486.357 | 95.994 | 147.002 | 403.981 | 139.695 | 167.010 | 743.430 | **2.183.469** |
| Estremadura | 50.904 | 22.220 | 21.122 | 36.359 | 30.949 | 26.088 | 286.547 | **474.189** |
| **Galicia** | **172.603** | **64.191** | **77.590** | **102.507** | **200.429** | **95.307** | **488.728** | **1.201.355** |
| Madrid | 303.734 | 121.101 | 161.624 | 253.921 | 586.129 | 226.410 | 806.377 | **2.459.296** |
| Murcia | 84.177 | 23.822 | 33.406 | 54.674 | 86.042 | 41.947 | 229.094 | **553.162** |
| Navarra | 33.083 | 16.670 | 16.805 | 16.210 | 33.289 | 27.418 | 93.790 | **237.265** |
| País Vasco | 149.506 | 36.166 | 78.584 | 68.612 | 62.321 | 78.866 | 392.087 | **866.142** |
| Rioxa | 20.104 | 7.683 | 10.580 | 17.556 | 6.260 | 14.098 | 49.876 | **126.157** |
| Ceuta e Melilla | 10.941 | 3.400 | 6.405 | 6.857 | 5.551 | 4.431 | 23.348 | **60.933** |
| **Total** | 3.154.936 | 1.016.312 | 1.416.052 | 2.314.767 | 2.146.889 | 1.496.763 | 8.525.872 | **20.071.591** |

Fonte: *Dirección General de Comercio Interior, Estructura del comercio minorista en España*

CADRO 4.4.1.9.

***Comercio mixto ou integrado en Galicia e España 1999: establecementos e superficie***

| | Galicia | | España | | G/E | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Establecementos | Superficie *(m² totais)* | Establecementos | Superficie *(m² totais)* | Establecementos *(%)* | Superficie |
| Autoservicios e superservicios | 1.439 | 159.980 | 19.589 | 2.252.959 | 7,3 | 7,1 |
| Supermercados | 323 | 213.180 | 3.972 | 3.194.442 | 8,1 | 6,7 |
| Hipermercados | 16 | 100.598 | 361 | 2.479.769 | 4,4 | 4,1 |
| Grandes almacens | 3 | 111.831 | 102 | 2.062.374 | 2,9 | 5,4 |
| Almacens populares | 47 | 28.823 | 1.521 | 1.594.436 | 3,1 | 1,8 |
| Resto mixto | 2.115 | 192.140 | 33.155 | 3.016.010 | 6,4 | 6,4 |
| **Total** | 3.943 | 806.552 | 58.700 | 14.599.990 | 6,7 | 5,5 |

Fonte: *Dirección General de Comercio Interior, Estructura del comercio minorista en España*

establecementos estatais) e unha superficie de 806.552 metros cadrados (o 5,5%).

Atendendo á tipoloxía dos diferentes establecementos, o **cadro 4.4.1.9.** reflicte que Galicia contaba en 1999 con 1.439 autoservicios e superservicios (o 7,3% dos existentes en España) cunha superficie total de 159.980 metros cadrados. A superficie media destes establecementos ascendeu a 111,2 metros cadrados, mentres que en España era de 115 metros cadrados.

O número de supermercados en 1999 foi de 323, que presentan unha superficie total de 213.180 metros cadrados. Comparado co total estatal, Galicia representa o 8,1% dos establecementos e acolle o 6,7% da superficie de venda. Con estes datos, a superficie media dos supermercados en Galicia é de 660 metros cadrados, mentres acada ós 804,2 metros cadrados para o conxunto de España en 1999.

As grandes superficies (hipermercados, grandes almacéns e almacéns populares) en

CADRO 4.4.1.10.

*Transferencias de comercio interior a Galicia 1999: distribución segundo programas*

| Programas | Importe investido | Obxectivo 1 | Subvención Ministerio |
|---|---|---|---|
| Cooperación Empresarial | 42.338.561 | 10.359.312 | 4.143.725 |
| Federación Galega de Empresarios Detallistas de Alimentación | 12.300.000 | 2.460.000 | 984.000 |
| Federacion Galega de Fabricantes de pan | 24.690.560 | 4.938.112 | 1.975.245 |
| Asociación de Comerciantes e Fabricantes de Mobles de A Estrada | 5.348.001 | 2.961.200 | 1.184.480 |
| Ordenación do Territorio | 402.517.220 | 271.781.420 | 81.534.429 |
| A Coruña | 183.314.332 | 119.564.462 | 35.869.341 |
| Lugo | 74.834.975 | 51.715.102 | 15.514.530 |
| Ourense | 27.795.548 | 19.456.774 | 5.837.032 |
| Pontevedra | 116.572.365 | 81.045.082 | 24.313.526 |

Fonte: *Ministerio de Economía y Hacienda*

Galicia son 66, cunha superficie total de 241.252 metros cadrados. Comparada co total estatal, Galicia acolle o 3,3% do total de establecementos e o 3,9% da superficie total adicada a este tipo de locais.

O número de hipermercados en 1999 foi de 16 (o 4,4% do total estatal), cunha superficie de venda conxunta de 100.598 metros cadrados, o que nos indica unha superficie media de 6.287,4 metros cadrados. Comparado co total estatal, Galicia presenta unha superficie media de venda inferior á española, que foi de 6.869,2 metros cadrados.

Finalmente, o número de grandes almacéns e almacéns populares ascendeu a 3 e 47 establecementos, respectivamente, sendo a súa superficie total de 111.831 e 28.823 metros cadrados. O peso relativo deste tipo de establecementos no total estatal foi do 2,9% e o 3,1%, respectivamente, e a súa superficie representa o 5,4% e o 1,8%, respectivamente, do total estatal.

• ***Expedientes cofinanciables.-***

O **cadro 4.4.1.10**. reflicte os principais datos dos expedientes cofinanciables polo ministerio para o caso da comunidade galega. Este cadro amosa que no caso do programa de cooperación empresarial, o importe total do investimento ascendeu a 42.338.561 pesetas, das que 4.143.725 corresponden á subvención do ministerio e 10.359.312 pesetas por ser rexión "obxectivo 1".

No caso do programa de ordenación do territorio, o importe do investimento ascendeu a 402.517.220 pesetas, das que 81.534.429 pesetas corresponden á subvención do ministerio e 271.781.420 por ser rexión obxectivo 1. Atendendo á súa desagregación provincial, a provincia de A Coruña foi quen recibiu unha maior contía de investimentos (uns 183 millóns de pesetas), en tanto que a provincia de Ourense foi a que menos (case 28 millóns de pesetas).

## 4.4.2.- Turismo e ocio

Turismo e ocio conforman un subsector heteroxéneo que englobaría, entre outras actividades, as axencias de viaxes; restaurantes, bares e cafeterías; hoteis e hospedaxe; actividades cinematográficas; actividades artísticas e de espectáculos; máquinas tragaperras e recreativas; ou servicios persoais.

O estudio do subsector está dividido en

CADRO 4.4.2.1.

*Oferta turística 1998-99*

| | 1998 | | | 1999 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | número | habitacións | prazas | número | habitacións | prazas |
| **Hoteis** | 415 | 17.166 | 30.920 | 455 | 18.407 | 33.306 |
| **Hostais** | 616 | 9.958 | 16.897 | 614 | 9.821 | 16.692 |
| **Pensións, fondas e casas de hóspedes** | 1.066 | 7.871 | 12.708 | 1.064 | 7.832 | 12.674 |
| **Campings** | 108 | | 32.310 | 109 | | 33.004 |
| **Apartamentos** | 31 | 385 | 1.635 | 33 | 402 | 1.669 |
| **Establecementos de turismo rural** | 220 | | 2.281 | 240 | | 2.556 |
| **Paradores** | 9 | 626 | 1.210 | 9 | 512 | 966 |
| **Balnearios** | 13 | 640 | 1.199 | 13 | 687 | 1.276 |
| | número | | prazas | número | | prazas |
| **Restaurantes** | 4.676 | | 279.072 | 4.743 | | 295.759 |
| **Cafeterías** | 1.374 | | 90.972 | 1.408 | | 92.815 |

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da *Dirección Xeral de Turismo*

tres apartados, adicados á análise dos indicadores da oferta turística, da demanda e dos indicadores empresariais. Para a descrición das principais características destas actividades empréganse os datos presentados polo IGE, o INE, a Dirección Xeral de Turismo, os Presupostos Xerais da Xunta e Ardán.

Como punto de partida da análise deste subsector, o **cadro 4.4.2.1.** recolle un resumo da situación da oferta turística de Galicia e reflicte un aumento no número de establecementos hoteleiros, campings, apartamentos e establecementos de turismo rural, así como un incremento no número de habitacións e prazas nos devanditos establecementos e mailos paradores e balnearios. Asemade, aumenta o número de prazas de restaurantes e cafeterías.

Dende o punto de vista da demanda, o turismo galego, por mor do efecto do Xacobeo, experimentou un importante crecemento no número de visitantes. Dos 2.886.534 viaxeiros chegados ós establecementos hoteleiros galegos no último ano (1.034.485 persoas máis que en 1998), o 86,1% son residentes en España, en tanto que o 13,9% restante proceden do estranxeiro.

Este forte incremento da demanda apréciase tamén no aumento do número de viaxeiros nos establecementos de turismo rural (un 46,5% máis) e nos paradores (33,2% máis) no último ano.

Ademais constátase un aumento da concentración do turismo nas provincias de A Coruña e Pontevedra. Estas provincias acollen ó 81,4% do total de viaxeiros chegados ós establecementos hoteleiros en 1999, fronte ó 79,6% do ano anterior.

Finalmente, unha característica salientable deste subsector é o importante **grao de estacionalidade**: o grao de ocupación hoteleira no mes de agosto é do 66,8%, mentres que o mes de xaneiro rexistra unha ocupación do 19,0%. Para o conxunto de España, o grao de ocupación en agosto chega ó 78,0% en tanto que no mes de xaneiro acada o 42,1%.

**• *Indicadores da oferta.-***

O número de **hoteis** e **hostais** que funcionaron en Galicia en 1999 foi de 455 e 614, respectivamente. Entre ámboslo tipos de establecementos ofertaban un total de 49.998 prazas, un 4,6% máis que en 1998. Os hoteis dispuñan dunha media de 73,2 prazas por establecemento, en tanto que nos hostais o establecemento

CADRO 4.4.2.2.

*Hoteis, hostais, pensións e fondas 1999: número e habitacións e prazas ofertadas*

| | Total | | | A Coruña | | | Lugo | | | Ourense | | | Pontevedra | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Núm. | Habitac. | Prazas | Núm. | Habitac. | Prazas | Núm. | Habitac. | Prazas | Núm. | Habitac. | Prazas | Núm. | Habitac. | Prazas |
| **Hoteis** | **455** | **18.407** | **33.306** | 91 | 5.394 | 9.600 | 67 | 1.897 | 3.537 | 40 | 1.229 | 2.118 | 257 | 9.887 | 18.051 |
| 5 estrelas | **3** | **415** | **789** | 2 | 217 | 412 | - | - | - | - | - | - | 1 | 198 | 377 |
| 4 estrelas | **33** | **3.507** | **6.681** | 11 | 1.552 | 2.950 | 3 | 263 | 523 | 3 | 274 | 491 | 16 | 1.418 | 2.717 |
| 3 estrelas | **89** | **4.800** | **8.901** | 23 | 1.652 | 3.131 | 11 | 422 | 799 | 6 | 202 | 289 | 49 | 2.524 | 4.682 |
| 2 estrelas | **127** | **4.469** | **7.785** | 24 | 972 | 1.643 | 13 | 380 | 671 | 7 | 140 | 233 | 83 | 2.977 | 5.238 |
| 1 estrela | **203** | **5.216** | **9.150** | 31 | 1.001 | 1.464 | 40 | 832 | 1.544 | 24 | 613 | 1.105 | 108 | 2.770 | 5.037 |
| **Hostais** | **614** | **9.821** | **16.692** | 245 | 4.133 | 7.000 | 87 | 1.369 | 2.295 | 79 | 1.219 | 2.117 | 203 | 3.100 | 5.280 |
| 3 estrelas | **5** | **162** | **243** | 3 | 141 | 206 | - | - | - | - | - | - | 2 | 21 | 37 |
| 2 estrelas | **193** | **3.491** | **6.022** | 97 | 1.882 | 3.275 | 23 | 366 | 602 | 15 | 261 | 465 | 58 | 982 | 1.680 |
| 1 estrela | **416** | **6.168** | **10.427** | 145 | 2.110 | 3.519 | 64 | 1.003 | 1.693 | 64 | 958 | 1.652 | 143 | 2.097 | 3.563 |
| **Pensións, fondas e casas de hóspedes** | **1.064** | **7.832** | **12.674** | 400 | 3.068 | 4.631 | 205 | 1.453 | 2.378 | 87 | 646 | 1.157 | 372 | 2.665 | 4.508 |
| Pensións | **42** | **299** | **545** | 19 | 126 | 260 | 19 | 147 | 242 | 1 | 6 | 12 | 3 | 20 | 31 |
| Fondas e casas de hóspedes | **1.022** | **7.533** | **12.129** | 381 | 2.942 | 4.371 | 186 | 1.306 | 2.136 | 86 | 640 | 1.145 | 369 | 2.645 | 4.477 |
| **Total** | **2.133** | **36.060** | **62.672** | 736 | 12.595 | 21.231 | 359 | 4.719 | 8.210 | 206 | 3.094 | 5.392 | 832 | 15.652 | 27.839 |

Fonte: *Dirección Xeral de Turismo*

CADRO 4.4.2.3.

*Campings e apartamentos 1999: número e prazas e habitacións ofertadas*

| | | Campings | | | | | Apartamentos | | | | | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Luxo | Primeira | Segunda | Terceira | Total | 4 chaves | 3 chaves | 2 chaves | 1 chave | Total | |
| **A Coruña** | **Número** | - | 8 | 12 | 27 | 47 | - | 1 | 2 | 7 | 10 | 57 |
| | **Prazas** | - | 4.004 | 4.591 | 4.097 | 12.692 | - | 64 | 104 | 239 | 407 | 13.099 |
| | **Habitacións** | | | | | | - | 16 | 42 | 76 | 134 | 134 |
| **Lugo** | **Número** | - | - | 6 | 5 | 11 | - | - | 2 | 2 | 4 | 15 |
| | **Prazas** | - | - | 1.739 | 1.132 | 2.871 | - | - | 150 | 71 | 221 | 3.092 |
| | **Habitacións** | | | | | | - | - | 42 | 21 | 63 | 63 |
| **Ourense** | **Número** | - | 2 | 2 | 3 | 7 | - | 1 | 2 | - | 3 | 10 |
| | **Prazas** | - | 538 | 231 | 689 | 1.458 | - | 118 | 149 | - | 267 | 1.725 |
| | **Habitacións** | | | | | | - | 31 | 17 | - | 48 | 48 |
| **Pontevedra** | **Número** | - | 14 | 23 | 7 | 44 | - | 2 | 6 | 8 | 16 | 60 |
| | **Prazas** | - | 9.099 | 5.012 | 1.872 | 15.983 | - | 146 | 199 | 429 | 774 | 16.757 |
| | **Habitacións** | | | | | | - | 42 | 40 | 75 | 157 | 157 |
| **Total** | **Número** | **-** | **24** | **43** | **42** | **109** | **-** | **4** | **12** | **17** | **33** | **142** |
| | **Prazas** | **-** | **13.641** | **11.573** | **7.790** | **33.004** | **-** | **328** | **602** | **739** | **1.669** | **34.673** |
| | **Habitacións** | | | | | | **-** | **89** | **141** | **172** | **402** | **402** |

Fonte: *Dirección Xeral de Turismo*

CADRO 4.4.2.4.

**_Restaurantes e cafeterías 1999: número e prazas_**

| | Total | | A Coruña | | Lugo | | Ourense | | Pontevedra | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Número | Prazas | Número | Prazas | Número | Prazas | Número | Prazas | Número | Prazas |
| **Restaurantes** | **4.743** | **295.759** | 1.722 | 121.235 | 732 | 40.132 | 431 | 33.702 | 1.858 | 100.690 |
| **5 garfos** | **1** | **200** | 1 | 200 | - | - | - | - | - | - |
| **4 garfos** | **1** | **66** | 1 | 66 | - | - | - | - | - | - |
| **3 garfos** | **9** | **1.602** | 5 | 1.318 | - | - | - | - | 4 | 284 |
| **2 garfos** | **866** | **78.985** | 392 | 36.171 | 140 | 10.691 | 82 | 11.619 | 252 | 20.504 |
| **1 garfo** | **3.866** | **214.906** | 1.323 | 83.480 | 592 | 29.441 | 349 | 22.083 | 1.602 | 79.902 |
| **Cafeterías** | **1.408** | **92.815** | 525 | 35.229 | 222 | 15.536 | 91 | 5.248 | 570 | 36.802 |
| **3 cuncas** | **6** | **966** | 3 | 676 | - | - | - | - | 3 | 290 |
| **2 cuncas** | **30** | **3.201** | 5 | 417 | 2 | 184 | 2 | 124 | 21 | 2.476 |
| **1 cuncas** | **1.372** | **88.648** | 517 | 34.136 | 220 | 15.352 | 89 | 5.124 | 546 | 34.036 |
| **Total** | **6.151** | **388.574** | 2.247 | 156.464 | 954 | 55.668 | 522 | 38.950 | 2.428 | 137.492 |

Fonte: *Dirección Xeral de Turismo*

CADRO 4.4.2.5.

***Establecementos de turismo rural 1998-99: prazas ofertadas***

| | 1998 | 1999 | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Total | Pazos | Casas grandes | Casas de aldea | Casas de labranza |
| **A Coruña** | 574 | 642 | 155 | - | 339 | 148 |
| **Lugo** | 666 | 758 | 105 | 10 | 487 | 156 |
| **Ourense** | 316 | 374 | 136 | 16 | 222 | - |
| **Pontevedra** | 725 | 782 | 85 | 29 | 597 | 71 |
| **Total** | **2.281** | **2.556** | **481** | **55** | **1.645** | **375** |

Fonte: *Dirección Xeral de Turismo*

medio ascendeu a 27,2 prazas. Desagregando o estudio por categorías, Galicia centra a súa oferta nas categorías baixas dos hoteis, de tal xeito que o 72,5% dos hoteis en Galicia son de dúas ou unha estrela, e o 67,8% dos hostais son dunha estrela.

Por provincias, Pontevedra oferta o 54,2% do total das prazas hoteleiras e ten o 56,5% dos hoteis de Galicia. No que ós hostais se refire, en A Coruña están o 39,9% dos establecementos deste tipo, mentres Pontevedra acolle o 33,1% dos mesmos. Finalmente, o **cadro 4.4.2.2.** reflicte que en A Coruña están o 37,6% das **pensións, fondas** e **casas de hospedaxe**, concentrándose o 72,6% das mesmas nas provincias de A Coruña e Pontevedra.

O **cadro 4.4.2.3.** amosa que entre os 109 **campings** que existen en Galicia predominan os de segunda e terceira categoría, que só hai 24 de primeira categoría e que non hai ningún camping catalogado como de luxo.

No caso dos campings tamén se aprecia a característica da concentración do turismo galego nas provincias de Pontevedra e A Coruña: estas dúas provincias acollen ó 83,5% dos campings galegos.

Como no caso dos campings, en Galicia non existe oferta de apartamentos de máxima categoría. No devandito **cadro 4.4.2.3.** amósase que 29 dos 33 establecementos adicados a **apartamentos** están encadrados na categoría dunha ou dúas chaves. Pontevedra é a provincia que máis apartamentos oferta, non só no total (16) senón tamén en relación ás diferentes categorías.

En canto á situación dos restaurantes e cafeterías, **cadro 4.4.2.4.**, dos 4.743 restaurantes que funcionan en Galicia, 3.866, é dicir, o 81,5% dos mesmos, son dun só garfo e só existe un de 5 garfos e un de catro, ámbolos dous na provincia de A Coruña. Pola súa banda, das 1.408 cafeterías abertas en Galicia, só un 0,4% son de máxima categoría.

Outras ofertas de turismo e ocio de Galicia son a estación de esquí de Manzaneda, as 2.109 prazas de atraque en portos deportivos, os 6 parques naturais e un riquísimo patrimonio histórico cultural que axudan a defini-la oferta turística galega.

Xunto a esta oferta turística analizada, en Galicia destaca tamén o papel que ten a oferta do turismo rural, o turismo nos distintos balnearios ou nos paradores.

As prazas ofertadas polos establecementos de **turismo rural** galegos neste ano foron 2.556, o que significa un 12,1% máis que en 1998. A provincia de Pontevedra é a que acolle un maior número de prazas (782), seguida de Lugo (758). O maior crecemento corresponde á

CADRO 4.4.2.6.

**Balnearios 1998-99: número e habitacións e prazas ofertadas**

| | 1998 | | | 1999 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | número | habitacións | prazas | número | habitacións | prazas |
| **A Coruña** | 1 | 29 | 41 | 2 | 89 | 155 |
| **Lugo** | 2 | 72 | 141 | 2 | 72 | 140 |
| **Ourense** | 2 | 54 | 100 | 2 | 79 | 145 |
| **Pontevedra** | 7 | 447 | 836 | 7 | 447 | 836 |
| **Total** | **12** | **602** | **1.118** | **13** | **687** | **1.276** |

Fonte: *Dirección Xeral de Turismo*

CADRO 4.4.2.7.

**Paradores 1998-99: número e habitacións e prazas ofertadas**

| | 1998 | | | 1999 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | número | habitacións | prazas | número | habitacións | prazas |
| **A Coruña** | 2 | 174 | 324 | 2 | 174 | 324 |
| **Lugo** | 2 | 53 | 103 | 2 | 53 | 103 |
| **Ourense** | 1 | 23 | 45 | 1 | 23 | 45 |
| **Pontevedra** | 4 | 388 | 738 | 4 | 262 | 494 |
| **Total** | **9** | **638** | **1.210** | **9** | **512** | **966** |

Fonte: *Dirección Xeral de Turismo*

CADRO 4.4.2.8.

**Investimentos de Turgalicia 1998-99**

*(en pesetas)*

| | 1998 | 1999 |
|---|---|---|
| **Gastos de establecemento** | 97.566 | 472.305 |
| **Inmovilizado inmaterial** | 21.184.968 | 755.859.972 |
| Estudios e traballos técnicos | 5.397.722 | 26.148.114 |
| Patentes e marcas | 2.211.673 | 179.652 |
| Aplicacións informáticas | 13.575.573 | 44.853.206 |
| Donación de inmovilizado | | 684.679.000 |
| **Inmovilizado material** | 61.425.253 | 33.009.771 |
| Construccións | 1.002.240 | |
| Utillaxe e fotolitos | 47.560 | |
| Instalacións eléctricas | 772.292 | 1.835.668 |
| Instalacións para tratamento de fluidos | 2.598.468 | 957.497 |
| Instalacións para telecomunicacións | 753.906 | - |
| Instalacións de seguridade | 20.880 | - |
| Outras instalacións | 4.978.319 | 4.379.884 |
| Enseres e equipos de oficina | 15.111.140 | 15.893.320 |
| Mobles | 11.346.177 | 2.561.070 |
| Equipo informático | 22.796.271 | 1.807.332 |
| Elementos de transporte externo | 1.998.000 | 5.575.000 |
| **Promoción** | 595.818.979 | 741.964.189 |
| Edicións | 180.527.483 | 160.760.122 |
| Campañas publicitarias | 158.858.879 | 221.591.105 |
| Convenios e patrocinios | 9.891.000 | 6.383.660 |
| Feiras | 116.459.941 | 142.164.098 |
| Congresos | 2.275.451 | 24.323.063 |
| Xornadas e presentacións | 104.653.632 | 153.948.836 |
| Viaxes de familiarización | 15.963.665 | 12.550.895 |
| Colaboracións | 1.839.980 | 7.250.900 |
| Axudas para formación | 3.066.431 | 6.144.780 |
| Outras accións de promoción | 2.282.517 | 6.846.730 |
| **Total** | 678.526.756 | 1.531.306.237 |

Fonte: *Turgalicia*

CADRO 4.4.2.9.

*Viaxeiros, pernoctacións e estadía media en establecementos hoteleiros 1998-99*

**1998**

| | Viaxeiros | | | Pernoctacións | | | Estadía media |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Totais | Residentes en España | Residentes no estranxeiro | Totais | Residentes en España | Residentes no estranxeiro | |
| **A Coruña** | 774.514 | 635.785 | 138.729 | 1.578.343 | 1.315.852 | 262.491 | 2,04 |
| **Lugo** | 241.120 | 225.224 | 15.896 | 387.444 | 367.787 | 19.657 | 1,61 |
| **Ourense** | 135.778 | 130.551 | 5.227 | 217.977 | 210.089 | 7.888 | 1,61 |
| **Pontevedra** | 700.637 | 610.648 | 89.989 | 1.946.052 | 1.761.279 | 184.773 | 2,78 |
| **Total** | **1.852.049** | **1.602.208** | **249.841** | **4.129.816** | **3.655.007** | **474.809** | **2,23** |
| **98/97** (%) | **8,43** | **7,63** | **13,87** | **8,53** | **7,47** | **17,40** | |
| **España** | 45.843.132 | 25.642.448 | 20.200.684 | 178.208.411 | 66.470.637 | 111.737.774 | 3,89 |
| **98/97** (%) | 10,21 | 9,83 | 10,69 | 6,88 | 8,44 | 5,98 | |
| **G/E** (%) | **4,04** | **6,25** | **1,24** | **2,32** | **5,50** | **0,42** | |

**1999** (1)

| | Viaxeiros | | | Pernoctacións | | | Estadía media |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Totais | Residentes en España | Residentes no estranxeiro | Totais | Residentes en España | Residentes no estranxeiro | |
| **A Coruña** | 1.364.177 | 1.142.126 | 222.051 | 3.189.094 | 2.734.498 | 454.596 | 2,34 |
| **Lugo** | 365.552 | 330.657 | 34.895 | 558.482 | 512.265 | 46.217 | 1,53 |
| **Ourense** | 170.273 | 157.775 | 12.498 | 294.624 | 276.074 | 18.550 | 1,73 |
| **Pontevedra** | 986.532 | 854.467 | 132.065 | 2.589.745 | 2.322.054 | 267.691 | 2,63 |
| **Total** | **2.886.534** | **2.485.025** | **401.509** | **6.631.945** | **5.844.891** | **787.054** | **2,30** |
| **99/98** (%) | 55,86 | 55,10 | 60,71 | 60,59 | 59,91 | 65,76 | |
| **España** | 58.324.268 | 31.685.283 | 26.638.983 | 229.435.796 | 81.138.031 | 148.297.764 | 3,93 |
| **99/98** (%) | 27,23 | 23,57 | 31,87 | 28,75 | 22,07 | 32,72 | |
| **G/E** (%) | **4,95** | **7,84** | **1,51** | **2,89** | **7,20** | **0,53** | |

(1) datos provisionais
Fonte: *IGE, Encuesta de Ocupación Hotelera*

CADRO 4.4.2.10.

*Graos de ocupación e estadía media en establecementos hoteleiros 1998-99*

| | Grao de ocupación | | | | | | Estadía media | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Galicia | | | España | | | Galicia | España |
| | Total | Valor máximo | Valor mínimo | Total | Valor máximo | Valor mínimo | | |
| **1998** | **37,9** | **73,6** | **20,1** | 61,1 | 85,0 | 44,9 | **2,2** | 3,9 |
| **1999** | **42,2** | **66,8** | **19,0** | 58,3 | 78,0 | 42,1 | **1,8** | 3,9 |

Fonte: *IGE, INE*

provincia de Ourense, cun 18,4% respecto ó ano anterior. Os datos sobre esta modalidade turística están recollidos no **cadro 4.4.2.5.**.

En relación ó denominado **turismo termal**, en Galicia funcionan 13 balnearios que ofertan 687 habitacións e 1.276 prazas. Destaca a provincia de Pontevedra, con sete balnearios e 836 prazas e 447 habitacións, o que supón o 65,5% das prazas totais e o 65,1% do número total de habitacións **(cadro 4.4.2.6.)**.

No concernente ós **paradores**, **cadro 4.4.2.7.**, en Galicia existen 9 destes establecementos que ofertan un total de 512 habitacións e 966 prazas. Desagregando a análise por provincias, Pontevedra é a provincia onde máis paradores se atopan, ofertando o 51,1% das prazas dos paradores galegos.

Cómpre, para completa-la análise da oferta, facer referencia ó sistema de promoción do turismo, que leva a cabo **Turgalicia**. O presuposto de Turgalicia para 1999 foi de 1.531,3 millóns de pesetas, fronte ós 678,5 millóns do ano anterior. A execución do mesmo está recollida no **cadro 4.4.2.8.**, destacando as partidas adicadas ás campañas de promoción e outras accións publicitarias de promoción; edición; xornadas e presentacións ou ás ferias.

***• Indicadores da demanda.-***

A celebración do Xacobeo significou un impulso importante do sector turístico galego que veu cómo aumentaba de manera importante o número de turistas chegados a Galicia. No ano 1999, tomando como referencia o número de persoas que pararon nos establecementos hoteleiros, **cadro 4.4.2.9.**, chegaron a Galicia 2.886.534 turistas, un 55,9% máis que o ano anterior, sendo este crecemento o dobre do acontecido para o conxunto do estado (27,2% respecto ó ano anterior). Dentro deste crecemento global, salienta-lo crecemento da chegada de turistas estranxeiros, que aumentou un 60,7% respecto a 1998.

Os datos do INE reflicten a concentración dos turistas nas provincias de A Coruña e Pontevedra, que acollen o 47,3% e o 34,2%, respectivamente, dos viaxeiros chegados en 1999 fronte ó 41,8% e o 37,8%, do ano anterior. A provincia de A Coruña é a que experimenta un maior crecemento, cun 76,1% máis de viaxeiros que no anterior. En canto á estadía media nos hoteis galegos, situouse nos 2,30 días, lixeiramente superior ó ano anterior, cando fora de 2,23 días de media. No conxunto do estado, a estadía media foi de 3,93 días (superior á rexistrada o ano anterior, que acadou os 3,89 días).

O grao de ocupación hoteleira en Galicia aumentou en 1999 en 4,3 puntos porcentuais respecto a 1998, ata chegar ó 42,2%. Malia este aumento, a taxa de ocupación media en Galicia está moi lonxe da que se rexistra en España, que é de 58,3% (aínda que descendeu en 2,8 puntos).

O turismo en Galicia, ó igual que en España, caracterízase por unha forte **estacionalidade**. O grao de ocupación máximo deuse no mes de agosto, cun 66,8%, e o mínimo en xaneiro, cun 19,0%. A diferencia entre un e outro descendeu en 1999 respecto a 1998, cando o grao de ocupación en agosto foi de 73,6% e no mes de xaneiro foi de 20,1%, tal e como recolle o **cadro 4.4.2.10.**.

Existe unha forte diferencia entre os niveis de ocupación hoteleira en Galicia e en España. Vese no devandito **cadro 4.4.2.10.** cómo o grao de ocupación en Galicia no mes de xaneiro foi do 19,0%, fronte ó 42,1% en España.

O grao de ocupación do mes de agosto foi de 66,8% na comunidade galega, fronte ó 78,0% da media estatal. Xunto a estas diferen-

CADRO 4.4.2.11.

*Viaxeiros e pernoctacións en establecementos de turismo rural 1998-99*

| | 1998 | | 1999 | | 99/98 (%) | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Viaxeiros | Pernoct. | Viaxeiros | Pernoct. | Viaxeiros | Pernoct. |
| **A Coruña** | 22.979 | 45.108 | 34.145 | 69.244 | 48,6 | 53,5 |
| **Lugo** | 18.224 | 36.403 | 27.681 | 47.936 | 51,9 | 31,7 |
| **Ourense** | 8.701 | 17.264 | 12.976 | 24.142 | 49,1 | 39,8 |
| **Pontevedra** | 13.043 | 32.691 | 17.674 | 43.343 | 35,5 | 32,6 |
| **Total** | **62.947** | **131.466** | **92.476** | **184.665** | **46,9** | **40,5** |

Fonte: *IGE*

CADRO 4.4.2.12.

*Grao de ocupación e estadía media en establecementos de turismo rural 1998-99*

*(media anual)*

| | 1998 | | 1999 | | 99/98 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | GO | EM | GO | EM | GO | EM |
| **A Coruña** | 24,8 | 2,0 | 32,0 | 2,0 | 29,3 | 2,0 |
| **Lugo** | 15,5 | 2,0 | 18,5 | 1,7 | 19,5 | -15,0 |
| **Ourense** | 18,8 | 2,0 | 21,7 | 1,9 | 15,3 | -4,0 |
| **Pontevedra** | 14,5 | 2,5 | 15,9 | 2,5 | 9,7 | -0,4 |
| **Total** | 17,9 | 2,1 | 21,5 | 2,0 | 20,2 | -4,3 |

Fonte: *IGE*

CADRO 4.4.2.13.

*Grao de ocupación e viaxeiros pernoctados nos paradores 1998-99*

| | Grao de ocupación | | Viaxeiros pernoctados | |
|---|---|---|---|---|
| | 1998 | 1999 | 1998 | 1999 |
| **Baiona** | 61,55 | 63,67 | 16.104 | 26.652 |
| **Cambados** | 46,55 | 62,98 | 10.093 | 13.730 |
| **Ferrol** | 64,25 | 69,50 | 7.574 | 8.894 |
| **Pontevedra** | 56,96 | 70,94 | 9.181 | 11.484 |
| **Ribadeo** | 54,73 | 64,72 | 11.835 | 14.372 |
| **Santiago** | 77,96 | 88,40 | 31.566 | 41.602 |
| **Tui** | 54,38 | 69,96 | 7.352 | 9.550 |
| **Verín** | 55,05 | 67,32 | 5.792 | 7.390 |
| **Vilalba** | 56,77 | 24,17 | 882 | 34 |

Fonte: *Paradores de Turismo de España*

cias importantes, a diverxencia entre os meses de maior e menor ocupación é maior en Galicia que en España.

En canto á demanda do **turismo rural**, en 1999 produciuse un forte crecemento do número de viaxeiros, tal e como amosa o **cadro 4.4.2.11.**. O número de viaxeiros medrou un 46,9% respecto a 1998, pasando de 62.947 nese ano a 92.476 viaxeiros en 1999. O número de pernoctacións en 1999 foi de 184.665, cun crecemento do 40,5% sobre o ano anterior.

O grao de ocupación nos establecementos de turismo rural medrou en 1999, pasando desde o 17,9% ata o 21,5%. Este crecemento prodúcese en tódalas provincias, **cadro 4.4.2.12.**, salientando o crecemento de A Coruña, que foi do 29,3%, nove puntos superior ó crecemento galego (20,2%). A estadía media

CADRO 4.4.2.14.

**Complexo turismo-ocio 1998: actividades que comprende o grupo**

*(en millóns de pesetas)*

| | Empresas | Ingresos de explotación | V.E.B. c.f. | *Cash-flow* | Activo total | Emprego medio |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Axencias de viaxes** | 49 | 13.206,26 | 1.179,23 | 188,01 | 3.250,44 | 6 |
| **Distrib. de art. para deporte, recreo e pasatempo** | 40 | 17.750,81 | 1.819,59 | 368,71 | 10.962,24 | 13 |
| **Restaurantes, bares e cafeterías** | 160 | 17.767,09 | 6.250,34 | 1.070,26 | 10.011,15 | 18 |
| **Hoteis e hospedaxe** | 92 | 15.717,54 | 8.279,40 | 2.553,80 | 37.628,61 | 24 |
| **Actividades cinematográficas e de video** | 24 | 3.038,65 | 1.426,44 | 468,53 | 3.538,84 | 12 |
| **Actividades artísticas, deportivas e de espectáculo** | 66 | 22.193,67 | 13.393,41 | 8.482,48 | 28.941,02 | 29 |
| **Máquinas tragaperras e recreativas** | 77 | 21.909,16 | 6.301,94 | 4.102,94 | 15.562,03 | 11 |
| **Servicios persoais** | 15 | 1.826,78 | 973,71 | 126,84 | 1.059,92 | 35 |
| **Total** | **523** | **113.409,95** | **39.624,06** | **17.361,57** | **110.954,25** | **18** |
| **Peso do grupo no conxunto de empresas galegas** | **4,71%** | **2,04%** | **3,69%** | **5,94%** | **2,78%** | |

Fonte: *Ardán*

CADRO 4.4.2.15.

**Complexo turismo-ocio 1997-98: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

*(en millóns de pesetas)*

| Núcleos | 1997 | 1998 | 98/97 |
|---|---|---|---|
| **A Coruña** | 12.005,82 | 12.927,93 | 7,7 |
| **Vigo** | 6.974,42 | 7.374,13 | 5,7 |
| **Santiago** | 4.022,34 | 4.614,27 | 14,7 |
| **Pontevedra** | 1.753,38 | 1.985,33 | 13,2 |
| **Ourense** | 1.485,03 | 1.563,32 | 5,3 |
| **O Grove** | 1.242,23 | 1.506,47 | 21,3 |
| **Ferrol** | 1.004,60 | 1.153,87 | 14,9 |
| **Lugo** | 616,10 | 668,80 | 8,6 |

Fonte: *Ardán*

descendeu en 1999, pasando dos 2,1 días de 1998 ata os 2,0 días en 1999. Por provincias, esta estadía media medrou tan só na provincia de A Coruña, descendendo nas outras tres provincias.

En relación á demanda no caso dos **paradores galegos**, o número de viaxeiros que pernoctaron foi de 133.708, un 33,2% máis que en 1998. A porcentaxe de ocupación acada o 88,4% en Santiago, mentres en Pontevedra acada o 70,94% en 1999 **(cadro 4.4.2.13.)**.

***• Indicadores empresariais.-***

Segundo o criterio de selección de empresas seguido por Ardán, o número de empresas relacionadas co subsector turismo e ocio ascendeu a 523 empresas en 1998, o que supuña o 4,7% do conxunto empresas seleccionadas. O emprego medio das empresas do subsector, segundo os datos facilitados por elas mesmas, foi de 18 traballadores por empresa. Comparado co volume total de empresas consideradas, o VEB xerado polas empresas do subsector de turismo e ocio representa o 3,7% do VEB total, en tanto que o peso relativo dos ingresos de explotación é do 2% no período 97-98 **(cadro 4.4.2.14.)**.

Atendendo ó VEB a custo de factores xerado polas propias empresas, os principais **núcleos de localización**, **cadro 4.4.2.15.**, son A

CADRO 4.4.2.16.

***Evolución da actividade no complexo turismo-ocio 1997-98: ingresos, custos e resultados***

| | 1997 | | 1998 | | 98/97 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de pesetas)* | *(%)* | *(en millóns de pesetas)* | *(%)* | |
| **Ingresos de explotación** | 105.764,69 | 100,00 | 113.409,95 | 100,00 | 7,2 |
| **Consumo e outros gastos de explotación** | 69.772,40 | 65,97 | 73.785,90 | 65,06 | 5,8 |
| **Valor engadido bruto a custo dos factores** | 35.992,30 | 34,03 | 39.624,06 | 34,94 | 10,1 |
| **Gastos de persoal** | 21.971,46 | 20,77 | 24.226,69 | 21,36 | 10,3 |
| **Resultado económico bruto da explotación** | 14.020,83 | 13,26 | 15.397,37 | 13,58 | 9,8 |
| **Amortizacións** | 7.496,90 | 7,09 | 10.791,96 | 9,52 | 44,0 |
| **Resultado económico neto da explotación** | 6.523,93 | 6,17 | 4.605,41 | 4,06 | -29,4 |
| **Resultado financeiro** | - 1.416,91 | -1,34 | - 1.181,41 | -1,04 | 16,6 |
| **Ingresos financeiros** | 820,26 | 0,78 | 926,07 | 0,82 | 12,9 |
| **Gastos financeiros** | 2.237,17 | 2,12 | 2.107,48 | 1,86 | -5,8 |
| **Resultado de actividades ordinarias** | 5.107,02 | 4,83 | 3.424,00 | 3,02 | -33,0 |
| **Resultado de actividades extraordinarias** | 459,10 | 0,43 | 6.354,33 | 5,60 | 1284,1 |
| **Resultado antes de impostos** | 5.566,13 | 5,26 | 9.778,34 | 8,62 | 75,7 |
| **Impostos** | 1.980,29 | 1,87 | 3.208,73 | 2,83 | 62,0 |
| **Resultado neto do exercicio** | 3.585,84 | 3,39 | 6.569,61 | 5,79 | 83,2 |
| **Cash-flow** | 11.082,74 | 10,48 | 17.361,57 | 15,31 | 56,7 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 4.4.2.17.

***Evolución do investimento e do financiamento no complexo turismo-ocio 1997-98***

| | 1997 | | 1998 | | 98/97 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de pesetas)* | *(%)* | *(en millóns de pesetas)* | *(%)* | |
| **Activo total** | 86.116,61 | 100,00 | 110.954,25 | 100,00 | 28,84 |
| **Activo fixo (neto)** | 54.261,62 | 63,01 | 67.380,20 | 60,73 | 24,18 |
| **Gastos amortizables** | 1.034,13 | 1,20 | 1.123,63 | 1,01 | 8,65 |
| **Inmobilizado inmaterial** | 9.993,68 | 11,60 | 16.754,65 | 15,10 | 67,65 |
| **Inmobilizado material** | 35.898,81 | 41,69 | 40.754,81 | 36,73 | 13,53 |
| **Outro inmobilizado** | 6.894,17 | 8,01 | 8.035,16 | 7,24 | 16,55 |
| **Outro activo fixo** | 440,83 | 0,51 | 711,95 | 0,64 | 61,50 |
| **Circulante neto** | 31.855,00 | 36,99 | 43.574,06 | 39,27 | 36,79 |
| **Existencias** | 7.059,97 | 8,20 | 11.675,60 | 10,52 | 65,38 |
| **Debedores** | 13.917,29 | 16,16 | 16.464,36 | 14,84 | 18,30 |
| **Tesourería** | 7.425,11 | 8,62 | 9.552,06 | 8,61 | 28,65 |
| **Outro activo circulante** | 3.452,62 | 4,01 | 5.882,05 | 5,30 | 70,36 |
| **Fontes de financiamento** | 86.116,61 | 100,00 | 110.954,25 | 100,00 | 28,84 |
| **Financiamento permanente** | 50.803,26 | 58,99 | 67.142,17 | 60,51 | 32,16 |
| **Fondos propios** | 35.687,68 | 41,44 | 45.451,77 | 40,96 | 27,36 |
| **Recursos alleos l/p** | 13.197,09 | 15,32 | 18.676,77 | 16,83 | 41,52 |
| **Ingresos distribuidos en varios exercicios** | 1.918,50 | 2,23 | 3.013,63 | 2,72 | 57,08 |
| **Acreedores a curto plazo** | 35.313,35 | 41,01 | 43.812,08 | 39,49 | 24,07 |
| **Fondo de rotación** | - 3.458,36 | -4,02 | - 238,03 | -0,21 | 93,12 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 4.4.2.18.

***Complexo turismo-ocio 1997-98: estudio económico-financeiro***

***Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación***

| | Crecemento dos ingresos | | V.E.B.c.f. / ingresos | | Gastos persoal / ingresos | | Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos | | Carga financeira / ingresos | | Cash-flow / ingresos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| **1998** | 7,85% | 11,41% | 33,72% | 23,65% | 22,33% | 15,89% | 4,27% | 3,34% | 0,80% | 0,96% | 6,44% | 3,24% |
| **1997** | 9,03% | 10,26% | 33,85% | 24,26% | 21,46% | 16,54% | 4,68% | 3,18% | 0,95% | 1,12% | 5,84% | 3,06% |

***Rendibilidade e magnitudes asociadas***

| | Rendibilidade económica | | Marxe | | Rotación de activos | | Rendibilidade financeira antes de impostos | | Coste neto da débeda | | Coeficente de endebedamento | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| **1998** | 8,99% | 6,80% | 5,12% | 3,55% | 2,00 | 1,89 | 19,57% | 16,90% | 3,03% | 2,74% | 1,28 | 2,46 |
| **1997** | 8,23% | 6,62% | 4,77% | 3,46% | 2,10 | 1,84 | 15,99% | 14,92% | 3,78% | 3,09% | 1,31 | 2,54 |

Fonte: *Ardán*

Coruña, en primeiro lugar, seguida de Vigo e Santiago, en segundo e terceiro posto, respectivamente, que acollen o 62,9% do VEB xerado neste subsector (o 63,9% en 1997).

No concernente á **evolución da actividade**: ingresos, custos e resultados, o **cadro 4.4.2.16.** amosa que o VEB a custo de factores (39.624,1 millóns de pesetas) creceu en 1998, ó contrario do que acontece co rendemento económico de explotación, que descende un 29,4% para situarse nos 4.605,4 millóns, e o resultado de actividades ordinarias (33,0%). No período 97-98 o resultado neto do exercicio creceu un 83,2%, situándose os beneficios en 6.569,6 millóns de pesetas. En 1998 o resultado de actividades extraordinarias medrou un 1.284,1% respecto o ano anterior, situándose nos 6.354,3 millóns de pesetas. En termos relativos, tanto o VEB como o *cash-flow* aumentan, situándose en 1998 en 34,9% e 15,3%, fronte ós 34% e 10,5%, respectivamente, en 1997.

En relación ó **investimento** e ó **financiamento**, **cadro 4.4.2.17.**, en termos relativos, a diferencia do acontecido para as empresas galegas no seu conxunto, o financiamento permanente non cubre a totalidade do activo fixo neto, financiando os acreedores a curto prazo o 0,5% do mesmo. O fondo de rotación, a pesares da súa mellora, presenta un valor negativo por 238 millóns de pesetas (3.458,4 millóns en 1997). No concernente ás fontes de financiamento, o 60,5% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medran un 27,4% respecto ó ano anterior, supoñen o 41% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 41,5%, cun peso relativo do 16,8% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 110.954,3 millóns de pesetas, un 28,8% superior ó valor de 1997, dos que 67.380,2 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 24,2% superior ó existente o ano anterior). Os 43.574,1 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 36,8% en relación a 1997.

Finalmente, no que ó **estudio económico e financeiro** se refire, **cadro 4.4.3.18.**, os indicadores de nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación amosan, como rasgo diferenciador do conxunto de empresas galegas seleccionadas, a desaceleración no crecemento dos ingresos e o aumento do peso relativo dos gastos de persoal. No mesmo período, descende dun xeito relativo a carga financeira.

En relación ás rendibilidades e magnitudes asociadas, a rendibilidade económica presenta un incremento por mor da evolución da marxe, xa que a rotación de activo permanece practicamente constante. A rendibilidade financeira antes de impostos aumenta por mor da rendibiliade económica e do descenso do custo da débeda.

## 4.4.3.- Comunicacións

A análise das comunicacións está dividida nunha primeira parte onde se estudian o servicio telefónico, comunicación informática e servicios postais e unha segunda adicada ós indicadores empresariais. As fontes utilizadas para o estudio son o Ministerio de Fomento, Correos e Telégrafos, a Consellería de Industria e Comercio e Ardán. Segundo a metodoloxía de Ardán, o subsector das comunicacións estaría composto polas actividades de artes gráficas e actividades de servicios relacionados, edición, papelerías e librerías, radio e televisión, informática, comunicacións e servicios relacionados, e finalmente, a educación.

• ***Servicio telefónico.-***

Segundo os datos recollidos no **cadro 4.4.3.1.**, en 1999 había en Galicia un total de 991.492 **liñas telefónicas instaladas** e un total

CADRO 4.4.3.1.

*Implantación da RDSI e Rede Telefónica Básica a 31-12-1999*

| | Rede Telefónica Básica | | | RDSI | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | nº liñas | nº centrais | % de dixitalización | nº accesos básicos | nº accesos primarios | nº centrais |
| **A Coruña** | 411.443 | 198 | 90 | 9.557 | 269 | 171 |
| **Lugo** | 133.602 | 109 | 100 | 2.224 | 36 | 88 |
| **Ourense** | 130.966 | 166 | 100 | 1.999 | 36 | 105 |
| **Pontevedra** | 315.481 | 123 | 100 | 7.666 | 140 | 107 |
| **Total** | **991.492** | **596** | **96** | **21.446** | **481** | **471** |

Fonte: *Xunta de Galicia*

CADRO 4.4.3.2.

*Usuarios de Internet (1) nas CC.AA. 1998-99*

*(% da poboación rexional)*

| | 1998 | 1999 |
|---|---|---|
| **Andalucía** | 2,6 | 4,6 |
| **Aragón** | 5,8 | 8,0 |
| **Asturias** | 3,9 | 5,3 |
| **Baleares** | 5,2 | 6,6 |
| **Canarias** | 4,7 | 6,2 |
| **Cantabria** | 4,1 | 6,1 |
| **Castela e León** | 3,9 | 4,9 |
| **Castela-A Mancha** | 1,2 | 3,7 |
| **Cataluña** | 8,2 | 11,5 |
| **Comunidade Valenciana** | 4,9 | 7,5 |
| **Estremadura** | 2,9 | 4,8 |
| **Galicia** | **2,5** | **4,4** |
| **Madrid** | 5,7 | 9,7 |
| **Murcia** | 4,0 | 6,6 |
| **Navarra** | 5,5 | 5,6 |
| **País Vasco** | 4,5 | 6,5 |
| **A Rioxa** | 5,0 | 7,2 |
| **Total** | 4,6 | 7,0 |

(1) uso nos últimos 30 días
Fonte: *Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación*

de 596 centrais, sendo a porcentaxe de dixitalización do 96%. Tendo en conta os datos da poboación a 1 de xaneiro de 1998, do devandito cadro pode deducirse que Galicia ten unha **densidade telefónica** de 36,4 liñas instaladas por cada cen habitantes.

Atendendo á desagregación provincial, a provincia de A Coruña é a que presenta o maior número de liñas telefónicas e centrais (411.443 e 198, respectivamente) sendo a súa densidade telefónica de 37,2 liñas instaladas por cada 100 habitantes. A provincia de Ourense, a pesar de ser a que presenta o menor número de liñas telefónicas, é a provincia con maior densidade telefónica con 38,1 liñas por cada 100 habitantes.

**Comunicación informática**.- A importancia da Rede Dixital de Servicios Integrados (RDSI) radica en que pretende se-la principal rede transeuropea de transmisión de datos, voz e imaxe. O número de accesos básicos (RDSI) en Galicia ascendeu a 21.446 en 1999, dos que o 44,6% (9.557 accesos) corresponden á provincia de A Coruña, e un 35,7% (7.666 accesos) á de Pontevedra **(cadro 4.4.3.1.)**.

O devandito cadro reflicte un total de 481 accesos primarios, dos que 269 están na provincia de A Coruña e 140 na de Pontevedra, acollendo Lugo e Ourense 36 accesos primarios cada unha delas.

Finalmente, o **cadro 4.4.3.1.** amosa que a 31 de decembro de 1999 había un total de 471 centrais, das que 171 pertencían á provincia de

CADRO 4.4.3.3.

***Correspondencia postal nacida e distribuida nas CC.AA. 1998-99***

| | Correspondencia nacida | | | Correspondencia distribuida | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | **1998** | **1999** | **99/98** | **1998** | **1999** | **99/98** |
| | *(en millóns de obxectos)* | | *(%)* | *(en millóns de obxectos)* | | *(%)* |
| **Andalucía** | 320,35 | 363,33 | 13,4 | 653,37 | 711,25 | 8,9 |
| **Aragón** | 81,92 | 92,86 | 13,4 | 141,04 | 161,43 | 14,5 |
| **Asturias** | 67,03 | 74,32 | 10,9 | 138,83 | 146,98 | 5,9 |
| **Baleares** | 71,86 | 75,63 | 5,2 | 103,44 | 114,33 | 10,5 |
| **Canarias** | 91,91 | 107,22 | 16,7 | 187,04 | 214,86 | 14,9 |
| **Cantabria** | 29,25 | 38,14 | 30,4 | 67,25 | 82,36 | 22,5 |
| **Castela - A Mancha** | 87,77 | 98,16 | 11,8 | 191,43 | 205,47 | 7,3 |
| **Castela e León** | 172,48 | 190,98 | 10,7 | 308,21 | 347,47 | 12,7 |
| **Cataluña** | 805,01 | 904,59 | 12,4 | 916,33 | 1.056,68 | 15,3 |
| **C. Valenciana** | 361,05 | 372,47 | 3,2 | 456,02 | 498,06 | 9,2 |
| **Estremadura** | 56,15 | 59,77 | 6,4 | 112,75 | 118,40 | 5,0 |
| **Galicia** | **167,09** | **183,15** | **9,6** | **322,72** | **345,85** | **7,2** |
| **Madrid** | 1.911,39 | 2.072,72 | 8,4 | 1.040,39 | 1.032,36 | -0,8 |
| **Murcia** | 41,80 | 47,34 | 13,3 | 110,08 | 116,67 | 6,0 |
| **Navarra** | 77,66 | 80,14 | 3,2 | 77,10 | 85,87 | 11,4 |
| **País Vasco** | 210,39 | 241,51 | 14,8 | 269,45 | 270,84 | 0,5 |
| **Rioxa** | 18,42 | 19,91 | 8,1 | 35,92 | 38,64 | 7,6 |
| **Ceuta e Melilla** | 3,27 | 3,59 | 9,8 | 10,08 | 11,42 | 13,3 |
| **Total** | 4.574,80 | 5.025,83 | 9,9 | 5.141,45 | 5.558,94 | 8,1 |
| **G/E** *(%)* | **3,65** | **3,64** | | **6,28** | **6,22** | |

Fonte: *Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico*

CADRO 4.4.3.4.

***Correspondencia postal nacida e distribuida 1999***

*(en miles de obxectos)*

| | **Correspondencia nacida** | **Correspondencia distribuida** |
|---|---|---|
| **A Coruña** | 90.913,7 | 147.038,0 |
| **Lugo** | 20.140,4 | 45.430,6 |
| **Ourense** | 17.357,0 | 40.350,8 |
| **Pontevedra** | 54.737,3 | 113.026,0 |
| **Total** | **183.148,4** | **345.845,4** |
| **98/97** *(%)* | **10,3** | **7,3** |
| **Total España (1)** | 5.025,83 | 5.558,94 |
| **G/E** *(%)* | **3,64** | **6,22** |

(1) en millóns de obxectos
Fonte: *Correos y Telégrafos*

A Coruña. Pontevedra e Ourense tiñan un total de 107 e 105 centrais, respectivamente, en tanto que Lugo é a provincia con menor número de centrais, con 88.

O uso da rede internet é aínda baixo en Galicia xa que, ó igual que o ano anterior, está por debaixo da media estatal e é a segunda comunidade que menos usa “a rede”, só por diante de Castela-A Mancha **(cadro 4.4.3.2.)**.

***• O servicio postal.-***

En relación ó servicio postal, Galicia rexistra un aumento da correspondencia nada e distribuida na comunidade, sendo este crecemento inferior ó experimentado polo conxunto do estado.

A correspondencia con orixe na comunidade creceu un 9,6% respecto a 1998, ata acadar os 183,15 millóns de obxectos en 1999,

CADRO 4.4.3.5.

**Sector das comunicacións 1998: actividades que comprende o grupo**

(en millóns de pesetas)

| | Empresas | Ingresos de explotación | V.E.B. c.f. | *Cash-flow* | Activo total | Emprego medio |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Artes gráficas e actividades de servicios relac. | 81 | 14.432,31 | 5.529,71 | 1.321,65 | 13.901,72 | 15 |
| Edición | 19 | 21.388,13 | 9.961,49 | 2.412,85 | 23.164,40 | 73 |
| Papelerías e librerías | 67 | 21.044,16 | 2.823,53 | 427,89 | 9.571,13 | 14 |
| Radio e televisión | 13 | 15.061,92 | 4.717,04 | 482,80 | 12.130,11 | 75 |
| Informática, comunicacións e servicios relac. | 102 | 31.336,29 | 9.003,10 | 1.268,12 | 22.611,92 | 23 |
| Educación | 67 | 7.062,14 | 4.686,20 | 377,12 | 5.191,70 | 23 |
| Total | **349** | **110.324,95** | **36.721,07** | **6.290,43** | **86.570,99** | **25** |
| Peso do grupo no conxunto de empresas galegas | 3,14% | 1,98% | 3,42% | 2,15% | 2,17% | |

Fonte: *Ardán*

CADRO 4.4.3.6.

**Sector das comunicacións 1997-98: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

(en millóns de pesetas)

| Núcleos | 1997 | 1998 | 98/97 |
|---|---|---|---|
| A Coruña | 11.805,42 | 13.937,44 | 18,1 |
| Santiago | 7.688,24 | 7.760,47 | 0,9 |
| Vigo | 6.710,29 | 7.118,45 | 6,1 |
| Lugo | 1.334,25 | 1.418,65 | 6,3 |
| San Cibrao das Viñas | 1.021,90 | 1.031,80 | 1,0 |
| Ourense | 682,46 | 804,43 | 17,9 |
| Ferrol | 475,73 | 494,23 | 3,9 |
| Pontevedra | 450,75 | 476,30 | 5,7 |

Fonte: *Ardán*

mentres que en España o aumento da correspondencia experimentado foi do 9,9%. O **cadro 4.4.3.3.** reflicte que o peso relativo da correspondencia nada en Galicia no total español foi do 3,64% en 1999 (o 3,65% en 1998).

Atendendo á desagregación por provincias, o **cadro 4.4.3.4.** amosa que a correspondencia nada na provincia de A Coruña é moi superior á existente nas outras provincias, acollendo o 49,6% do total da correspondencia nada en Galicia, seguida de Pontevedra, co 29,9%.

No concernente á correspondencia distribuida, **cadro 4.4.3.3.**, ésta medra en 1999 un 7,2% respecto a 1998, acadando os 345,85 millóns de obxetos distribuídos, en tanto que o crecemento en España foi do 8,1%. O devandito cadro amosa por conseguinte un lixeiro descenso da importancia relativa da correspondencia distribuida en Galicia no total español, que pasa dun 6,3% en 1998 ó 6,2% do ano 1999.

No concernente á desagregación por provincias, **cadro 4.4.3.4.**, a provincia de A Coruña é a que máis correspondencia distribuida acolle, co 42,5% do total da correspondencia distribuida en Galicia, seguida de Pontevedra, co 32,7%.

***• Indicadores empresariais.-***

Segundo o criterio de selección de empresas empregado por Ardán, o número de empresas relacionadas co subsector comunicacións (apoio ó tratamento e difusión da información) ascende a 349 empresas en 1998, o que supuña o 3,1% do conxunto de empresas galegas consideradas. O emprego medio das empresas do

CADRO 4.4.3.7.

*Evolución da actividade no sector das comunicacións 1997-98: ingresos, custos e resultados*

| | 1997 | | 1998 | | 98/97 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de pesetas)* | *(%)* | *(en millóns de pesetas)* | *(%)* | |
| **Ingresos de explotación** | 93.527,91 | 100,00 | 110.324,95 | 100,00 | 18,0 |
| **Consumo e outros gastos de explotación** | 60.083,06 | 64,24 | 73.603,88 | 66,72 | 22,5 |
| **Valor engadido bruto a custo dos factores** | 33.444,85 | 35,76 | 36.721,07 | 33,28 | 9,8 |
| **Gastos de persoal** | 25.433,20 | 27,19 | 27.961,03 | 25,34 | 9,9 |
| **Resultado económico bruto da explotación** | 8.011,66 | 8,57 | 8.760,04 | 7,94 | 9,3 |
| **Amortizacións** | 3.252,33 | 3,48 | 3.485,37 | 3,16 | 7,2 |
| **Resultado económico neto da explotación** | 4.759,33 | 5,09 | 5.274,68 | 4,78 | 10,8 |
| **Resultado financeiro** | - 1.972,49 | -2,11 | - 1.948,58 | -1,77 | 1,2 |
| Ingresos financeiros | 282,63 | 0,30 | 195,50 | 0,18 | -30,8 |
| Gastos financeiros | 2.255,12 | 2,41 | 2.144,08 | 1,94 | -4,9 |
| **Resultado de actividades ordinarias** | 2.786,84 | 2,98 | 3.326,10 | 3,01 | 19,4 |
| **Resultado de actividades extraordinarias** | 61,28 | 0,07 | 641,95 | 0,58 | 947,7 |
| **Resultado antes de impostos** | 2.848,11 | 3,05 | 3.968,05 | 3,60 | 39,3 |
| **Impostos** | 861,31 | 0,92 | 1.162,98 | 1,05 | 35,0 |
| **Resultado neto do exercicio** | 1.986,80 | 2,12 | 2.805,06 | 2,54 | 41,2 |
| **Cash-flow** | 5.239,13 | 5,60 | 6.290,43 | 5,70 | 20,1 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 4.4.3.8.

*Evolución do investimento e do financiamento no sector das comunicacións 1997-98*

| | 1997 | | 1998 | | 98/97 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de pesetas)* | *(%)* | *(en millóns de pesetas)* | *(%)* | |
| **Activo total** | 66.964,60 | 100,00 | 86.570,99 | 100,00 | 29,3 |
| **Activo fixo (neto)** | 26.005,84 | 38,84 | 28.527,11 | 32,95 | 9,7 |
| Gastos amortizables | 437,16 | 0,65 | 501,45 | 0,58 | 14,7 |
| Inmobilizado inmaterial | 2.939,66 | 4,39 | 3.336,42 | 3,85 | 13,5 |
| Inmobilizado material | 19.903,30 | 29,72 | 21.302,39 | 24,61 | 7,0 |
| Outro inmobilizado | 2.581,64 | 3,86 | 3.318,98 | 3,83 | 28,6 |
| Outro activo fixo | 144,09 | 0,22 | 67,86 | 0,08 | -52,9 |
| **Circulante neto** | 40.958,76 | 61,16 | 58.043,88 | 67,05 | 41,7 |
| Existencias | 9.441,38 | 14,10 | 10.350,22 | 11,96 | 9,6 |
| Debedores | 25.003,85 | 37,34 | 41.870,92 | 48,37 | 67,5 |
| Tesourería | 2.965,80 | 4,43 | 3.497,23 | 4,04 | 17,9 |
| Outro activo circulante | 3.547,73 | 5,30 | 2.325,52 | 2,69 | -34,5 |
| **Fontes de financiamento** | 66.964,60 | 100,00 | 86.570,99 | 100,00 | 29,3 |
| **Financiamento permanente** | 32.372,86 | 48,34 | 34.267,11 | 39,58 | 5,9 |
| Fondos propios | 10.004,30 | 14,94 | 11.646,10 | 13,45 | 16,4 |
| Recursos alleos l/p | 18.187,50 | 27,16 | 18.409,85 | 21,27 | 1,2 |
| Ingresos distribuidos en varios exercicios | 4.181,07 | 6,24 | 4.211,15 | 4,86 | 0,7 |
| **Acreedores a curto plazo** | 34.591,73 | 51,66 | 52.303,88 | 60,42 | 51,2 |
| **Fondo de rotación** | 6.367,02 | 9,51 | 5.740,00 | 6,63 | -9,8 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 4.4.3.9.

*Sector das comunicacións 1997-98: estudio económico-financeiro*

*Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación*

| | Crecemento dos ingresos | | V.E.B.c.f. / ingresos | | Gastos persoal / ingresos | | Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos | | Carga financeira / ingresos | | Cash-flow / ingresos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| **1998** | 7,26% | 11,41% | 35,72% | 23,65% | 25,03% | 15,89% | 3,06% | 3,34% | 1,01% | 0,96% | 3,97% | 3,24% |
| **1997** | 10,10% | 10,26% | 35,36% | 24,26% | 25,65% | 16,54% | 3,80% | 3,18% | 1,19% | 1,12% | 3,63% | 3,06% |

*Rendibilidade e magnitudes asociadas*

| | Rendibilidade económica | | Marxe | | Rotación de activos | | Rendibilidade financeira antes de impostos | | Coste neto da débeda | | Coeficente de endebedamento | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| **1998** | 6,57% | 6,80% | 3,48% | 3,55% | 1,81 | 1,89 | 13,38% | 16,90% | 2,90% | 2,74% | 2,50 | 2,46 |
| **1997** | 6,87% | 6,62% | 3,83% | 3,46% | 1,83 | 1,84 | 13,88% | 14,92% | 3,41% | 3,09% | 2,53 | 2,54 |

Fonte: *Ardán*

subsector, segundo os datos facilitados por elas mesmas, foi de 25 traballadores por empresa. Comparado coa selección utilizada para o estudio de empresas galegas, o VEB xerado polas empresas do subsector das comunicacións (36.721,1 millóns de pesetas) representa o 3,4% do VEB total, en tanto que o peso relativo dos ingresos de explotación (110.325 millóns) é do 2% no período 97-98.

Atendendo á metodoloxía Ardán, a actividade máis importante en canto ó número de empresas se refire é o de informática, comunicacións e servicios relacionados, con 102 empresas, aínda que son as 19 empresas pertencentes á actividade de edición as que xeran un maior valor engadido bruto con 9.961,5 millóns de pesetas (o VEB das actividades de informática ascende a 9.003,1 millóns) **(cadro 4.4.3.5.)**.

Atendendo ó VEB a custo de factores xerado polas propias empresas, os principais **núcleos de localización** son A Coruña en primeiro lugar (13.937,4 millóns de pesetas), seguida de Santiago (7.760,5 millóns) e Vigo (7.118,5 millóns), que acollen o 78,5% do VEB xerado neste subsector. **(cadro 4.4.3.6.)**

No concernente á **evolución da actividade**: ingresos, custos e resultados, o **cadro 4.4.3.7.** amosa un crecemento do VEB (un 9,8% respecto ó ano anterior), así como a mellora do resultado de actividades ordinarias (un 19,4%) e do resultado neto do exercicio (un 41,2%). Dado o crecemento dos ingresos de explotación (18,0%), o VEB descende, en termos relativos, do 35,8% ata o 33,3%, ó contrario do que acontece co *cash-flow*, que pasa do 5,6% ata o 5,7% en 1998.

En relación ó **investimento e ó financiamento**, **cadro 4.4.3.8.**, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 9,9% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 5.740 millóns de pesetas, un 9,8% inferior ó existente o ano anterior. O 90,2% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 39,6% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medran un 16,4% respecto ó ano anterior, supoñen o 13,5% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo creceron un 1,2%, cun peso relativo do 21,3% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 86.571 millóns de pesetas, un 29,3% superior ó valor de 1997, dos que 28.527,1 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 9,7% superior ó existente o ano anterior). Os 58.043,9 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 41,7% en relación a 1997.

Finalmente, no que ó **estudio económico e financeiro** se refire, os indicadores de nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación, **cadro 4.4.3.9.**, amosan a desaceleración no crecemento dos ingresos, unha leve diminuición dos custos de persoal e a carga financeira. O mesmo cadro reflicte o descenso da rendibilidade económica por mor da evolución da marxe, manténdose constante a rotación de activos. A rendibilidade financeira antes de impostos decrece no período 97-98, reducíndose tamén o custo da débeda.

## 4.4.4.- Transportes

O estudio do sector dos transportes vai analizando os diferentes modos de transporte (estrada, ferrocarril, aéreo e marítimo) atendendo ó número de pasaxeiros e o volume de mercadorías transportadas, para posteriormente considera-los indicadores empresariais. Para esta análise pártese dos datos presentados polo IGE, o INE, o Ministerio de Fomento, Renfe, as autoridades portuarias, AENA e Ardán.

Un primeiro indicador aproximativo da evo-

CADRO 4.4.4.1.

***Vendas de combustibles líquidos 1998-99***

***Vendas totais***

| | 1998 | 1999 | 99/98 |
|---|---|---|---|
| | *(en miles de tm)* | | *(%)* |
| **Gasolinas** | 456,0 | 445,6 | -2,3 |
| **Gasóleos** | 1.642,0 | 1.793,8 | 9,2 |
| **Outros combustibles** | 504,4 | 587,7 | 16,5 |
| **Total** | **2.602,5** | **2.827,1** | **8,6** |

***Vendas de gasolina auto e gasóleo***

| | 1998 | 1999 | |
|---|---|---|---|
| | *(en miles de tm)* | | |
| **Gasolina auto** | 455,9 | 445,6 | -2,2 |
| **Gasóleo A** | 890,1 | 956,9 | 7,5 |
| **Total** | **1.346,0** | **1.402,5** | **4,2** |

Fonte: *IGE*

CADRO 4.4.4.2.

***Transporte de mercadorías e pasaxeiros 1998-99: datos xerais***

| | | Mercadorías | | | | Pasaxeiros | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 1998 | 1999 | 99/98 | | 1998 | 1999 | 99/98 |
| | | | | *(%)* | | | | *(%)* |
| **Estrada (1)** | *(en miles de Tm.)* | 56.681 | 60.352 | 6,48 | *(en miles de persoas)* | 58.260 | 56.235 | -3,5 |
| **Ferrocarril (2)** | | 3.014.480 | 3.231.907 | 7,21 | | 7.191.047 | 7.147.538 | -0,6 |
| **Marítimo (3)** | *(en Tm.)* | 25.086.393 | 26.271.362 | 4,72 | *(en persoas)* | 78.872 | 81.863 | 3,8 |
| **Aéreo** | | 7.392.183 | 6.902.379 | -6,63 | | 2.278.451 | 2.513.548 | 10,3 |

(1) os datos de transporte de pasaxeiros por estrada refírense unicamente ó transporte urbano en autobús
(2) sumados orixe e destino
(3) tráfico nos portos do Estado

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do *INE, Puertos del Estado, Renfe e AENA*

lución da demanda de transportes sería a venda de combustibles, que se reflicte no **cadro 4.4.4.1.** O consumo de combustibles en Galicia en 1999 ascendeu a 2.827,1 miles de toneladas (un 8,6% superior ó do ano anterior), nas que a venda de gasolina auto e gasóleo A significou 1.402,5 miles de toneladas (un 4,2% máis que en 1998).

A **poboación ocupada** no subsector "transportes e actividades anexas. Comunnicacións" en 1999 –**cadro 4.0.3.** (*Poboación ocupada por sectores 1998-99: distribución por ramas de actividade*)– ascendeu a 45,5 miles de persoas, fronte ás 46,0 miles de persoas do ano anterior. Comparada coa poboación ocupada no sector servicios, o subsector transportes acolle ó 9,2% da mesma.

Unha primeira aproximación ó subsector transporte está recollida no **cadro 4.4.4.2.** onde se resumen os datos do transporte de mercadorías e viaxeiros nos diferentes medios de transporte. Como se pode apreciar, o transporte por estrada é o máis importante á hora de falar tanto do tráfico de pasaxeiros como no de mercadorías. En segundo lugar sitúase o ferrocarril no que ó tráfico de pasaxeiros se refire, e o marítimo no caso das mercadorías.

CADRO 4.4.4.3.

*Matriculacións de vehículos 1998-99*

| | 1998 | 1999 | 99/98 (%) |
|---|---|---|---|
| **Camións e furgonetas** | 11.077 | 13.593 | 22,7 |
| **Autobuses** | 199 | 317 | 59,3 |
| **Turismos** | 72.763 | 82.905 | 13,9 |
| **Motocicletas** | 1.823 | 2.286 | 25,4 |
| **Tractores industriais** | 708 | 1.037 | 46,5 |
| **Total** | **86.570** | **100.138** | **15,7** |

Fonte: *IGE*

CADRO 4.4.4.4.

*Transporte urbano: viaxeiros transportados en autobús nas CC.AA. 1998-99*

| | 1998 (en miles de persoas) | 1999 | 99/98 (%) |
|---|---|---|---|
| **Andalucía** | 238.456 | 239.617 | 0,49 |
| **Aragón** | 104.972 | 104.679 | -0,28 |
| **Asturias** | 35.853 | 35.645 | -0,58 |
| **Canarias** | 55.558 | 55.558 | 0,00 |
| **Cantabria** | 19.514 | 19.365 | -0,76 |
| **Castela e León** | 68.818 | 70.583 | 2,56 |
| **Castela - A Mancha** | 18.443 | 18.491 | 0,26 |
| **Cataluña** | 247.420 | 268.524 | 8,53 |
| **C. Valenciana** | 146.763 | 139.982 | -4,62 |
| **Estremadura** | 11.544 | 12.302 | 6,57 |
| **Galicia** | **58.260** | **56.235** | -3,48 |
| **Madrid** | 574.062 | 558.833 | -2,65 |
| **País Vasco** | 66.018 | 66.120 | 0,15 |
| **Outras** | 74.137 | 77.305 | 4,27 |
| **Total** | 1.719.818 | 1.723.239 | 0,20 |

Fonte: *INE*

• ***Transporte por estrada.-***

Os datos sobre os medios de transporte por estrada recollidos no **cadro 4.4.4.3.** reflicten un crecemento da matriculación de vehículos do 15,7% en 1999 respecto ó ano anterior para situarse nas 100.138 matriculacións en 1999, fronte ás 86.570 do ano 1998. Este cadro amosa unha renovación importante dos medios de transporte, especialmente nos autobuses, onde as matriculacións aumentan un 59,3% respecto ó ano anterior, e nos turismos, cun incremento do 13,9% (10.142 matriculacións máis).

O número de viaxeiros do **transporte urbano en autobús, cadro 4.4.4.4.**, ascendeu, en 1999, a 56.235 miles de usuarios, o que representa o 3,3% do total de pasaxeiros en España. En relación ó ano anterior, en Galicia continúa o descenso no número de viaxeiros, sendo en 1999 a segunda comunidade con maior descenso, 3,5%, só por diante de Valencia onde o descenso foi do 4,6% (no conxunto do estado, o número de viaxeiros aumenta un 0,2%, fronte o descenso do ano anterior).

No concernente ó **transporte de mercadorías**, o **cadro 4.4.4.5.** reflicte un aumento no número total de toneladas transportadas do 6,5% respecto a 1998, para situarse nas 60.352 miles de toneladas transportadas. Comparado co total de mercadorías cargadas e descargadas en España, o crecemento galego é inferior ó

CADRO 4.4.4.5.

***Transporte por estrada: mercadorías cargadas e descargadas nas CC.AA. 1998-99***

| | | 1998 | 1999 | 99/98 |
|---|---|---|---|---|
| **Andalucía** | total | 111.447 | 131.627 | 18,1 |
| | %interrexional | 24,2 | 22,4 | -7,4 |
| **Aragón** | total | 41.589 | 46.147 | 11,0 |
| | %interrexional | 59,9 | 57,8 | -3,5 |
| **Asturias** | total | 27.725 | 29.033 | 4,7 |
| | %interrexional | 40,2 | 43,4 | 8,0 |
| **Baleares** | total | 11.793 | 14.676 | 24,4 |
| | %interrexional | -- | -- | -- |
| **Canarias** | total | 14.954 | 15.205 | 1,7 |
| | %interrexional | -- | -- | -- |
| **Cantabria** | total | 16.303 | 20.730 | 27,2 |
| | %interrexional | 67,4 | 56,5 | -16,2 |
| **Castela A Mancha** | total | 53.721 | 59.417 | 10,6 |
| | %interrexional | 58,9 | 56,7 | -3,7 |
| **Castela e León** | total | 79.732 | 94.526 | 18,6 |
| | %interrexional | 44,0 | 43,7 | -0,7 |
| **Cataluña** | total | 141.486 | 161.622 | 14,2 |
| | %interrexional | 29,0 | 26,5 | -8,6 |
| **Com. Valenciana** | total | 110.267 | 123.766 | 12,2 |
| | %interrexional | 38,8 | 36,1 | -7,0 |
| **Extremadura** | total | 15.156 | 19.082 | 25,9 |
| | %interrexional | 51,0 | 43,7 | -14,3 |
| **Galicia** | **total** | **56.681** | **60.352** | **6,5** |
| | **%interrexional** | **24,6** | **25,5** | **3,7** |
| **Madrid** | total | 61.606 | 68.570 | 11,3 |
| | %interrexional | 62,9 | 59,8 | -4,9 |
| **Murcia** | total | 27.900 | 30.801 | 10,4 |
| | %interrexional | 61,7 | 58,4 | -5,3 |
| **Navarra** | total | 25.462 | 29.160 | 14,5 |
| | %interrexional | 63,6 | 60,2 | -5,3 |
| **País Vasco** | total | 64.209 | 70.521 | 9,8 |
| | %interrexional | 50,7 | 49,6 | -2,2 |
| **A Rioxa** | total | 11.128 | 13.082 | 17,6 |
| | %interrexional | 81,5 | 76,3 | -6,4 |
| **Total** | total | 871.159 | 988.317 | 13,4 |
| | %interrexional | 26,1 | 24,5 | -6,1 |

Fonte: *Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico*

experimentado en España que foi do 13,4% respecto ó ano anterior. Comparada coas outras comunidades autónomas, Galicia é a décimo quinta comunidade en canto a taxa de crecemento se refire, superando a Asturias e Canarias.

O devandito cadro amosa a que en Galicia a importancia relativa do comercio interrexional foi o 25,5% do total do tráfico galego, en tanto que España esa porcentaxe foi do 24,5% no mesmo período de tempo. En relación ó ano anterior, tan só en dúas comunidades, Galicia e Asturias, produciuse un aumento do tráfico interrexional.

***• O transporte ferroviario.-***

O **número de viaxeiros** nas estacións galegas en 1999 ascendeu a 3.526,6 miles de persoas, un 8,7% superior ó rexistrado o ano anterior, que representan o 0,84% dos pasaxeiros no conxunto das estacións do estado. O **cadro 4.4.4.6.** reflicte a importancia do corredor Vigo-A Coruña, onde as estacións de Vigo, Santiago e A Coruña acollen o 55,5% dos viaxeiros.

Pola banda dos transportes de mercadorías, **cadro 4.4.4.8.**, en 1999 incrementouse o volume total de mercadorías transportadas nun

CADRO 4.4.4.6.

*Tráfico ferroviario 1998-99: viaxeiros nas principais estacións*

| | 1998 | 1999 |
|---|---|---|
| **A Coruña** | 604.459 | 663.988 |
| **Santiago** | 663.792 | 764.814 |
| **Ferrol** | 49.839 | 39.550 |
| **Lugo** | 29.787 | 30.608 |
| **Monforte** | 53.374 | 57.679 |
| **Ourense** | 239.806 | 223.610 |
| **Pontevedra** | 273.175 | 323.215 |
| **Vigo** | 583.185 | 530.049 |
| **Vilagarcía de Arousa** | 296.029 | 349.885 |
| **Redondela** | 50.107 | 48.597 |
| **Subtotal** | 2.843.553 | 3.031.995 |
| **Total estacións galegas** | 3.244.943 | 3.526.644 |
| **España** (1) | 409.467 | 418.915 |
| **G/E** *(%)* | 0,79 | 0,84 |

(1) os datos de España están en miles de viaxeiros
Fonte: *Ministerio de Fomento e Renfe*

CADRO 4.4.4.7.

*Transporte ferroviario de viaxeiros 1998-99*

| | | Total | | |
|---|---|---|---|---|
| | | 1998 | 1999 | 99/98 *(%)* |
| **A Coruña** | | | | |
| | **Orixe** | 1.465.673 | 1.655.034 | 12,9 |
| | **Destino** | 1.567.748 | 1.769.500 | 12,9 |
| **Lugo** | | | | |
| | **Orixe** | 126.682 | 107.928 | -14,8 |
| | **Destino** | 133.192 | 136.537 | 2,5 |
| **Ourense** | | | | |
| | **Orixe** | 363.162 | 387.839 | 6,8 |
| | **Destino** | 1.052.852 | 323.528 | -69,3 |
| **Pontevedra** | | | | |
| | **Orixe** | 1.291.149 | 1.427.802 | 10,6 |
| | **Destino** | 1.190.589 | 1.339.370 | 12,5 |
| **Total** | | | | |
| | **Orixe** | **3.246.666** | **3.578.603** | **10,2** |
| | **Destino** | **3.944.381** | **3.568.935** | **-9,5** |

Fonte: *Renfe*

CADRO 4.4.4.8.

*Transporte ferroviario de mercadorías 1998-99*

| | | Total | | |
|---|---|---|---|---|
| | | 1998 | 1999 | 99/98 |
| | | *(en Tm)* | | *(%)* |
| **A Coruña** | | | | |
| | **Orixe** | 545.717 | 508.427 | -6,8 |
| | **Destino** | 573.322 | 589.349 | 2,8 |
| **Lugo** | | | | |
| | **Orixe** | 200.888 | 139.480 | -30,6 |
| | **Destino** | 23.494 | 171.270 | 629,0 |
| **Ourense** | | | | |
| | **Orixe** | 10.000 | 32.400 | 224,0 |
| | **Destino** | 185.000 | 237.800 | 28,5 |
| **Pontevedra** | | | | |
| | **Orixe** | 552.397 | 606.406 | 9,8 |
| | **Destino** | 923.662 | 946.775 | 2,5 |
| **Total** | | | | |
| | **Orixe** | **1.309.002** | **1.286.713** | **-1,7** |
| | **Destino** | **1.705.478** | **1.945.194** | **14,1** |

Fonte: *Renfe*

CADRO 4.4.4.9.

*Tráfico de pasaxeiros nos portos de interés xeral 1998-99*

| | 1998 | 1999 | 99/98 (%) |
|---|---|---|---|
| **Ferrol-San Cibrao** | - | - | - |
| **A Coruña** | 41.404 | 25.584 | -38,2 |
| **Marín-Pontevedra** | - | - | - |
| **Vigo** | 35.160 | 51.021 | 45,1 |
| **Vilagarcía** | 2.308 | 5.258 | 127,8 |
| **Total** | **78.872** | **81.863** | **3,8** |
| **Total Portos do Estado** | 16.257.323 | 17.333.591 | 6,6 |
| **G/E** *(%)* | **0,49** | **0,47** | |

Fonte: *Puertos del Estado*

CADRO 4.4.4.10.

*Tráfico total nos portos de interés xeral 1998-99*

| | 1998 (en Tm) | 1999 (en Tm) | 99/98 (%) |
|---|---|---|---|
| **Ferrol-San Cibrao** | 8.052.709 | 8.498.125 | 5,5 |
| **A Coruña** | 11.828.777 | 12.057.451 | 1,9 |
| **Marín-Pontevedra** | 1.436.120 | 1.723.136 | 20,0 |
| **Vigo** | 3.103.260 | 3.208.261 | 3,4 |
| **Vilagarcía** | 665.527 | 784.389 | 17,9 |
| **Total** | **25.086.393** | **26.271.362** | **4,7** |
| **Total Portos do Estado** | 303.417.004 | 319.721.894 | 5,4 |
| **G/E** *(%)* | **8,27** | **8,22** | |

Fonte: *Puertos del Estado*

7,2% respecto ó ano anterior. Das 3.231,9 miles de toneladas transportadas, o 60,2% tivo o seu destino Galicia (un 14,1% máis que no ano anterior) en tanto que o 39,8% restante tivo a súa orixe en Galicia (un 1,7% inferior ó volume transportado en 1998).

A provincia de A Coruña é a única que ve diminuido o volume total de mercadorías transportadas en 1999 (un 1,9%), por mor da evolución do transporte ferroviario con orixe nesa provincia. As provincias de Ourense e Lugo son as que presentan o maior crecemento do transporte (por riba do 38%), en tanto que a provincia de Pontevedra presenta un crecemento do 5,2% respecto ó ano anterior.

• ***O transporte marítimo.-***

O **tráfico de pasaxeiros** nos portos galegos de interese xeral ascendeu a 81.863 persoas en 1999, o que supón o 0,47% do total de pasaxeiros nos portos españois. Como reflicte o **cadro 4.4.4.9.**, o porto de Vigo é o máis importante, ó acoller un total de 51.021 pasaxeiros, un 45,1% máis que en 1998, en tanto que A Coruña, tras un descenso do 38,2% acada os 25.584 pasaxeiros.

En relación ó **movemento de mercadorías** nos portos de interese xeral, **cadro 4.4.4.10.**, o tráfico portuario total en 1999 ascendeu a 26.271 miles de toneladas, un 4,7% superior ó existente no ano anterior. O porto de A Coruña é o que presenta un maior tráfico en canto ó número de toneladas, con 12.057 miles de toneladas, que representan o 45,9% do total dos portos de interese xeral de Galicia.

Desagregando o estudio atendendo ás diferentes mercadorías, tal e como se recolle no **cadro 4.4.4.11.**, nos portos de interese xeral salienta, en termos absolutos, o transporte de graneis sólidos, que acada os 12.001 miles de toneladas, sendo o Porto de Ferrol-San Cibrao o porto máis significativo ó mover o 59,4% desta mercadoría (7.142 miles de toneladas).

CADRO 4.4.4.11.

*Tráfico de mercadorías nos portos de interés xeral 1998-99*

(en Tm)

| | Graneis líquidos | | Graneis sólidos | | Mercadoría xeral | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1998 | 1999 | 1998 | 1999 | 1998 | 1999 |
| Ferrol-San Cibrao | 721.125 | 894.942 | 6.948.446 | 7.142.394 | 354.863 | 404.084 |
| A Coruña | 7.762.420 | 7.361.145 | 2.688.004 | 3.303.875 | 273.849 | 259.372 |
| Marín-Pontevedra | - | - | 699.661 | 739.613 | 638.990 | 909.008 |
| Vigo | 52.402 | 51.157 | 469.881 | 429.852 | 2.442.760 | 2.590.505 |
| Vilagarcía | 145.050 | 145.100 | 317.274 | 386.035 | 195.556 | 239.814 |
| **Total** | **8.680.997** | **8.452.344** | **11.123.266** | **12.001.769** | **3.906.018** | **4.402.783** |
| **Total Portos do Estado** | 119.248.142 | 117.989.815 | 79.346.491 | 88.735.825 | 93.255.980 | 100.894.958 |
| **G/E** (%) | **7,28** | **7,16** | **14,02** | **13,53** | **4,19** | **4,36** |

| | Pesca fresca | | Avituallamento | | Tráfico local | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1998 | 1999 | 1998 | 1999 | 1998 | 1999 |
| Ferrol-San Cibrao | 608 | 348 | 26.950 | 24.625 | 716 | 31.733 |
| A Coruña | 45.451 | 46.304 | 177.248 | 193.804 | 881.805 | 892.951 |
| Marín-Pontevedra | 9.860 | 8.927 | 87.610 | 65.445 | - | - |
| Vigo | 80.855 | 82.269 | 54.194 | 51.160 | 3.578 | 560 |
| Vilagarcía | - | | 7.657 | 8.130 | 135 | |
| **Total** | **136.774** | **137.848** | **353.659** | **343.164** | **886.234** | **925.244** |
| **Total Portos do Estado** | 409.588 | 392.464 | 8.135.554 | 8.274.533 | 2.964.862 | 3.434.298 |
| **G/E** (%) | **33,39** | **35,12** | **4,35** | **4,15** | **29,89** | **26,94** |

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos facilitados polas *Autoridades Portuarias* e *Puertos del Estado*

Salienta tamén o movemento dos graneis líquidos, que ascenden a 8.452 miles de toneladas, sendo o porto de A Coruña o máis importante ó transporta-lo 87,1% dos mesmos (7.361 miles de toneladas).

En termos relativos, é importante o transporte de pesca fresca, que representa o 35,1% do total do transporte desta mercadoría en España, sendo o porto de Vigo ó máis importante, ó acoller o 59,7% do total de Galicia e o 21% do total do tráfico de pesca fresca en España.

Tamén ten un peso relativo importante o tráfico local, que representaría o 26,9% do total dos portos estatais, e donde o porto de A Coruña sobresae de maneira importante ó acolle-lo 96,5% do total dos portos de interese xeral en Galicia e o 26% dos portos estatais.

***• O transporte aéreo.-***

A análise do transporte aeroportuario parte da consideración do **tráfico de aeronaves** nos aeroportos galegos. En 1999 o número total de aeronaves foi de 43.173, un 2,5% superior ó do ano anterior, cifra que significou o 2,6% do total de movementos de aeronaves en España. O **cadro 4.4.4.12.** reflicte que o aeroporto de Santiago acolleu o 48% do total de aeronaves en Galicia, seguido de Vigo, cun 30,3% ,e o de A Coruña, co 21,7%. O aeroporto de Santiago foi o único que experimentou un descenso no que ó número de aeronaves se refire, cunha caída do 2,4% respecto ó ano anterior.

O 77,8% do total de aeronaves en Galicia corresponde a avións comerciais. En función da regularidade ou non dos voos, o 86,3% das aeronaves comerciais son regulares.

En 1998 o **tráfico de pasaxeiros** nos aeroportos galegos, **cadro 4.4.4.13.**, rexistrou unha cifra de 2.513,5 miles de persoas, un 10,3% superior ó número de viaxeiros do ano anterior. O aeroporto de Santiago é quen máis tráfico de pasaxeiros presenta ó acoller o 55,7% do total de pasaxeiros en Galicia, seguido do aeroporto

CADRO 4.4.4.12.

### *Tráfico áereo 1998-99: aeronaves*

**1998**

| | Totais | 98/97 (%) | Aeronaves comerciais Totais | Nacionais | Internacionais | Regulares | Charter | OCT (1) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **A Coruña** | 8.612 | 9,5 | 5.980 | 5.483 | 497 | 5.715 | 265 | 2.632 |
| **Santiago** | 21.219 | -2,9 | 17.680 | 14.690 | 2.990 | 14.243 | 3.437 | 3.539 |
| **Vigo** | 12.293 | -0,6 | 7.783 | 6.687 | 1.096 | 7.077 | 706 | 4.510 |
| **Total** | **42.124** | **0,1** | **31.443** | **26.860** | **4.583** | **27.035** | **4.408** | **10.681** |
| **Total España** | 1.253.714 | 4,4 | | | | 947.329 | | |
| **G/E** *(%)* | **3,36** | | | | | **2,9** | | |

**1999**

| | Totais | 99/98 (%) | Aeronaves comerciais Totais | Nacionais | Internacionais | Regulares | Charter | OCT (1) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **A Coruña** | 9.376 | 8,9 | 7.308 | 6.607 | 701 | 6.906 | 402 | 2.068 |
| **Santiago** | 20.708 | -2,4 | 17.451 | 12.712 | 4.739 | 13.937 | 3.514 | 3.257 |
| **Vigo** | 13.089 | 6,5 | 8.833 | 7.192 | 1.641 | 8.159 | 634 | 4.256 |
| **Total** | **43.173** | **2,5** | **33.592** | **26.511** | **7.081** | **29.002** | **4.550** | **9.581** |
| **Total España** | 1.675.002 | 33,6 | 1.394.605 | 748.616 | 646.989 | 1.065.792 | 328.479 | 280.397 |
| **G/E** *(%)* | **2,58** | | **2,4** | **3,5** | **1,1** | **2,7** | **1,4** | **3,4** |

(1) OCT= outras clases de tráfico
Fonte: *AENA*

CADRO 4.4.4.13.

## *Tráfico aéreo 1998-99: pasaxeiros*

### *1998*

| | Pasaxeiros | | Pasaxeiros comerciais | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Totais | 98/97 (%) | Totais | Nacionais | Internacionais | Regulares | Charter | En tránsito | OCT (1) |
| **A Coruña** | 439.052 | 8,74 | 432.737 | 427.268 | 5.469 | 428.869 | 3.868 | 10 | 6.305 |
| **Santiago** | 1.255.925 | -6,86 | 1.189.977 | 1.038.441 | 151.536 | 1.089.729 | 100.248 | 65.832 | 116 |
| **Vigo** | 583.474 | 4,85 | 582.679 | 547.255 | 35.424 | 555.571 | 27.108 | 526 | 269 |
| **Total** | **2.278.451** | **-1,31** | **2.205.393** | **2.012.964** | **192.429** | **2.074.169** | **131.224** | **66.368** | **6.690** |
| **Total España** | 116.369.633 | 7,10 | | | | | | | |
| **G/E** *(%)* | **1,96** | | | | | | | | |

### *1999*

| | Pasaxeiros | | Pasaxeiros comerciais | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Totais | 99/98 (%) | Totais | Nacionais | Internacionais | Regulares | Charter | En tránsito | OCT (1) |
| **A Coruña** | 492.562 | 12,19 | 487.309 | 481.254 | 6.055 | 482.782 | 4.527 | - | 5.253 |
| **Santiago** | 1.399.501 | 11,43 | 1.317.758 | 1.178.834 | 138.924 | 1.217.645 | 100.113 | 81.648 | 95 |
| **Vigo** | 621.485 | 6,51 | 620.911 | 583.433 | 37.478 | 593.306 | 27.605 | 247 | 327 |
| **Total** | **2.513.548** | 10,32 | **2.425.978** | **2.243.521** | **182.457** | **2.293.733** | **132.245** | **81.895** | **5.675** |
| **Total España** | 128.395.006 | 10,33 | 126.342.282 | 50.861.275 | 75.481.007 | 88.591.334 | 37.748.455 | 1.776.752 | 275.972 |
| **G/E** *(%)* | **1,96** | | **1,9** | **4,4** | **0,2** | **2,6** | **0,4** | **4,6** | **2,1** |

(1) OCT= outras clases de tráfico
Fonte: *AENA*

CADRO 4.4.4.14.

*Tráfico aéreo 1998-99: mercadorías*

**1998**

(en Tm)

| | Mercadorías totais | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Totais | 98/97 (%) | Nacionais | Internacionais |
| **A Coruña** | 444.845 | -26,28 | 443.821 | 1.024 |
| **Santiago** | 5.788.694 | -2,55 | 3.345.294 | 2.443.400 |
| **Vigo** | 1.158.644 | -38,22 | 936.679 | 221.965 |
| **Total** | **7.392.183** | **-12,20** | **4.725.794** | **2.666.389** |
| **Total España** | 547.966.741 | 1,51 | | |
| **G/E** (%) | **1,35** | | | |

**1999**

| | Mercadorías totais | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Totais | 99/98 (%) | Nacionais | Internacionais |
| **A Coruña** | 466.907 | 4,96 | 460.110 | 6.797 |
| **Santiago** | 5.105.651 | -11,80 | 3.187.716 | 1.917.935 |
| **Vigo** | 1.329.821 | 14,77 | 1.131.322 | 198.499 |
| **Total** | **6.902.379** | -6,63 | **4.779.148** | **2.123.231** |
| **Total España** | 583.809.511 | 6,54 | 248.609.478 | 335.200.033 |
| **G/E** (%) | **1,18** | | **1,9** | **0,6** |

Fonte: *AENA*

de Vigo, cun 24,7%, e o de A Coruña, cun 19,6%.

En relación ó **tráfico de mercadorías** nos aeroportos galegos, **cadro 4.4.4.14.**, en 1999 prodúcese un descenso do volume total de mercadorías transportadas do 6,6% respecto ó ano anterior, para situarse nos 6.902,4 miles de toneladas (o 1,18% do total español). Ademais deste escaso peso relativo, salienta o descenso rexistrado no aeroporto de Santiago, que decreceu un 11,8% respecto ó ano anterior. Ó igual que para o caso dos pasaxeiros, o aeroporto de Santiago é o que presenta un maior tráfico: acolle ó 74% do total do tráfico galego de mercadorías.

***• Indicadores empresariais.-***

Das empresas seleccionadas por Ardán, no período 97-98, un total de 1.001 empresas (o 9% do total) adícanse ó subsector dos transportes e servicios asociados. O emprego medio das empresas do subsector, segundo os datos facilitados por elas mesmas, foi de 15 traballadores por empresa. Comparado coa selección utilizada para o estudio de empresas galegas, o VEB xerado polas empresas do subsector de transportes e servicios asociados (68.678,6 millóns de pesetas) representa o 6,4% do VEB total xerado pola mostra de empresas utilizada, en tanto que o peso relativo dos ingresos de explotación foi do 4,9% no período 97-98.

Dentro das actividades que comprende o grupo, **cadro 4.4.4.15.**, as tres actividades máis importantes en canto á xeración do VEB se refire son as actividades de transporte de mercadorías por estrada (20.972,4 millóns de pesetas), as de transporte de pasaxeiros (13.849,1 millóns) e as de servicios relacionados co automóbil (10.835,4 millóns), que xeran un total de 45.656,9 millóns de pesetas, que representan o 66,5% do VEB total xerado polas empresas consideradas neste subsector.

CADRO 4.4.4.15.

**_Sector dos transportes e servicios asociados 1998:actividades que comprende o grupo_**

*(en millóns de pesetas)*

| | Empresas | Ingresos de explotación | V.E.B. c.f. | *Cash-flow* | Activo total | Emprego medio |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Transporte de pasaxeiros | 108 | 25.103,64 | 13.849,14 | 3.948,62 | 24.723,85 | 33 |
| Transporte de mercadorías por estrada | 316 | 70.704,98 | 20.972,39 | 6.436,04 | 44.829,55 | 14 |
| Transporte marítimo | 16 | 5.233,74 | 2.318,04 | 988,47 | 8.649,09 | 29 |
| Axentes consignatarios e de aduanas | 39 | 19.165,28 | 3.640,86 | 810,64 | 12.794,20 | 15 |
| Manipulación e depósito de mercadorías | 31 | 11.392,29 | 5.360,65 | 1.138,12 | 9.459,49 | 38 |
| Outras actividades anexas ós transportes | 65 | 31.773,60 | 5.906,72 | 1.406,67 | 217.512,64 | 18 |
| Estacións de servicio e gasolineiras | 189 | 68.548,89 | 5.795,37 | 1.590,24 | 18.036,57 | 7 |
| Servicios relacionados co automóbil | 237 | 37.644,20 | 10.835,39 | 2.750,05 | 24.519,56 | 12 |
| **Total** | **1.001** | **269.566,63** | **68.678,55** | **19.068,85** | **360.524,94** | **15** |
| Peso do grupo no conxunto de empresas galegas | **9,01%** | **4,85%** | **6,39%** | **6,53%** | **9,04%** | |

Fonte: *Ardán*

CADRO 4.4.4.16.

**_Sector dos transportes e servicios asociados 1997-98: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB_**

*(en millóns de pesetas)*

| Núcleos | 1997 | 1998 | 98/97 |
|---|---|---|---|
| **A Coruña** | 12.862,00 | 14.470,94 | 12,5 |
| **Vigo** | 10.689,97 | 11.635,96 | 8,8 |
| **Santiago** | 3.531,67 | 3.860,40 | 9,3 |
| **Lugo** | 2.753,85 | 3.082,32 | 11,9 |
| **Ferrol** | 2.466,73 | 2.752,06 | 11,6 |
| **Mos** | 2.550,38 | 2.710,76 | 6,3 |
| **Marín** | 1.956,99 | 2.200,93 | 12,5 |
| **Ourense** | 1.693,74 | 1.888,92 | 11,5 |

Fonte: *Ardán*

Atendendo ó VEB a custo de factores xerado polas propias empresas, os principais **núcleos de localización** son, tal e como recolle o **cadro 4.4.4.16.**, A Coruña (14.470,9 millóns de pesetas) e Vigo (11.636 millóns), que acollen o 38% do VEB xerado neste grupo de actividades.

No concernente á **evolución da actividade: ingresos, custos e resultados**, o **cadro 4.4.4.17.** amosa o crecemento do resultado económico neto de explotación e do resultado neto do exercicio por riba do 21% respecto o ano anterior, e un crecemento do VEB a custo de factores de 11,8%. Dado o crecemento dos ingresos de explotación nun 10,1%, o peso do VEB a custo dos factores aumenta do 25,1% ata o 25,5%.

En relación ó **investimento e ó financiamento**, **cadro 4.4.4.18.**, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 16,2% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 14.447,2 millóns de pesetas, un 0,5% inferior ó existente o ano anterior. O 83,8% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 79,3% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medran un 6,1% respecto ó ano anterior, supoñen o 33,5% do financiamento

CADRO 4.4.4.17.

**_Evolución da actividade no sector dos transportes e servicios asociados 1997-98: ingresos, custos e resultados_**

| | 1997 | | 1998 | | 98/97 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de pesetas)* | *(%)* | *(en millóns de pesetas)* | *(%)* | |
| **Ingresos de explotación** | 244.758,29 | 100,00 | 269.566,63 | 100,00 | 10,1 |
| **Consumo e outros gastos de explotación** | 183.333,67 | 74,90 | 200.888,08 | 74,52 | 9,6 |
| **Valor engadido bruto a custo dos factores** | 61.424,62 | 25,10 | 68.678,55 | 25,48 | 11,8 |
| **Gastos de persoal** | 40.347,51 | 16,48 | 44.142,29 | 16,38 | 9,4 |
| **Resultado económico bruto da explotación** | 21.077,11 | 8,61 | 24.536,26 | 9,10 | 16,4 |
| **Amortizacións** | 9.558,77 | 3,91 | 10.506,23 | 3,90 | 9,9 |
| **Resultado económico neto da explotación** | 11.518,34 | 4,71 | 14.030,03 | 5,20 | 21,8 |
| **Resultado financeiro** | - 5.460,32 | -2,23 | - 5.846,92 | -2,17 | -7,1 |
| **Ingresos financeiros** | 2.374,39 | 0,97 | 2.217,45 | 0,82 | -6,6 |
| **Gastos financeiros** | 7.834,71 | 3,20 | 8.064,36 | 2,99 | 2,9 |
| **Resultado de actividades ordinarias** | 6.058,02 | 2,48 | 8.183,11 | 3,04 | 35,1 |
| **Resultado de actividades extraordinarias** | 4.135,04 | 1,69 | 4.529,80 | 1,68 | 9,5 |
| **Resultado antes de impostos** | 10.193,07 | 4,16 | 12.712,92 | 4,72 | 24,7 |
| **Impostos** | 3.126,77 | 1,28 | 4.150,30 | 1,54 | 32,7 |
| **Resultado neto do exercicio** | 7.066,30 | 2,89 | 8.562,62 | 3,18 | 21,2 |
| ***Cash-flow*** | 16.625,07 | 6,79 | 19.068,85 | 7,07 | 14,7 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 4.4.4.18.

**_Evolución do investimento e do financiamento no sector dos transportes e servicios asociados 1997-98_**

| | 1997 | | 1998 | | 98/97 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de pesetas)* | *(%)* | *(en millóns de pesetas)* | *(%)* | |
| **Activo total** | 327.834,50 | 100,00 | 360.524,94 | 100,00 | 10,0 |
| **Activo fixo (neto)** | 248.993,00 | 75,95 | 271.293,68 | 75,25 | 9,0 |
| **Gastos amortizables** | 2.986,41 | 0,91 | 2.904,31 | 0,81 | -2,7 |
| **Inmobilizado inmaterial** | 12.030,97 | 3,67 | 14.373,58 | 3,99 | 19,5 |
| **Inmobilizado material** | 219.752,14 | 67,03 | 236.857,51 | 65,70 | 7,8 |
| **Outro inmobilizado** | 13.888,57 | 4,24 | 16.843,43 | 4,67 | 21,3 |
| **Outro activo fixo** | 334,92 | 0,10 | 314,86 | 0,09 | -6,0 |
| **Circulante neto** | 78.841,49 | 24,05 | 89.231,26 | 24,75 | 13,2 |
| **Existencias** | 7.742,94 | 2,36 | 7.724,68 | 2,14 | -0,2 |
| **Debedores** | 42.741,64 | 13,04 | 49.878,70 | 13,84 | 16,7 |
| **Tesourería** | 11.405,09 | 3,48 | 13.887,41 | 3,85 | 21,8 |
| **Outro activo circulante** | 16.951,83 | 5,17 | 17.740,47 | 4,92 | 4,7 |
| **Fontes de financiamento** | 327.834,50 | 100,00 | 360.524,94 | 100,00 | 10,0 |
| **Financiamento permanente** | 263.508,15 | 80,38 | 285.740,84 | 79,26 | 8,4 |
| **Fondos propios** | 113.855,07 | 34,73 | 120.775,43 | 33,50 | 6,1 |
| **Recursos alleos l/p** | 144.798,39 | 44,17 | 162.878,52 | 45,18 | 12,5 |
| **Ingresos distribuidos en varios exercicios** | 4.854,69 | 1,48 | 2.086,89 | 0,58 | -57,0 |
| **Acreedores a curto plazo** | 64.326,35 | 19,62 | 74.784,11 | 20,74 | 16,3 |
| **Fondo de rotación** | 14.515,15 | 4,43 | 14.447,15 | 4,01 | -0,5 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 4.4.4.19.

### *Sector dos transportes e servicios asociados 1997-98: estudio económico-financeiro*

### *Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación*

| | Crecemento dos ingresos | | V.E.B.c.f. / ingresos | | Gastos persoal / ingresos | | Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos | | Carga financeira / ingresos | | Cash-flow / ingresos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| **1998** | 8,24% | 11,41% | 30,93% | 23,65% | 19,64% | 15,89% | 3,58% | 3,34% | 0,94% | 0,96% | 5,01% | 3,24% |
| **1997** | 7,46% | 10,26% | 29,30% | 24,26% | 19,71% | 16,54% | 3,05% | 3,18% | 1,06% | 1,12% | 4,41% | 3,06% |

### *Rendibilidade e magnitudes asociadas*

| | Rendibilidade económica | | Marxe | | Rotación de activos | | Rendibilidade financeira antes de impostos | | Coste neto da débeda | | Coeficente de endebedamento | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| **1998** | 7,84% | 6,80% | 4,02% | 3,55% | 1,89 | 1,89 | 17,50% | 16,90% | 3,12% | 2,74% | 1,95 | 2,46 |
| **1997** | 7,91% | 6,62% | 3,87% | 3,46% | 1,86 | 1,84 | 16,42% | 14,92% | 3,57% | 3,09% | 2,12 | 2,54 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 4.4.5.1.

*Sector dos servicios 1998: actividades que comprende o grupo*

*(en millóns de pesetas)*

| | Empresas | Ingresos de explotación | V.E.B. c.f. | *Cash-flow* | Activo total | Emprego medio |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Serv. de limpeza, desinfec. e conservación | 53 | 12.324,81 | 8.863,60 | 653,22 | 19.644,16 | 107 |
| Publicidade | 67 | 11.420,09 | 2.302,77 | 439,05 | 6.071,00 | 23 |
| Serv. xuríd. de cont., asesor. e estud. mdo. | 76 | 9.316,94 | 5.406,19 | 1.128,38 | 11.736,60 | 15 |
| Serv. técnic. de arquic. e exeñ. e activ. relac. | 82 | 12.547,90 | 5.486,26 | 1.193,20 | 14.086,92 | 13 |
| Intermediarios de comercio | 116 | 32.157,76 | 6.160,67 | 1.732,37 | 54.760,91 | 12 |
| Servicios comerciais | 69 | 22.064,18 | 14.728,76 | 1.178,48 | 12.055,07 | 78 |
| Servicios funerarios | 21 | 3.088,38 | 1.430,19 | 489,62 | 3.313,95 | 15 |
| **Total** | **484** | **102.920,05** | **44.378,44** | **6.814,32** | **121.668,61** | **33** |
| **Peso do grupo no conxunto de empresas galegas** | **4,36%** | **1,85%** | **4,13%** | **2,33%** | **3,05%** | |

Fonte: *Ardán*

total. Os recursos alleos a longo prazo creceron un 12,5%, cun peso relativo do 45,2% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 360.524,9 millóns de pesetas, un 10% superior ó valor de 1997, dos que 271.293,7 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 9% superior ó existente o ano anterior). Os 89.231,3 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 13,2% en relación a 1997.

Finalmente, o **cadro 4.4.4.19.** recolle a **análise económica e financeira**. Ésta amosa unha aceleración no crecemento dos ingresos, unha diminuición tanto do peso relativo dos gastos de persoal como da carga financeira. Respecto á rendibilidade e magnitudes asociadas, o cadro reflicte un leve descenso da rendibilidade económica, manténdose practicamente estable a marxe e a rotación de activos, e a rendibilidade financeira antes de impostos crece no período a pesares do descenso da rendibilidade económica e do custo da débeda.

## 4.4.5.- Servicios a empresas

Os servicios ás empresas son un conxunto de servicios intermedios que sociedades especializadas propoñen a outras empresas a fin de incrementa-la súa eficacia, a súa productividade e a súa competitividade. Seguindo a metodoloxía Ardán, o subsector servicios a empresas está composto polos servicios de limpeza, desinfección e conservación; publicidade; servicios xurídicos de contabilidade, asesoramento e estudios de mercado; servicios técnicos de arquitectura e enxeñería e actividades relacionadas; intermediarios de comercio; servicios comerciais e servicios funerarios.

Unha aproximación á **poboación ocupada** neste subsector pode facerse a partires dos datos recollidos no epígrafe "outros servicios" do **cadro 4.0.3.** *(Poboación ocupada 1998-99: distribución por ramas de actividade)*. Do mesmo, despréndese un crecemento do número de ocupados no ano 1999 do 7,8%, situándose a poboación ocupada nas 94,0 miles de persoas, que representan o 19,1% do total da ocupación no sector servicios en Galicia. Comparado co total de España, a poboación ocupada en Galicia nos "outros servicios" representa o 10,36% do total do estado, fronte ó 10,43% do ano anterior.

**• *Indicadores empresariais.-***

Segundo o criterio de selección de empresas de Ardán, a análise das actividades de servicios a empresas, presentada no **cadro**

CADRO 4.4.5.2.

**Sector dos servicios 1997-98: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

*(en millóns de pesetas)*

| Núcleos | 1997 | 1998 | 98/97 |
|---|---|---|---|
| **A Coruña** | 11.543,98 | 14.183,44 | 22,9 |
| **Vigo** | 8.378,26 | 10.077,81 | 20,3 |
| **Lugo** | 3.121,75 | 3.665,61 | 17,4 |
| **Sada** | 2.247,79 | 3.114,02 | 38,5 |
| **Santiago** | 1.881,77 | 2.502,53 | 33,0 |
| **Ourense** | 2.136,28 | 2.255,12 | 5,6 |
| **Pontevedra** | 1.001,92 | 1.314,96 | 31,2 |
| **O Porriño** | 923,36 | 1.200,31 | 30,0 |

Fonte: *Ardán*

**4.4.5.1.**, está formada por 484 empresas, que supuñan o 4,4% do total de empresas analizadas, cun emprego medio de 33 traballadores por empresa. Comparado co total de empresas galegas seleccionadas, o VEB xerado polas empresas do subsector de servicios empresariais (44.378,4 millóns de pesetas) representa o 4,1% do VEB total, en tanto que os ingresos de explotación (102.920 millóns) representan o 1,9% no período 97-98.

A Coruña e Vigo son os principais **núcleos de localización** atendendo ó valor engadido bruto a custo de factores xerado polas empresas. Nestas dúas cidades xeráronse un total de 24.261,3 millóns de pesetas en 1998, un 21,8% máis que o ano anterior, o que representa o 54,7% do total do subsector **(cadro 4.4.5.2.)**.

No concernente á **evolución da actividade**: ingresos, custos e resultados, o **cadro 4.4.5.3.** amosa un crecemento dos ingresos de explotación (15,1%) e do VEB (un 22,4% respecto ó ano anterior), así como a mellora do resultado de actividades ordinarias (un 34,0%) e do resultado neto do exercicio (un 4,7%). En termos relativos, o VEB crece do 40,5% ata o 43,1%, ó contrario do que acontece co *cash-flow*, que pasa do 7,1% ata o 6,6% en 1998.

En relación ó **investimento e ó financiamento**, **cadro 4.4.5.4.**, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 29,7% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 20.036,3 millóns de pesetas, un 296,8% superior ó existente o ano anterior. O 70,3% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 61% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medran un 12% respecto ó ano anterior, supoñen o 30,4% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo cerceron un 173,2%, cun peso relativo do 29,1% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 121.668,6 millóns de pesetas, un 47,8% superior ó valor de 1997, dos que 54.118 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 29% superior ó existente o ano anterior). Os 67.550,6 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 67,3% en relación a 1997.

Finalmente, no que ó **estudio económico e financeiro** se refire, os indicadores de nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación, **cadro 4.4.5.5.**, amosan a desaceleración do crecemento dos ingresos e a diminución dos custos gastos de persoal e carga financeira dun xeito relativo. O devandito cadro reflicte o crecemento das rendibilidades econó-

CADRO 4.4.5.3.

***Evolución da actividade no sector dos servicios 1997-98: ingresos, custos e resultados***

| | 1997 | | 1998 | | 98/97 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de pesetas)* | *(%)* | *(en millóns de pesetas)* | *(%)* | |
| **Ingresos de explotación** | 89.437,11 | 100,00 | 102.920,05 | 100,00 | 15,1 |
| **Consumo e outros gastos de explotación** | 53.194,73 | 59,48 | 58.541,61 | 56,88 | 10,1 |
| **Valor engadido bruto a custo dos factores** | 36.242,38 | 40,52 | 44.378,44 | 43,12 | 22,4 |
| **Gastos de persoal** | 29.071,55 | 32,51 | 34.894,24 | 33,90 | 20,0 |
| **Resultado económico bruto da explotación** | 7.170,83 | 8,02 | 9.484,19 | 9,22 | 32,3 |
| **Amortizacións** | 1.833,99 | 2,05 | 2.133,56 | 2,07 | 16,3 |
| **Resultado económico neto da explotación** | 5.336,84 | 5,97 | 7.350,64 | 7,14 | 37,7 |
| **Resultado financeiro** | 32,15 | 0,04 | - 156,97 | -0,15 | - |
| Ingresos financeiros | 1.664,33 | 1,86 | 1.595,80 | 1,55 | -4,1 |
| Gastos financeiros | 1.632,19 | 1,82 | 1.752,77 | 1,70 | 7,4 |
| **Resultado de actividades ordinarias** | 5.368,99 | 6,00 | 7.193,67 | 6,99 | 34,0 |
| **Resultado de actividades extraordinarias** | 465,27 | 0,52 | - 753,27 | -0,73 | - |
| **Resultado antes de impostos** | 5.834,26 | 6,52 | 6.440,40 | 6,26 | 10,4 |
| **Impostos** | 1.365,54 | 1,53 | 1.759,64 | 1,71 | 28,9 |
| **Resultado neto do exercicio** | 4.468,72 | 5,00 | 4.680,76 | 4,55 | 4,7 |
| ***Cash-flow*** | 6.302,70 | 7,05 | 6.814,32 | 6,62 | 8,1 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 4.4.5.4.

***Evolución do investimento e do financiamento no sector dos servicios 1997-98***

| | 1997 | | 1998 | | 98/97 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de pesetas)* | *(%)* | *(en millóns de pesetas)* | *(%)* | |
| **Activo total** | 82.321,43 | 100,00 | 121.668,61 | 100,00 | 47,80 |
| **Activo fixo (neto)** | 41.951,01 | 50,96 | 54.118,04 | 44,48 | 29,00 |
| Gastos amortizables | 789,88 | 0,96 | 1.029,53 | 0,85 | 30,34 |
| Inmobilizado inmaterial | 2.854,74 | 3,47 | 3.917,09 | 3,22 | 37,21 |
| Inmobilizado material | 15.385,66 | 18,69 | 24.362,40 | 20,02 | 58,34 |
| Outro inmobilizado | 21.774,05 | 26,45 | 24.621,08 | 20,24 | 13,08 |
| Outro activo fixo | 1.146,68 | 1,39 | 187,95 | 0,15 | -83,61 |
| **Circulante neto** | 40.370,43 | 49,04 | 67.550,57 | 55,52 | 67,33 |
| Existencias | 3.748,99 | 4,55 | 4.552,77 | 3,74 | 21,44 |
| Debedores | 28.169,76 | 34,22 | 51.724,69 | 42,51 | 83,62 |
| Tesourería | 5.916,86 | 7,19 | 7.710,94 | 6,34 | 30,32 |
| Outro activo circulante | 2.534,82 | 3,08 | 3.562,17 | 2,93 | 40,53 |
| **Fontes de financiamento** | 82.321,43 | 100,00 | 121.668,61 | 100,00 | 47,80 |
| **Financiamento permanente** | 47.000,19 | 57,09 | 74.154,30 | 60,95 | 57,77 |
| Fondos propios | 32.977,35 | 40,06 | 36.930,40 | 30,35 | 11,99 |
| Recursos alleos l/p | 12.943,91 | 15,72 | 35.359,47 | 29,06 | 173,17 |
| Ingresos distribuidos en varios exercicios | 1.078,93 | 1,31 | 1.864,44 | 1,53 | 72,80 |
| **Acreedores a curto plazo** | 35.321,24 | 42,91 | 47.514,31 | 39,05 | 34,52 |
| **Fondo de rotación** | 5.049,19 | 6,13 | 20.036,26 | 16,47 | 296,82 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 4.4.5.5.

***Sector dos servicios 1997-98: estudio económico-financeiro***

***Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación***

| | Crecemento dos ingresos | | V.E.B.c.f. / ingresos | | Gastos persoal / ingresos | | Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos | | Carga financeira / ingresos | | Cash-flow / ingresos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| **1998** | 7,50% | 11,41% | 47,04% | 23,65% | 29,53% | 15,89% | 4,88% | 3,34% | 0,62% | 0,96% | 5,03% | 3,24% |
| **1997** | 13,32% | 10,26% | 48,20% | 24,26% | 29,75% | 16,54% | 4,85% | 3,18% | 0,81% | 1,12% | 5,46% | 3,06% |

***Rendibilidade e magnitudes asociadas***

| | Rendibilidade económica | | Marxe | | Rotación de activos | | Rendibilidade financeira antes de impostos | | Coste neto da débeda | | Coeficente de endebedamento | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| **1998** | 9,43% | 6,80% | 4,96% | 3,55% | 1,87 | 1,89 | 24,04% | 16,90% | 1,88% | 2,74% | 1,71 | 2,46 |
| **1997** | 9,34% | 6,62% | 4,95% | 3,46% | 1,84 | 1,84 | 24,02% | 14,92% | 2,51% | 3,09% | 1,67 | 2,54 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 4.4.6.1.

*Oficinas das entidades de depósito 1998-99*

| | Oficinas | | | 1999 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1998 | 1999 | 99/98 (%) | Bancos | Caixas %/Total | Cooperativas |
| **A Coruña** | 907 | 920 | 1,4 | 62,4 | 37,5 | 0,1 |
| **Lugo** | 384 | 386 | 0,5 | 57,8 | 33,9 | 8,3 |
| **Ourense** | 433 | 432 | -0,2 | 50,5 | 49,3 | 0,2 |
| **Pontevedra** | 771 | 777 | 0,8 | 55,1 | 44,9 | – |
| **Total** | **2.495** | **2.515** | 0,8 | **57,4** | **41,3** | **1,4** |
| **Total España** | 38.639 | 38.987 | 0,9 | 43,4 | 47,0 | 9,6 |

Fonte: *Banco de España*

mica e financeira antes de impostos. A primeira aumenta por mor do comportamento da marxe e da rotación de activos, e a segunda debido á mellora da rendibilidade económica e a redución do custo da débeda.

## 4.4.6.- Servicios financeiros

Á hora de analiza-lo sector financeiro galego, partirase da información facilitada polo Banco de España, a Asociación Española de Banca, as Caixas de Aforros e a Bolsa de Madrid.

Na primeira parte do estudio deste subsector comentarase a situación do sistema financeiro galego, analizando tanto a situación das entidades crediticias como a das outras institucións financeiras, onde se inclúe o estudio de instrumentos financeiros como as sociedades de capital risco ou as sociedades de garantía recíproca. Nunha segunda parte farase referencia ós mercados financeiros, nos que salienta que en 1999 a capitalización das empresas galegas que cotizan en Bolsa (sen ter en conta a Zeltia) ascendeu a 1.231 miles de millóns de pesetas, un 13,1% superior á rexistrada o ano anterior

Como feitos salientables do ano 1999 pódense sinalar, por unha banda, que se deron os primeiros pasos do proceso de fusión das caixas de aforro do sur de Galicia coa integración de Caixa Vigo e Ourense. Por outra banda, o 18 de marzo de 1999 constituíuse **Xesgalicia**, Sociedade Xestora de Entidades de Capital Risco, S.A., que ten como obxecto social exclusivo a administración, representación e xestión de fondos de capital risco e de activos de sociedades de capital risco.

Finalmente, os fondos **Adiante 2000** e o fondo de capital risco **Emprende** comenzaron a súa actividade o 1 de xullo.

**• *Entidades crediticias.-***

O **número de oficinas** de entidades de crédito implantadas en Galicia en 1999, **cadro 4.4.6.1.**, ascendeu a 2.515, vinte máis que no ano anterior. Comparado coa situación a nivel estatal, a importancia relativa da comunidade galega respecto ó total estatal no referente ó número de oficinas mantívose no 6,5% no ano 1999. A provincia de A Coruña é a que máis oficinas acolle, con 920 (13 máis que en 1998), seguida de Pontevedra, con 777 (6 máis). No caso oposto, Ourense presenta unha oficina menos que no ano anterior.

Do total das 2.515 oficinas implantadas en Galicia no ano 1999, o 57,4% corresponde ós bancos, e o 41,3% ás caixas de aforros, en tanto que ás cooperativas de crédito, que só teñen presencia significativa en Lugo, correspóndelles un 1,4%. Comparado co total de España, a importancia relativa das oficinas bancarias no total de oficinas de entidades crediticias en Galicia é moi superior á que presentan en España, en

CADRO 4.4.6.2.

**_Balances resumidos da banca galega 1998-99_**

| | 1998 | 1999 | 99/98 |
|---|---|---|---|
| | *(en millóns de pesetas)* | | *(%)* |
| **Activos** | | | |
| **Caixas e depósitos en bancos centrais** | 31.551 | 33.516 | 6,2 |
| **Entidades de crédito** | 350.538 | 380.572 | 8,6 |
| **Carteira de valores (1)** | 317.012 | 283.318 | -10,6 |
| **Investimentos crediticios (neto) (2)** | 1.027.873 | 1.172.301 | 14,1 |
| **Outros activos** | 78.601 | 87.645 | 11,5 |
| **Pasivos** | | | |
| **Entidades de crédito** | 323.827 | 373.934 | 15,5 |
| **Recursos propios (3)** | 120.559 | 125.142 | 3,8 |
| **Recursos alleos (4)** | 1.281.362 | 1.379.328 | 7,6 |
| **Outros pasivos** | 79.827 | 78.948 | -1,1 |
| **Total balance** | **1.805.575** | **1.957.352** | 8,4 |

(1) Inclúe Débedas Estado, obrigas e outros valores de renda fixa, accións e outros títulos de renda variable, participacións e participacións en empresas do grupo
(2) Créditos sobre clientes
(3) Capital subscrito+Primas de emisión+Reservas+Reservas revalorización+Resultados de exercicios anteriores
(4) Débitos a clientes+Débitos representados por valores negociables+Pasivos subordinados

Fonte: *Asociación Española de Banca*

CADRO 4.4.6.3.

**_Resultados das caixas de aforros galegas 1998-99_**

*(en millóns de pesetas)*

| 1998 | Activo total | Recursos alleos (1) | Créditos | Beneficios antes de impostos | Beneficio neto |
|---|---|---|---|---|---|
| **Caixa Galicia** | 2.038.093 | 1.395.920 | 1.035.486 | 27.165 | 17.660 |
| **Caixa Ourense** | 281.369 | 217.680 | 117.676 | 3.726 | 2.864 |
| **Caixa Vigo** | 634.332 | 476.870 | 390.631 | - | 9.010 |
| **Caixa Pontevedra** | 219.164 | 200.910 | 128.477 | 2.351 | 1.810 |
| **Total** | 3.172.958 | 2.291.380 | 1.672.270 | 33.242 | 31.344 |

| 1999 | Activo total | Recursos alleos (1) | Créditos | Beneficios antes de impostos | Beneficio neto |
|---|---|---|---|---|---|
| **Caixa Galicia** | | 163.476 | | 29.279 | 19.587 |
| **Caixa Vigo e Ourense** | 997.101 | 775.856 | | | |
| **Caixa Pontevedra** | 241.616 | 211.740 | 138.118 | 3.224 | 2.249 |
| **Total** | 1.238.717 | 1.151.072 | 138.118 | 32.503 | 21.836 |

(1) débitos a clientes + débitos representados por valores negociables+pasivos subordinados
Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos facilitados polas Caixas

tanto que no caso das caixas de aforros e das cooperativas dase a situación contraria.

Á análise da actividade das entidades de depósito en Galicia baséase no estudio do balance dos bancos e das caixas de aforros, recollidos nos **cadros 4.4.6.2**. e **4.4.6.3.**. Por unha banda, o balance da banca galega aumentou un 8,4% respecto a 1998 para situarse nos 1.957.352 millóns de pesetas. Pola outra, segundo os datos recollidos no **cadro 4.4.6.3.**, as caixas de aforros galegas presentaron unha evolución positiva no que ós seus resultados se refire, aumentando o activo total, os beneficios antes de impostos ou o beneficio neto das mesmas.

CADRO 4.4.6.4.

***Oficinas, persoal e caixeiros automáticos das caixas de aforros 1998-99***

| | 1998 | | |
|---|---|---|---|
| | **oficinas** | **persoal** | **caixeiros aut.** |
| **Caixa Vigo** | 211 | 1.175 | 172 |
| **Caixa Galicia** | 580 | 2.927 | -- |
| **Caixa Ourense** | 130 | 596 | 68 |
| **Caixa Pontevedra** | 120 | 588 | 95 |
| **Total** | **1.041** | **5.286** | **--** |
| | **1999** | | |
| | **oficinas** | **persoal** | **caixeiros aut.** |
| **Caixa Vigo e Ourense** | 342 | 1.782 | 253 |
| **Caixa Galicia** | 591 | 2.987 | 655 |
| **Caixa Pontevedra** | 120 | 614 | 98 |
| **Total** | **1.053** | **5.383** | 1.006 |

Fonte: elabroración propia CES-Galicia a partir de datos facilitados polas Caixas

A evolución do número de oficinas, cadro de persoal e caixeiros automáticos está reflectido no **cadro 4.4.6.4.**. No ano 1999 prodúcese un crecemento do número de oficinas e do persoal nas diferentes caixas galegas, que ascenden a 1.053 (12 máis que no ano anterior) e 5.383 (97 máis), respectivamente.

En canto á evolución dos créditos totais dentro das entidades de depósito, prodúcese en 1999 un aumento dun 14,1% respecto ó ano anterior na demanda de crédito fronte a un crecemento do 13,6% para a economía española. Os **cadros 4.4.6.5.** e **4.4.6.6.** amosan o devandito crecemento, reflectindo que a demanda de crédito nos bancos medra un 16,1% respecto ó ano 1998, e nas caixas de aforro, un 11,4%.

O peso da demanda galega no conxunto da economía española permaneceu constante, pasando a demanda de crédito en Galicia do 4,00% do total de créditos demandados en España no ano 1998, ó 4,02% de 1999.

As provincias de A Coruña e Pontevedra dispuxeron do 81,9% do total dos créditos concedidos, sendo Lugo a que presenta o maior crecemento do crédito a administracións e outros sectores residentes (15%), seguida de Pontevedra co 14,9%.

Sobre a importancia relativa do crédito nas entidades financeiras galegas en 1999, o **cadro 4.4.6.6.** reflicte que o peso relativo do crédito dos bancos e das caixas de aforros en Galicia é superior ó de España, en tanto que a importancia relativa das cooperativas é inferior. A Coruña presenta un peso relativo do crédito superior á media galega no caso dos bancos e inferior no das caixas de aforros. Neste último caso, a importancia relativa nas outras tres provincias é superior á media galega.

O volume total de depósitos na comunidade galega medrou en 1999, sendo ese aumento superior á media estatal, tal e como reflicten os **cadros 4.4.6.7.** e **4.4.6.8.**. Deste xeito, a porcentaxe de participación dos depósitos galegos no total de España viuse incrementada, ó igual que acontecera cos créditos.

Os depósitos galegos significaron en 1999 o 5,2% do volume total español, (5,1% en 1998). No último ano prodúcese un incremento da importancia relativa dos depósitos das caixas de aforros e dos depósitos bancarios.

CADRO 4.4.6.5.

**Crédito a Administracións Públicas e outros sectores residentes 1998-99 (1)**

*(en miles de millóns de pesetas)*

| | 1998 | | | 1999 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Bancos | Caixas de aforros | Cooperativas | Bancos | Caixas de aforros | Cooperativas |
| **A Coruña** | 754 | 531 | -- | 870,4 | 588,5 | 0,5 |
| **Lugo** | 137 | 129 | 9 | 158,6 | 146,1 | 11,3 |
| **Ourense** | 126 | 107 | | 143,3 | 118,5 | 0,5 |
| **Pontevedra** | 538 | 467 | -- | 633,4 | 521,1 | - |
| **Total** | **1.555** | **1.234** | **9** | **1.805,6** | **1.374,2** | **12,3** |
| **Total España** | **37.905** | **28.777** | **3.165** | **42.357,4** | **33.227,5** | **3.745,2** |
| **G/E** *(%)* | **4,10** | **4,29** | **0,28** | **4,26** | **4,14** | **0,33** |

(1) datos a 31 de decembro de cada ano
Fonte: *Banco de España*

CADRO 4.4.6.6.

**Crédito a Administracións Públicas e outros sectores residentes 1999 (1) : valor relativo**

| | Importe | | 1999 | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | 1999 | 99/98 | Bancos | Caixas | Cooperativas |
| | *(en miles de millóns de pesetas)* | *(%)* | | *%/Total* | |
| **A Coruña** | 1.459 | 13,6 | 59,6 | 40,3 | 0,0 |
| **Lugo** | 316 | 15,0 | 50,2 | 46,2 | 3,6 |
| **Ourense** | 262 | 12,6 | 54,6 | 45,1 | 0,2 |
| **Pontevedra** | 1.155 | 14,9 | 54,9 | 45,1 | 0,0 |
| **Total** | **3.192** | **14,1** | **56,6** | **43,1** | **0,4** |
| **Total España** | 79.330 | 13,6 | 53,4 | 41,9 | 4,7 |

(1) datos a 31 de decembro
Fonte: *Banco de España*

A Coruña e Pontevedra concentraron o 70,4% do total dos depósitos existentes en Galicia en 1999, segundo se aprecia no **cadro 4.4.6.8.**. Ourense foi a provincia onde menos creceron, cun 6,4% respecto ó ano anterior, en tanto que en Lugo o crecemento foi do 19%.

Ó igual que no caso dos créditos, o **cadro 4.4.6.8.** amosa que a importancia relativa dos depósitos nos bancos e nas caixas de aforros de Galicia é superior á correspondente a España, pero o peso relativo das cooperativas é claramente inferior.

• ***Outros intermediarios financeiros.-***
O 18 de marzo de 1999 constituíuse **Xesgalicia**, Sociedade Xestora de Entidades de Capital Risco, S.A., que ten como obxecto social exclusivo a administración, representación e xestión de fondos de capital risco e de activos de sociedades de capital risco. Como actividade complementaria pode realizar tarefas de asesoramento ás empresas coas que manteña vinculación como consecuencia do exercicio da súa actividade.

A sociedade comenzou a súa actividade o 1 de xullo cun capital de 199.999 miles de pesetas representado por 120.202 accións, e, a 31 de decembro, a sociedade tiña asignada a administración, representación e xestión de Sodiga Galicia e os fondos Emprende e Adiante 2000.

O investimento total aprobado polo Consello de **Sodiga** no exercicio 1999 ascendeu a 1.448,7 millóns de pesetas, dos que os 1.050,3 millóns correspondentes ós investimentos financeiros aprobados no exercicio están repar-

CADRO 4.4.6.7.

***Depósitos de Administracións Públicas e outros sectores residentes nas entidades de depósito 1998-99*** (1)

*(en miles de millóns de pesetas)*

| | 1998 | | | 1999 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Bancos | Caixas de aforros | Cooperativas | Bancos | Caixas de aforros | Cooperativas |
| **A Coruña** | 745 | 780 | - | 820,0 | 845,4 | 0,3 |
| **Lugo** | 260 | 227 | 20 | 270,4 | 309,5 | 22,3 |
| **Ourense** | 254 | 263 | 0 | 267,4 | 282,2 | 0,5 |
| **Pontevedra** | 444 | 554 | - | 487,8 | 582,4 | - |
| **Total** | **1.703** | **1.824** | **20** | **1.845,6** | **2.019,4** | **23,1** |
| **Total España** | 30.806 | 35.193 | 4.124 | 32.404,2 | 38.208,4 | 4.635,3 |
| **G/E** *(%)* | **5,53** | **5,18** | **0,49** | **5,70** | **5,29** | **0,50** |

(1) datos a 31 de decembro de cada ano
Fonte: *Banco de España*

CADRO 4.4.6.8.

***Depósitos de Administracións Públicas e outros sectores residentes nas entidades de depósito 1999*** (1) ***: valor relativo***

| | Importe | | 1999 | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | 1999 | 99/98 | Bancos | Caixas | Cooperativas |
| | *(en miles de millóns de pesetas)* | *(%)* | | *%/Total* | |
| **A Coruña** | 1.666 | 9,2 | 49,2 | 50,8 | 0,0 |
| **Lugo** | 602 | 19,0 | 44,9 | 51,4 | 3,7 |
| **Ourense** | 550 | 6,4 | 48,6 | 51,3 | 0,1 |
| **Pontevedra** | 1.070 | 7,2 | 45,6 | 54,4 | - |
| **Total** | **3.888** | **9,6** | **47,5** | **51,9** | **0,6** |
| **Total España** | 75.248 | 7,3 | 43,1 | 50,8 | 6,2 |

(1) datos a 31 de decembro
Fonte: *Banco de España*

tidos entre oito empresas, e os 398,4 millóns dos investimentos aprobados con cargo ó acordo Galicia/Norte de Portugal repártense entre cinco empresas **(cadro 4.4.6.10.)**.

Ó longo de 1999 ampliouse o capital social de Sodiga a 6.000 millóns aproximadamente, ampliación á que acudiron tódolos accionistas en proporción ás súas participacións, agás as dúas sociedades de desenvolvemento rexional francesas que posuían un 1% cada unha. Esto fai que a ampliación quedara pechada en 5.982.876.000 pesetas, das que foran desenvolsadas un 40% ó longo de 1999.

O **cadro 4.6.12.** recolle a composición do accionariado da sociedade ó 31 de decembro, onde a Comunidade Autónoma de Galicia, a través do Igape e da Xunta ten o 67,13% (3.996,2 millóns de pesetas) da participación total.

Respecto ó fondo de capital risco **Emprende**, este comenzou a súa actividade o 1 de xullo cunha aportación inicial de 999.999,8 miles de pesetas (6.010.120 euros), dividida en participacións nominativas de 6.010,12 euros cada unha, tendo por obxecto social a promoción mediante a toma de participación temporal no capital de empresas non financeiras onde os seus valores non coticen no primeiro mercado de valores. O fondo tamén pode facilitar préstamos participativos e outras formas de financiamento, neste último caso unicamente a sociedades participadas. As empresas nas que se inviste o fondo serán as promovidas por novos emprendedores, as de nova creación e aquelas que cometan actividades novedosas.

CADRO 4.4.6.9.

***Balance de situación de XesGalicia S.A. a 31-12-1999***

*(en miles de pesetas)*

| Activo | | Pasivo | |
|---|---|---|---|
| **Inmovilizado** | 12.796 | **Fondos propios** | 204.242 |
| Inmovilizacións inmateriales | 484 | Capital suscrito | 199.999 |
| Inmovilizacións materiales | 12.312 | Beneficio do período | 4.243 |
| **Activo circulante** | 205.102 | **Acreedores a corto plazo** | 13.656 |
| Debedores | 47.481 | | |
| Tesorería | 157.431 | | |
| Axustes por periodificación | 190 | | |
| | 217.898 | | 217.898 |

Fonte: *XesGalicia S.A.*

CADRO 4.4.6.10.

***Investimentos financeiros aprobados de SODIGA 1999***

| | *millóns de pesetas* |
|---|---|
| GSB Galfor, S.A. | 150,00 |
| Bioetanol Galicia , S.A. | 287,00 |
| Cooper-Zeltia Veterinaria S.L. | 200,00 |
| Vidriera del Atlántico, S.A. | 240,00 |
| Allarluz, S.A. (ampliación) | 3,00 |
| Balneario de Mondariz S.L. (ampliación) | 40,25 |
| Russula, S.A. | 30,00 |
| Vicente Romero S.A. | 100,05 |
| **Investimentos aprobados en base ó Acordo Galicia/Norte de Portugal** | |
| Comunitel Portugal S.A. | 124,49 |
| Fibroplac | 82,99 |
| Imperio Neumáticos | 82,99 |
| Flexipol Espumas Sintéticas | 82,99 |
| Centrolojas | 24,91 |

Fonte: *XesGalicia S.A.*

No concernente á composición do patrimonio do fondo e as porcentaxes de participación no mesmo, o Igape posúe o 66,7% e o resto repártese entre as caixas de aforros galegas. O **cadro 6.4.15.** reflicte as participacións aprobadas ó longo de 1999. As 6 empresas nas que participa representan un total de 469,7 millóns de pesetas.

Finalmente, o fondo **Adiante 2000**, constituído o 4 de maio de 1999, comezou a súa actividade o 1 de xullo cunha aportación inicial de 6.010.120 euros, dividida en participacións nominativas de 6.010,12 euros cada unha, totalmente suscritas e desembolsadas polo Igape.

O obxecto social é a promoción mediante a toma de participación temporal no capital de empresas non financeiras onde os seus valores non coticen no primeiro mercado de valores. Cunha potencialidade de crecemento importante, as empresas obxecto de participación serán aquelas que se atopan en sectores maduros con necesidade de renovación e que teñan especial interese para Galicia, sendo recuperables as súas dificultades económicas con medidas proporcionais á súa situación. O valor total das participacións aprobadas ascendeu a 755 millóns de pesetas, sendo 5 as empresas nas que intervén o fondo **(cadro 6.4.17.)**.

Polo que atinxe ás **sociedades de garantía recíproca**, este tipo de sociedades de intermediación financeira recibiron en 1999 unha

CADRO 4.4.6.11.

**Balance de situación de SODIGA. 1998-99**

*(en miles de pesetas)*

| Activo | 1998 | 1999 |
|---|---|---|
| **Inmovilizado** | | |
| Inmovilizacións inmateriales | 1.078 | - |
| Inmovilizacións materiales | 197.783 | 126.458 |
| Inmovilizacións financeiras | 4.394.977 | 4.382.938 |
| Debedores a longo prazo | 28.623 | 52.323 |
| Total inmovilizado | 4.622.461 | 4.561.719 |
| **Activo circulante** | | |
| Accionistas por desemb. Esixido | - | 1.385.455 |
| Debedores | 371.383 | 852.913 |
| Investimentos financeiros temp. | 164.097 | 163.080 |
| Tesorería | 490.581 | 1.069.632 |
| Axustes por periodificación | 10.432 | 5.825 |
| Total activo circulante | 1.036.493 | 3.476.905 |
| **Total activo** | 5.658.954 | 8.038.624 |

| Pasivo | 1998 | 1999 |
|---|---|---|
| **Fondos propios** | | |
| Capital suscrito | 3.643.784 | 5.952.876 |
| Reservas | 583.525 | 556.640 |
| Beneficio (pérda) do exercicio | 16.431 | (163.066) |
| Total | 4.243.740 | 6.346.450 |
| Ingresos a distribuir en varios exercicios | 1.337.371 | 1.598.511 |
| **Acreedores a longo prazo** | | |
| Fianzas e depósitos recibidos | 7.600 | 11.200 |
| **Acreedores a curto prazo** | | |
| Acreedores comerciais | 3.048 | 33.311 |
| Outras débedas non comerciais | 67.195 | 49.152 |
| Total acreedores a curto prazo | 70.243 | 82.463 |
| **Total pasivo** | 5.658.954 | 8.038.624 |

Fonte: *XesGalicia S.A.*

CADRO 4.4.6.12.

**Composición do accionariado de SODIGA a 31-12-1999**

| | % de participación | miles de pesetas |
|---|---|---|
| **Comunidade Autónoma** | | |
| Igape | 46,55 | 2.771.305 |
| Xunta de Galicia | 20,58 | 1.224.847 |
| **Caixa de Aforros de Vigo e Ourense** | 12,13 | 722.264 |
| **Caixa Galicia** | 9,43 | 561.545 |
| **Banco Pastor** | 4,33 | 257.986 |
| **BBVA** | 3,79 | 224.862 |
| **Caixa Pontevedra** | 1,97 | 117.191 |
| **Societé de Developpment Regional de Bretagne** | 0,61 | 36.438 |
| **Societé de Developpment Regional de L'Ouest** | 0,61 | 36.438 |

Fonte: *XesGalicia S.A.*

CADRO 4.4.6.13.

**Balance de situación do fondo de capital risco Emprende a 31-12-1999**

*(en miles de pesetas)*

| Activo | | Pasivo | |
|---|---|---|---|
| **Inmovilizado** | | **Fondos propios** | |
| Inmovilizacións financeiras | 245.378 | Partícipes | 999.999 |
| | | Beneficios do período | 98 |
| **Total inmovilizado** | 245.378 | **Total fondos propios** | 1.000.097 |
| **Activo circulante** | | **Acreedores a curto prazo** | 5.000 |
| Debedores | 3.351 | | |
| Tesorería | 756.368 | | |
| **Total activo circulante** | 759.719 | | |
| **Total activo** | 1.005.097 | **Total pasivo** | 1.005.097 |

Fonte: *XesGalicia S.A.*

CADRO 4.4.6.14.

**Composición do patrimonio do fondo de capital risco Emprende a 31-12-1999**

| | % |
|---|---|
| **IGAPE** | 66,7 |
| **Caixa Galicia** | 20,4 |
| **Caixa Vigo e Ourense** | 10,7 |
| **Caixa Pontevedra** | 2,2 |

Fonte: *XesGalicia S.A.*

CADRO 4.4.6.15.

**Participacións aprobadas do fondo de capital risco Emprende. Exercicio 1999**

| | *millóns de pesetas* |
|---|---|
| **Astine S.A.** | 145,38 |
| **Bren Entertainment S.A.** | 100,00 |
| **Dynamic Soft S.A.** | 31,82 |
| **Balneario de Guitiriz S.A.** | 150,00 |
| **Lentigal España S.A.** | 27,00 |
| **Norcontrol Solex Robotics S.A.** | 15,50 |

Fonte: *XesGalicia S.A.*

CADRO 4.4.6.16.

## *Balance de situación do fondo de capital risco Adiante 2000 a 31-12-1999*

*(en miles de pesetas)*

| Activo | | Pasivo | |
|---|---|---|---|
| **Inmovilizado** | | **Fondos propios** | |
| Inmovilizacións financeiras | 75.000 | Partícipes | 999.999 |
| | | Beneficios do período | 16 |
| **Total inmovilizado** | 75.000 | **Total fondos propios** | 1.000.015 |
| **Activo circulante** | | **Acreedores a curto prazo** | 5.000 |
| Debedores | 2.649 | | |
| Tesorería | 927.366 | | |
| **Total activo circulante** | 930.015 | | |
| **Total activo** | 1.005.015 | **Total pasivo** | 1.005.015 |

Fonte: *XesGalicia S.A.*

CADRO 4.4.6.17.

## *Participacións aprobadas do fondo de capital risco Adiante 2000 en 1999*

| | *millóns de pesetas* |
|---|---|
| Envases metálicos de Vigo S.A. | 30 |
| IPVE S.A. | 75 |
| Bernardo Alfageme S.A. | 250 |
| Escurís S.A. | 250 |
| La Región S.A. | 150 |

Fonte: *XesGalicia S.A.*

CADRO 4.4.6.18.

## *Resultados das sociedades de garantía recíproca 1998-99 e acumulados ata 1999*

| | SOGARPO | | AFIGAL | | Total | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | número | coantía (1) | número | coantía | número | coantía |
| ***1998*** | | | | | | |
| Avais solicitados | 418 | 4.391.801 | 505 | 5.769.469 | 923 | 10.161.270 |
| Avais concedidos | 375 | 3.846.217 | 490 | 5.453.886 | 865 | 9.300.103 |
| Avais formalizados | 1.225 | 3.767.787 | 3.257 | 6.115.859 | 4.482 | 9.883.646 |
| ***1999*** | | | | | | |
| Avais solicitados | | 4.690.842 | 425 | 5.026.539 | – | 9.717.381 |
| Avais concedidos | | 3.985.432 | 388 | 4.394.527 | – | 8.379.959 |
| Avais formalizados | | 4.220.022 | 2.810 | 4.941.038 | – | 9.161.060 |
| ***Acumulados ata 1999*** | | | | | | |
| Avais solicitados | | 34.261.055 | 3.266 | 36.374.696 | – | 70.635.751 |
| Avais concedidos | | 24.952.674 | 2.797 | 30.947.187 | – | 55.899.861 |
| Avais formalizados | | 21.936.383 | 11.930 | 28.008.023 | – | 49.944.406 |

(1) as coantías dos avais están en miles de pesetas

Fonte: elaboración propia *CES-Galicia* a partir de datos facilitados polas SGR

CADRO 4.4.6.19.

***Risco vivo das sociedades de garantía recíproca 1998-99: distribución segundo sectores***

**1998**

| | SOGARPO | | AFIGAL | | Total | | Total SGR españolas | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | avais vixentes | coantía (1) | avais vixentes | coantía | avais vixentes | coantía | avais vixentes | coantía |
| **sector primario** | 36 | 288.346 | 51 | 418.422 | 87 | 706.768 | 817 | 5.801.189 |
| **sector industrial** | 183 | 1.971.829 | 246 | 1.788.288 | 429 | 3.760.117 | 8.111 | 87.840.323 |
| **construcción** | 549 | 1.146.738 | 1.666 | 2.187.174 | 2.215 | 3.333.912 | 15.071 | 36.093.893 |
| **sector servicios** | 455 | 2.279.375 | 646 | 3.594.483 | 1.101 | 5.873.858 | 13.036 | 70.310.153 |
| **comercio** | 305 | 1.537.064 | 418 | 2.567.648 | 723 | 4.104.712 | 5.669 | 38.598.965 |
| **Total** | **1.528** | **7.223.352** | **3.027** | **10.556.015** | **4.555** | **17.779.367** | 42.704 | 238.644.523 |

**1999**

| | SOGARPO | | AFIGAL | | Total | | Total SGR españolas | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | avais vixentes | coantía (1) | avais vixentes | coantía | avais vixentes | coantía | avais vixentes | coantía |
| **sector primario** | | 250.684 | 68 | 598.824 | | 849.508 | | |
| **sector industrial** | | 2.551.507 | 255 | 1.825.212 | | 4.376.719 | | |
| **construcción** | | 1.528.522 | 1.914 | 2.370.019 | | 3.898.541 | | |
| **sector servicios** | | 2.690.288 | 710 | 3.910.881 | | 6.601.169 | | |
| **comercio** | | 2.143.729 | 527 | 2.795.014 | | 4.938.743 | | |
| **Total** | | **9.164.730** | **3.474** | **11.499.950** | **-** | **20.664.680** | | |

(1) as coantías dos avais están en miles de pesetas

Fonte: *CESGAR*

CADRO 4.4.6.20.

***Empresas galegas en bolsa 1998-99***

| | 1998 | | 1999 | |
|---|---|---|---|---|
| | Prezo da acción (1) | Capitalización | Prezo da acción (1) | Capitalización |
| | *(en pesetas)* | *(en millóns de pesetas)* | *(en pesetas)* | *(en millóns de pesetas)* |
| **Adolfo Domínguez** | 2.859 | 24.425 | 1.631 | 13.926 |
| **Banco de Galicia** | 2.749 | 83.680 | 2.662 | 81.007 |
| **Banco Pastor** | 8.900 | 161.736 | 6.739 | 122.458 |
| **Coto Cortés** | 2.699 | 9.652 | 1.647 | 5.889 |
| **Pescanova** | 2.060 | 16.555 | 1.644 | 13.151 |
| **Tafisa** | 1.995 | 45.507 | 2.080 | 64.310 |
| **Transportes Azkar** | -- | -- | 1.606 | 52.022 |
| **Unión Fenosa** | 2.454 | 747.985 | 2.885 | 879.040 |
| **Zeltia** (2) | 5.600 | -- | 2.912 | -- |
| **Total** | | 1.089.540 | | 1.231.803 |

(1) derradeiro prezo do período

(2) datos facilitados pola propia empresa

Fonte: *Bolsa de Madrid*

petición de avais por un importe de 9.717,4 millóns de pesetas, tal e como reflicte o **cadro 4.4.6.18.** Desas peticións, concedéronse avais por unha cuantía de 8.380 millóns, o que significou un 86,2% da cuantía solicitada. En conxunto, ata 1999 a contía total solicitada ascendeu a 70.635,6 millóns de pesetas, dos que se concederon 55.899,9 millóns.

Os datos recollidos no **cadro 4.4.6.19.** reflicten que o sector servicios presenta o maior risco vivo nas sociedades de garantía recíproca, con 6.601,2 millóns de pesetas (o 31,9% do total galego), seguido do comercio, con 4.938,8 millóns (o 23,9%), mentres que o menor risco vivo corresponde ó sector primario (849,5 millóns de pesetas).

CADRO 4.4.7.1.

**_Educación 1997-98: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB_**

*(en millóns de pesetas)*

| Núcleos | 1997 | 1998 | 98/97 |
|---|---|---|---|
| **Vigo** | 1.329,70 | 1.275,29 | -4,09 |
| **A Coruña** | 561,43 | 640,51 | 14,09 |
| **Santiago** | 480,42 | 517,42 | 7,70 |
| **Ourense** | 343,00 | 366,06 | 6,72 |
| **Lugo** | 263,24 | 268,61 | 2,04 |
| **Ferrol** | 227,90 | 233,20 | 2,33 |
| **Poio** | 160,84 | 181,05 | 12,57 |
| **Ribeira** | 165,28 | 179,35 | 8,51 |

Fonte: *Ardán*

**• *Mercados financeiros.-***

Os mercados financeiros poden ser definidos como aqueles lugares, físicos ou non, onde se realizan as transaccións de instrumentos financeiros. O **cadro 4.4.6.20.** reflicte as 9 empresas galegas que en 1999 cotizaban en Bolsa, trala saída ó parqué de Transportes Azkar.

Como se pode apreciar, o valor de capitalización das empresas galegas que cotizan en Bolsa (sen contar con Zeltia) ascendeu a 1.231,8 miles de millóns de pesetas, un 13,1% superior ó experimentado o ano anterior. As empresas Unión Fenosa e o Banco Pastor seguen sendo as empresas con maior capitalización e representan o 81,3% do valor total en 1999, cando en 1998 esa porcentaxe era do 83,5%.

## 4.4.7.- Servicios da educación e da sanidade

Este último apartado recolle a análise da educación e a sanidade desde o punto de vista de sectores productivos, estudiando os indicadores empresariais facilitados por Ardán.

**• *Educación.-***

No que ó subsector da educación se refire, o **cadro 4.0.3.** *(Poboación ocupada 1998-99: distribución por ramas de actividade)* reflicte a evolución do emprego no subsector da educación (pública e privada) en Galicia. Como se pode apreciar, o número de ocupados neste subsector foi de 47,7 miles de persoas en 1999, fronte ós 50,2 miles de empregados no ano anterior. Comparado coa situación no total español, o peso relativo dos empregados no sistema educativo galego no total estatal descende en 1999 respecto a 1998, pasando de representar un 6,4% a un 5,9%.

En termos relativos, en 1999 descende a importancia da poboación ocupada galega na educación (pública e privada), que pasa dun 5,5% en 1998 ó 5,1% de 1999. En España tamén se produce este descenso, pasando as porcentaxes do 6% de 1998 ó 5,8% de 1999.

**• *Indicadores empresariais.-***

Seguindo a metodoloxía de Ardán, o conxunto de actividades da educación, **cadro 4.4.3.5.** (*Evolución da actividade no sector das comunicacións 1997-98: ingresos, custos e resultados*), estaba formada por un total de 67 empresas que xeran un VEB total de 4.686,2 millóns de pesetas e uns ingresos de explotación de 7.062,1 millóns. O seu emprego medio ascendeu en 1998 a 23 traballadores por empresa.

O principal **núcleo de localización** atendendo ó valor engadido bruto a custo de factores xerado polas empresas é Vigo, que acada o

CADRO 4.4.7.2.

***Evolución da actividade na educación 1997-98: ingresos, custos e resultados***

| | 1997 | | 1998 | | 98/97 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de pesetas)* | *(%)* | *(en millóns de pesetas)* | *(%)* | |
| **Ingresos de explotación** | 6.852,21 | 100,00 | 7.062,14 | 100,00 | 3,06 |
| **Consumo e outros gastos de explotación** | 2.308,81 | 33,69 | 2.375,94 | 33,64 | 2,91 |
| **Valor engadido bruto a custo dos factores** | 4.543,40 | 66,31 | 4.686,20 | 66,36 | 3,14 |
| **Gastos de persoal** | 4.020,09 | 58,67 | 4.280,86 | 60,62 | 6,49 |
| **Resultado económico bruto da explotación** | 523,31 | 7,64 | 405,35 | 5,74 | -22,54 |
| **Amortizacións** | 264,08 | 3,85 | 284,70 | 4,03 | 7,81 |
| **Resultado económico neto da explotación** | 259,22 | 3,78 | 120,64 | 1,71 | -53,46 |
| **Resultado financeiro** | - 139,85 | -2,04 | - 123,96 | -1,76 | -11,36 |
| **Ingresos financeiros** | 19,03 | 0,28 | 12,96 | 0,18 | -31,92 |
| **Gastos financeiros** | 158,88 | 2,32 | 136,92 | 1,94 | -13,82 |
| **Resultado de actividades ordinarias** | 119,38 | 1,74 | - 3,32 | -0,05 | -102,78 |
| **Resultado de actividades extraordinarias** | 111,79 | 1,63 | 133,77 | 1,89 | 19,66 |
| **Resultado antes de impostos** | 231,16 | 3,37 | 130,45 | 1,85 | -43,57 |
| **Impostos** | 66,07 | 0,96 | 38,03 | 0,54 | -42,44 |
| **Resultado neto do exercicio** | 165,10 | 2,41 | 92,42 | 1,31 | -44,02 |
| **Cash-flow** | 429,18 | 6,26 | 377,12 | 5,34 | -12,13 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 4.4.7.3.

***Evolución do investimento e do financiamento na educación 1997-98***

| | 1997 | | 1998 | | 98/97 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de pesetas)* | *(%)* | *(en millóns de pesetas)* | *(%)* | |
| **Activo total** | 4.799,41 | 100,00 | 5.191,70 | 100,00 | 8,17 |
| **Activo fixo (neto)** | 3.571,87 | 74,42 | 3.858,28 | 74,32 | 8,02 |
| **Gastos amortizables** | 37,71 | 0,79 | 36,40 | 0,70 | -3,47 |
| **Inmobilizado inmaterial** | 128,87 | 2,69 | 146,74 | 2,83 | 13,87 |
| **Inmobilizado material** | 3.273,55 | 68,21 | 3.504,43 | 67,50 | 7,05 |
| **Outro inmobilizado** | 115,50 | 2,41 | 154,96 | 2,98 | 34,17 |
| **Outro activo fixo** | 16,24 | 0,34 | 15,74 | 0,30 | -3,08 |
| **Circulante neto** | 1.227,54 | 25,58 | 1.333,43 | 25,68 | 8,63 |
| **Existencias** | 25,63 | 0,53 | 45,26 | 0,87 | 76,61 |
| **Debedores** | 705,52 | 14,70 | 811,67 | 15,63 | 15,05 |
| **Tesourería** | 373,32 | 7,78 | 347,65 | 6,70 | -6,88 |
| **Outro activo circulante** | 123,08 | 2,56 | 128,85 | 2,48 | 4,69 |
| **Fontes de financiamento** | 4.799,41 | 100,00 | 5.191,70 | 100,00 | 8,17 |
| **Financiamento permanente** | 2.947,07 | 61,40 | 3.203,28 | 61,70 | 8,69 |
| **Fondos propios** | 1.661,46 | 34,62 | 1.764,77 | 33,99 | 6,22 |
| **Recursos alleos l/p** | 1.213,65 | 25,29 | 1.246,59 | 24,01 | 2,71 |
| **Ingresos distribuidos en varios exercicios** | 71,96 | 1,50 | 191,92 | 3,70 | 166,71 |
| **Acreedores a curto plazo** | 1.852,34 | 38,60 | 1.988,42 | 38,30 | 7,35 |
| **Fondo de rotación** | - 624,80 | -13,02 | - 654,99 | -12,62 | -4,83 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 4.4.7.4.

***Educación 1997-98: estudio económico-financeiro***

***Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación***

| | Crecemento dos ingresos | | V.E.B.c.f. / ingresos | | Gastos persoal / ingresos | | Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos | | Carga financeira / ingresos | | Cash-flow / ingresos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| **1997** | 7,50% | 10,26% | 67,79% | 24,26% | 57,30% | 16,54% | 3,56% | 3,18% | 0,91% | 1,12% | 5,15% | 3,06% |
| **1998** | 4,51% | 11,41% | 70,14% | 23,65% | 60,26% | 15,89% | 3,63% | 3,34% | 0,71% | 0,96% | 5,44% | 3,24% |

***Rendibilidade e magnitudes asociadas***

| | Rendibilidade económica | | Marxe | | Rotación de activos | | Rendibilidade financeira antes de impostos | | Coste neto da débeda | | Coeficente de endebedamento | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| **1997** | 6,47% | 6,62% | 3,52% | 3,46% | 1,69 | 1,84 | 10,76% | 14,92% | 3,60% | 3,09% | 1,60 | 2,54 |
| **1998** | 5,78% | 6,80% | 3,91% | 3,55% | 1,75 | 1,89 | 9,10% | 16,90% | 2,68% | 2,74% | 1,79 | 2,46 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 4.4.7.5.

*Evolución do investimento e do financiamento no sector dos servicios relacionados coa saúde 1997-98*

| | 1997 | | 1998 | | 98/97 |
|---|---|---|---|---|---|
| | (en millóns de pesetas) | (%) | (en millóns de pesetas) | (%) | |
| **Activo total** | 22.588,25 | 100,00 | 26.505,56 | 100,00 | 17,3 |
| **Activo fixo (neto)** | 14.439,30 | 63,92 | 16.042,57 | 60,53 | 11,1 |
| Gastos amortizables | 398,30 | 1,76 | 222,56 | 0,84 | -44,1 |
| Inmobilizado inmaterial | 2.936,33 | 13,00 | 3.728,90 | 14,07 | 27,0 |
| Inmobilizado material | 10.543,28 | 46,68 | 11.736,09 | 44,28 | 11,3 |
| Outro inmobilizado | 557,39 | 2,47 | 351,03 | 1,32 | -37,0 |
| Outro activo fixo | 4,00 | 0,02 | 4,00 | 0,02 | - |
| **Circulante neto** | 8.148,95 | 36,08 | 10.462,99 | 39,47 | 28,4 |
| Existencias | 520,07 | 2,30 | 585,65 | 2,21 | 12,6 |
| Debedores | 5.584,38 | 24,72 | 6.750,39 | 25,47 | 20,9 |
| Tesourería | 1.782,37 | 7,89 | 2.304,02 | 8,69 | 29,3 |
| Outro activo circulante | 262,13 | 1,16 | 822,94 | 3,10 | 213,9 |
| **Fontes de financiamento** | 22.588,25 | 100,00 | 26.505,56 | 100,00 | 17,3 |
| **Financiamento permanente** | 15.005,35 | 66,43 | 17.970,43 | 67,80 | 19,8 |
| Fondos propios | 9.093,29 | 40,26 | 9.832,95 | 37,10 | 8,1 |
| Recursos alleos l/p | 5.461,59 | 24,18 | 6.055,15 | 22,84 | 10,9 |
| Ingresos distribuidos en varios exercicios | 450,47 | 1,99 | 2.082,33 | 7,86 | 362,3 |
| **Acreedores a curto plazo** | 7.582,90 | 33,57 | 8.535,14 | 32,20 | 12,6 |
| **Fondo de rotación** | 566,06 | 2,51 | 1.927,86 | 7,27 | 240,6 |

Fonte: *Ardán*

27,2% do VEB xerado no subsector (1.275,3 millóns de pesetas). Séguenlle A Coruña e Santiago, co 13,7% (640,5 millóns) e 11,0% (517,4 millóns), respectivamente. Nestas cidades xerouse un total de 2.433,2 millóns de pesetas en 1998, un 2,6% máis que o ano anterior, o que representa o 51,9% do total do subsector (**cadro 4.4.7.1.**).

No concernente á **evolución da actividade**: ingresos, custos e resultados, o **cadro 4.4.7.2.** amosa un descenso importante do resultado de actividades ordinaras (un 102,8% menos que en 1997) así como un descenso dos seu beneficios do 44% respecto ó ano anterior. Pola contra, os ingresos de explotación e o VEB experimentan un lixeiro aumento (en torno ó 3%). O peso relativo do VEB representa o 66,4% en 1998 fronte ó 66,3% do ano anterior.

En relación ó investimento e ó financiamento, **cadro 4.4.7.3.**, en termos relativos, o financiamento permanente non cubre a totalidade do activo fixo neto (cubre o 83% do activo fixo), acadando un fondo de rotación un valor negativo de 655 millóns de pesetas, un 4,8% superior ó existente o ano anterior. Os acreedores a curto prazo financia polo tanto un 17% do activo fixo neto e o total do circulante. No concernente ás fontes de financiamento, o 61,7% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medran un 6,2% respecto ó ano anterior, supoñen o 34% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo creceron un 2,7%, cun peso relativo do 24% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 5.191,7 millóns de pesetas, un 8,2%

superior ó valor de 1997, dos que 3.858,3 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 8% superior ó existente o ano anterior). Os 1.333,4 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 8,6% en relación a 1997.

Finalmente, no que ó estudio económico e financeiro se refire, os indicadores de nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación, **cadro 4.4.7.4.**, amosan unha caída do crecemento dos ingresos e da carga financeira, e o aumento do peso relativo dos gastos de persoal. O devandito cadro reflicte a reducción das rendibilidades económica e financeira antes de impostos.

**• *Sanidade.-***

O devandito **cadro 4.0.3.** *(Poboación ocupada 1998-99: distribución por ramas de actividade)* amosa que a poboación ocupada no sector sanitario (público e privado) aumenta en 1999 para situarse nos 42,9 miles de persoas (un 4,6% da poboación ocupada galega), fronte ós 40,9 miles de persoas do ano anterior (un 4,5%). En relación á poboación ocupada a nivel estatal neste subsector, a poboación ocupada galega representa o 4,6% en 1999, fronte ó 5,7% do ano anterior.

**• *Indicadores empresariais.-***

Segundo o criterio de selección empregado por Ardán, a análise da actividade dos servicios privados relacionados coa saúde –hospitais e residencias e outros servicios–, presentada no **cadro 4.4.7.6.**, céntrase nun total de 82 empresas, que supuñan o 0,7% do total de empresas analizadas, cun emprego medio de 47 traballadores por empresa. Comparado co total de empresas galegas seleccionadas, o VEB xerado polas empresas deste subsector de servicios (16.389,7 millóns de pesetas) representa o 1,5% do VEB total, en tanto que o peso relativo dos ingresos de explotación é do 0,6% (30.372 millóns) no ano 98.

Vigo, seguida de A Coruña e Santiago, son os tres principais **núcleos de localización** atendendo ó valor engadido bruto a custo de factores xerado polas empresas. Nestas cidades xeráronse un total de 13.138,6 millóns de pesetas en 1998, un 12,4% máis que o ano anterior, o que representa o 80,2% do total do subsector **(cadro 4.4.7.7.)**.

No concernente á **evolución da actividade**: ingresos, custos e resultados, o **cadro 4.4.7.8.** amosa o crecemento do VEB en termos absolutos (16,4% respecto ó ano anterior), descendendo en termos relativos ó representar o 53,96% en 1998 fronte ó 54,31% do ano anterior. En 1998 prodúcese un incremento do resultado de actividades ordinarias (un 42,9% respecto ó ano anterior) e dos beneficios empresariais (un 124,1%).

En relación ó **investimento** e ó **financiamento**, **cadro 4.4.7.5.**, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 18,4% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 1.927,9 millóns de pesetas, un 240,6% superior ó existente o ano anterior. O 81,6% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 67,8% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medran un 8,1% respecto ó ano anterior, supoñen o 37,1% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo cerceron un 10,9%, cun peso relativo do 22,8% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 26.505,6 millóns de pesetas, un 17,3% superior ó valor de 1997, dos que 16.042,6 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 11,1% superior ó existente o ano anterior). Os 10.463 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 28,4% en relación a 1997.

CADRO 4.4.7.6.

***Servicios relacionados coa saúde 1998: actividades que comprende o grupo***

*(en millóns de pesetas)*

| | Empresas | Ingresos de explotación | V.E.B. c.f. | Cash-flow | Activo total | Emprego medio |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Hospitais e residencias** | 27 | 20.808,53 | 11.298,87 | 1.676,27 | 19.584,66 | 101 |
| **Outros servicios sanitarios** | 55 | 9.563,48 | 5.090,88 | 1.430,70 | 6.920,91 | 20 |
| **Total** | **82** | **30.372,00** | **16.389,74** | **3.106,97** | **26.505,56** | **47** |
| **Peso do grupo no conxunto de empresas galegas** | **0,74%** | **0,55%** | **1,52%** | **1,06%** | **0,66%** | |

Fonte: *Ardán*

CADRO 4.4.7.7.

***Sector dos servicios relacionados coa saúde 1997-98: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB***

*(en millóns de pesetas)*

| Núcleos | 1997 | 1998 | 98/97 |
|---|---|---|---|
| **Vigo** | 6.935,19 | 7.814,45 | 12,7 |
| **A Coruña** | 2.708,35 | 2.833,15 | 4,6 |
| **Santiago** | 2.041,25 | 2.490,95 | 22,0 |
| **Pontevedra** | 686,47 | 859,74 | 25,2 |
| **Lugo** | 560,12 | 681,72 | 21,7 |
| **Ourense** | 512,02 | 543,17 | 6,1 |
| **Cee** | 2,48 | 240,61 | - |
| **Ferrol** | 195,54 | 214,43 | 9,7 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 4.4.7.8.

***Evolución da actividade no sector dos servicios relacionados coa saúde 1997-98: ingresos, custos e resultados***

| | 1997 | | 1998 | | 98/97 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de pesetas)* | *(%)* | *(en millóns de pesetas)* | *(%)* | |
| **Ingresos de explotación** | 25.935,38 | 100,00 | 30.372,00 | 100,00 | 17,1 |
| **Consumo e outros gastos de explotación** | 11.849,64 | 45,69 | 13.982,26 | 46,04 | 18,0 |
| **Valor engadido bruto a custo dos factores** | 14.085,74 | 54,31 | 16.389,74 | 53,96 | 16,4 |
| **Gastos de persoal** | 10.777,26 | 41,55 | 12.484,74 | 41,11 | 15,8 |
| **Resultado económico bruto da explotación** | 3.308,48 | 12,76 | 3.905,01 | 12,86 | 18,0 |
| **Amortizacións** | 1.562,46 | 6,02 | 1.782,08 | 5,87 | 14,1 |
| **Resultado económico neto da explotación** | 1.746,02 | 6,73 | 2.122,93 | 6,99 | 21,6 |
| **Resultado financeiro** | - 593,40 | -2,29 | - 476,27 | -1,57 | 19,7 |
| Ingresos financeiros | 84,54 | 0,33 | 107,37 | 0,35 | 27,0 |
| Gastos financeiros | 677,94 | 2,61 | 583,64 | 1,92 | -13,9 |
| **Resultado de actividades ordinarias** | 1.152,63 | 4,44 | 1.646,66 | 5,42 | 42,9 |
| **Resultado de actividades extraordinarias** | - 236,34 | -0,91 | 19,98 | 0,07 | - |
| **Resultado antes de impostos** | 916,29 | 3,53 | 1.666,64 | 5,49 | 81,9 |
| **Impostos** | 325,15 | 1,25 | 341,76 | 1,13 | 5,1 |
| **Resultado neto do exercicio** | 591,13 | 2,28 | 1.324,89 | 4,36 | 124,1 |
| **Cash-flow** | 2.153,59 | 8,30 | 3.106,97 | 10,23 | 44,3 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 4.4.7.9.

### *Servicios relacionados coa saúde 1997-98: estudio económico-financeiro*

#### *Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación*

| | Crecemento dos ingresos | | V.E.B.c.f. / ingresos | | Gastos persoal / ingresos | | Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos | | Carga financeira / ingresos | | Cash-flow / ingresos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| **1998** | 11,35% | 11,41% | 53,23% | 23,65% | 34,46% | 15,89% | 7,63% | 3,34% | 0,74% | 0,96% | 9,99% | 3,24% |
| **1997** | 6,79% | 10,26% | 50,77% | 24,26% | 33,02% | 16,54% | 8,53% | 3,18% | 0,88% | 1,12% | 10,73% | 3,06% |

#### *Rendibilidade e magnitudes asociadas*

| | Rendibilidade económica | | Marxe | | Rotación de activos | | Rendibilidade financeira antes de impostos | | Coste neto da débeda | | Coeficente de endebedamento | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| **1998** | 11,57% | 6,80% | 7,59% | 3,55% | 1,44 | 1,89 | 23,67% | 16,90% | 2,84% | 2,74% | 1,14 | 2,46 |
| **1997** | 12,41% | 6,62% | 8,73% | 3,46% | 1,47 | 1,84 | 24,20% | 14,92% | 2,88% | 3,09% | 0,89 | 2,54 |

Fonte: *Ardán*

Finalmente, no que ó **estudio económico e financeiro** se refire, os indicadores de nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación, **cadro 4.4.7.9.**, amosan unha aceleración no crecemento dos ingresos, o leve aumento do peso relativo dos gastos de persoal, ou a reducción da carga financeira. O devandito cadro reflicte a reducción das rendibilidades económica e financeira antes de impostos. A primeira, por mor do comportamento da marxe e da rotación de activos, e a segunda debido ó empeoramento da rendibilidade económica que compensa o efecto da reducción do custo da débeda.■